


DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 68

Sesión plenaria
24 de abril de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso (doc. núm. 26808, 10/PPLC-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso, do G. P. de En Marea, de modificación do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (doc. núm. 27973, 10/PPLC-000010)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279, do 20.03.2018

Punto 2. Comparecencias

2.1 29477 (10/CPP-000055)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre as directrices enerxéticas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

2.2 29445 (10/CPP-000054)

Da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do futuro da Política Agraria Común (PAC) en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

Punto 3. Mocións

3.1 29390 (10/MOC-000082)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación de atención sanitaria no Sergas na área de xestión sanitaria da Coruña. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28365, publicada no BOPG nº 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

3.2 29398 (10/MOC-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27661, publicada no BOPG nº 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

3.3 29421 (10/MOC-000084)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28372, publicada no BOPG nº 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 22812 (10/PNP-001678)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.2 24309 (10/PNP-001759)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

4.3 26168 (10/PNP-001846)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

4.4 27429 (10/PNP-001959)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

4.5 28139 (10/PNP-002021)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.6 28162 (10/PNP-002023)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luís**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidese ter dado unha situación de discriminación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.7 28519 (10/PNP-002062)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 04.04.2018

4.8 28925 (10/PNP-002096)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 27754 (10/INT-000896)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

5.2 28232 (10/INT-000910)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

5.3 28849 (10/INT-000933)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do abandono escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 29467 (10/POPX-000085)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o cambio da política forestal e rural do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

6.2 29468 (10/POPX-000086)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación das políticas da Xunta de Galicia en relación cos estudos universitarios de posgrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

6.3 29469 (10/POPX-000087)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o nivel de utilización da totalidade dos recursos dispoñibles para solucionar o problema do desemprego que padece Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 22806 (10/POP-002753)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre o balance do Goberno galego respecto dos resultados do fomento da xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.2 27713 (10/POP-003279)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia desde o 8 de marzo de 2018 para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

7.3 28667 (10/POP-003373)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir no futuro a seguridade das persoas que visiten a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

7.4 27837 (10/POP-003288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia posta en marcha o 8 de agosto de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

7.5 27099 (10/POP-003222)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún informe en relación coas consecuencias da implantación de grandes superficies comerciais para o comercio local, o emprego e os pequenos propietarios de locais comerciais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

7.6 29466 (10/PUP-000158)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do posible nomeamento da actual subdirectora xeral de Farmacia como alto cargo do Ministerio de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

7.7 26308 (10/POP-003133)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.8 27591 (10/POP-003270)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e dez deputados/as máis**

Sobre os avances e novidades producidas nos últimos meses no proxecto para a construción do Gran Hospital de Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.9 28493 (10/POP-003352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as causas da expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 04.04.2018

7.10 28662 (10/POP-003372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros *Pesca I* e *Pesca II* das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias xustificadas da deputada dona Magdalena Barahona Martín e o deputado don Carlos López Crespo. (Páx. 11.)

Debate da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 16.), Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 19.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 23.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 26.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, do G. P. de En Marea, de modificación do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 32.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 35.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 37.)

Rolda de réplica: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 41.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso: rexeitada por 31 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 45.)

Votación da Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, do G. P. de En Marea, de modificación do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social: rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 45.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre as directrices enerxéticas de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 46.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 50.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 53.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 56.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 59.)
Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 62.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 67.) *Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 67.), *o señor Losada Álvarez (S)* (Páx. 69.), *o señor Casal Vidal (EM)* (Páx. 71.), *a señora Nóvoa Iglesias (P)* (Páx. 73.) e *o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)* (Páx. 75.).

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do futuro da política agraria común (PAC) en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 77.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 83.), *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 86.), *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 87.) e *Sr. González Vázquez (P)* (Páx. 92.)
Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 96.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 102.) *Nesta rolda interveñen o señor Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 102), *o señor Quiroga Díaz (S)* (Páx. 104.), *o señor Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 105.), *o señor González Vázquez (P)* (Páx. 107.) e *a señora conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)* (Páx. 109.).

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación de atención sanitaria no Sergas na área de xestión sanitaria da Coruña. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 112.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 116.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 117.) e *Sr. Núñez Centeno (P)* (Páx. 119.).

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 121.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx.126.) e Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 129.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 132.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 139.), Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 141.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 142.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación de atención sanitaria no Sergas na área de xestión sanitaria da Coruña: *rexeitado por 29 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 144.)*

Votación do punto 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións: *rexeitado por 22 votos a favor, 36 en contra e 6 abstencións. (Páx. 144.)*

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 3, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións: *rexeitada por 29 a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 145.)*

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas: *rexeitada por 28 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención. (Páx. 145.)*

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e dous minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 19 de abril, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia a deputada dona Magdalena Barahona Martín e o deputado don Carlos López Crespo.

Agora procedería, con carácter previo —dado que estamos iniciando unha sesión—, o cumprimento do disposto no artigo 7.3 do Regulamento. Pero non atopándose presente o novo deputado, o señor Hermida, queda pendente para unha ulterior sesión.

Polo tanto, comezamos co desenvolvemento da orde do día; en concreto, co punto de textos lexislativos.

Debate da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Permítanme que inicie a miña defensa, a defensa en nome do BNG, desta iniciativa cunha pregunta, unha pregunta que se fan moitos galegos e galegas —sobre todo cada mes que teñen que pagar o recibo da luz—: ¿como é posíbel que, producindo Galiza electricidade a esgalla, non teñamos nin un só beneficio e paguemos unha das facturas máis caras de toda Europa? Está claro que responder esta pregunta non é sinxelo, e por iso o Partido Popular leva durante moito tempo utilizando todo tipo de escusas para manter unha situación que a todas luces é inxusta.

Eu teño que recoñecerlles que, de toda esa inventiva que ten o Partido Popular para negar aspectos que serían beneficiosos para o noso país, unha das que me pareceu polo menos máis sincera foi a que empregou o presidente da Xunta de Galiza en contra desta iniciativa. Díxonos un día que non podía defender unha tarifa eléctrica galega porque en Madrid non o entenderían. É dicir, o señor Feijóo está preocupado por se en Madrid non entenden que os galegos e galegas temos dereito a beneficiarnos da produción de electricidade, que temos dereito a unha tarifa máis baixa. Pero, sen embargo, non se preocupa cando os galegos e

galegas —que ademais temos unha refinería na Coruña— pagamos o gasóleo e a gasolina máis caros de todo o Estado español. (*Aplausos.*) Xa vemos cal é a orde de prioridades que ten o Partido Popular. É moi militante de Galiza. Vemos aquí o de «Galiza primeiro sempre» para o Partido Popular.

Desde logo, a nós parécenos que non é solidariedade o que está defendendo o Partido Popular, impedindo que teñamos unha tarifa eléctrica galega, senón que o que vostedes están defendendo é un espolio enerxético, están defendendo os intereses das eléctricas, que gobernan máis que o Consello de Ministros. Porque logo, efectivamente, iso notábase moito nesas contas en «b» que tiña o Partido Popular, porque algunhas destas eléctricas acababan financiando o seu partido. (*Aplausos.*) Isto é o que explica o que está pasando con este tema.

En todo caso, desde o BNG non tiramos a toalla en defensa dunha tarifa eléctrica galega e cremos que é necesario cambiar esta situación inxusta. E por iso, a través desta lei, propoñemos cambios que nos permitan establecer un novo modelo enerxético, un novo modelo enerxético que incremente a capacidade de decidir de Galiza sobre a enerxía con tres finalidades: primeiro, poñer en marcha unha tarifa eléctrica galega que nos permita abaratar o recibo da luz a familias e a empresas; impulsar a eficiencia enerxética, as renovables e o autoconsumo; e, en último lugar, que esta sexa tamén unha ferramenta para loitar contra a pobreza enerxética.

E permítanme que me estenda un pouco máis nas razóns de por que defendemos unha tarifa eléctrica galega. Xa lles dicía que nos parece que non é lóxico que os galegos e galegas, tendo unha riqueza —que ademais é a explotación dun recurso natural do noso país—, como é a produción de electricidade, esta riqueza non fiquen no país e que sexa unha riqueza que emigra. Emigra porque a maior parte das empresas que explotan a electricidade nin tan sequera teñen a súa sede social no noso país; polo tanto, están cotizando fóra de Galiza. Pero tamén emigra porque non temos ningunha vantaxe pola produción de electricidade, e isto cremos que fundamentalmente é unha decisión política.

E é unha decisión política porque ter unha tarifa única non é unha regra divina que estableza o mercado. É unha decisión que establece o propio Goberno, neste caso do Estado, que desde os anos cincuenta estableceu unha tarifa única que tamén hai que dicir que non é a norma en todos os países do noso contorno. Visiten vostedes o Reino Unido, visiten vostedes Suíza, visiten vostedes Alemaña, e verán como teñen tarifas diferenciadas, onde se ten en conta quen produce e quen non. Polo tanto, hai unha primeira mentira, que utiliza normalmente o Partido Popular, e que xa cae.

Pero é que hoxe non necesitamos ver o que pasa fóra das fronteiras do Estado español, é que no Estado español xa temos de facto tarifas eléctricas diferentes en función dos territorios. O que pasa é que aquí o Partido Popular utiliza esa lóxica de ser militantes de Galiza, e entón a lóxica que utiliza o Partido Popular é unha tarifa eléctrica galega á inversa: en vez de pagar menos imos pagar máis por unha decisión atribuíble ao Partido Popular, (*Aplausos.*) que vai facer que os galegos e galegas teñamos que pagar até 70 millóns de euros máis polo prezo da luz, e porque hai un decreto —que, por certo, o Goberno do señor Feijóo non impugnou— que establece que, se hai suplementos territoriais, é dicir, impostos que establecemos aquí para

que as empresas que están contaminando teñan que pagar, pois o Partido Popular decidiu que eses impostos non os teñan que pagar as empresas senón que os teñen que pagar os consumidores. É dicir, que aquí se impugna ese principio de quen contamina paga e o que facemos é que o que produce paga. E pagamos os galegos e galegas tamén os impostos da enerxía que se consome en Madrid ou noutras zonas do territorio a onde estamos exportando. E isto é unha auténtica barbaridade que non podemos permitir, un disparate, pero que si nos demostra que no Estado español é posible, coa lexislación actual, que haxa tarifas diferenciadas.

O que nos ten que dicir o Partido Popular é por que apoian que haxa unha tarifa que nos suba o prezo da luz e por que están en contra de que teñamos unha tarifa máis baixa. Esta é unha proposta perfectamente legal; polo tanto, non veñan con escusas de malos pagadores. O único que pretendemos é aplicar un principio que é un principio de sentido común, que entende calquera persoa. E é que, tendo unha riqueza que se está producindo no noso país, esa riqueza se utilice para beneficio das maiorías sociais e tamén para desenvolver mellor o noso país e que as nosas empresas teñan unha maior competitividade. En definitiva, que teñamos beneficios pola riqueza que se produce no noso país.

E ¿como concretamos esta proposta de tarifa na lei que hoxe debatemos? Pois dunha maneira moi sinxela. Establecemos que o prezo da tarifa eléctrica nun territorio teña en conta a súa situación como territorio excedentario. E iso significa que se establecería, nos territorios que produzan e que exportaran nos últimos catro anos de media máis do 25 % da enerxía que produciron, unha redución das peaxes do 30 %; que, traducido ás facturas que teñen que pagar os galegos e as galegas, significaría unha rebaixa no recibo da luz dun 15 %. Estimamos que en termos económicos isto significaría un aforro anual duns 500 millóns de euros na factura da luz, o que significa un aforro de case 200 euros por persoa na factura da luz, coa aplicación dunha medida que —insisto— só depende de que haxa vontade política para poñela en marcha. E esa vontade onde primeiro se ten que materializar é precisamente no Parlamento galego.

Quero tamén chamar a atención sobre que nós estamos falando de incidir nunha parte da factura que non depende xa do mercado eléctrico —que tamén teríamos moito que dicir sobre como se conforma o prezo da enerxía, que é unha auténtica fraude—. Estamos falando de incidir nunha parte da factura que depende directamente das decisións políticas que adoptan os gobernos de turno, como son as peaxes. Unhas peaxes que, globalmente, na factura significan uns 25.000 millóns de euros que estamos pagando os consumidores por decisións que adoptou o Estado; decisións, por exemplo, como que custeemos entre todas e todos as perdas que produce o transporte da enerxía.

Cos datos que nós temos, e que son datos, ademais, oficiais, a media de perdas de Galiza no transporte de enerxía é do 6,32 %, no caso do Estado é do 9,76 %. Polo tanto, no Estado o transporte da enerxía é un 54,2 % máis caro que na Galiza e o que estamos nós —ou o que están vostedes, porque a nós isto non nos parece xusto— é contribuíndo a abaratar dunha maneira artificial o prezo da luz e pagar nós o transporte da enerxía cando a estamos producindo no noso país.

Tamén temos nestas peaxes os custos extrapeninsulares da produción enerxética nas illas, que ten un valor estimado duns 1.800 millóns de euros; as axudas do carbón, das que, por

certo, está excluída Galiza, 500 millóns de euros; pagamos na factura da luz a moratoria nuclear, estamos falando de 5.700 millóns de euros; estamos pagando tamén na factura da luz as axudas a ciclos combinados, por certo, moitos deles que non producen absolutamente case nada, pero estámoslles pagando 500 millóns de euros. E o que nós nos preguntamos é, se se pode pagar a moratoria nuclear, se se poden pagar os custos extrapeninsulares, se se poden pagar as axudas aos ciclos, é dicir, se se lles pode pagar ás eléctricas, ¿por que non nas peaxes non se vai poder compensar Galiza pola súa situación de excedentaria e que teñamos nun país que ten tantos problemas —desde o punto de vista económico, social, que estamos vendo como a nosa xente emigra—, que utilicemos un recurso para, realmente, desenvolver o noso país e darlle unha oportunidade para que as cousas melloren? Insisto, facer isto posible só depende de que antepoñamos os intereses de Galiza aos intereses das eléctricas ou ao interese que poida ter o Estado, porque non sempre coincide co interese xeral do noso país.

Desde logo, desde o BNG cremos que é mellor antepoñer a defensa dos intereses de Galiza que non o que está facendo o Partido Popular, que sistematicamente defende os intereses do monopolio eléctrico, e imaxínome que para compensar esas portas xiratorias que tanto lles gusta utilizar. (*Aplausos.*)

Mais, como lles dicía ao principio da miña intervención, esta proposta tamén ten outros aspectos que teñen que ver co modelo enerxético sobre cuestións que son importantes. O primeiro é que nós cremos que hai que acabar coa aberración legal que permite que o Estado español nos poida subir a luz por ter impostos ás eléctricas. Esa é unha cuestión que, a pesar de que o Partido Popular dixo que nunca ía pasar, agora vemos como o Tribunal Supremo está acelerando os trámites para que esta medida se poña en marcha. É unha auténtica barbaridade. A Xunta xa se equivocou cando non interpuxo un recurso contra o decreto que obrigaba a que eses impostos os tiveran que pagar os consumidores, e agora cremos que é importante eliminar esa previsión legal que permite no futuro facelo. Hai un antecedente moi perigoso e, desde logo, cremos que non pode ter cabida este aspecto que invade, ademais, as competencias de Galiza.

Un segundo aspecto para nós importante ten que ver co impulso ás renovábeis, estamos nun momento non de cambio de concepción de como se produce a enerxía. En Galiza e en todo o Estado español, por unha decisión do Partido Popular, houbo un parón do desenvolvemento das renovábeis e seguimos tendo un marco que vai en contra de todo o que se está facendo en Europa, e é que penaliza o autoconsumo e a autoprodución con ese imposto ao sol, que é unha auténtica barbaridade.

E nós aquí tamén propoñemos cambios neses ámbitos onde establecemos obrigas de fomentar as enerxías renovábeis e propoñemos eliminar ese imposto ao sol e favorecer realmente a autoprodución e o autoconsumo; que nun país como Galiza, cunha dispersión poboacional tan alta, significaría unha rebaixa moi importante no custo da electricidade e tamén no custo do transporte da electricidade. E nós avanzamos por introducir o balance neto, que é a modalidade máis estendida no mundo e que é especialmente interesante para incentivar o autoconsumo nos fogares. O balance neto consiste en ceder a electricidade que un xera cando lle sobra, por exemplo nas horas centrais do día en moitos fogares, e a cambio

poder recuperar esa mesma enerxía cando lle é máis necesaria e, por exemplo, que haxa, realmente, un ciclo que permita que ese autoconsumo sexa real.

Un terceiro aspecto que introducimos nesta proposición de lei, fundamental tamén para o noso país, é modificar o sistema de interompibilidade. Hoxe mesmo tiñamos unha noticia de que significa isto para Galiza, un sistema que introduce unha inestabilidade nos prezos da enerxía e do sector eléctrico, que afecta empresas que teñen un gran consumo no noso país e que representan unha parte moi importante do emprego, como pode ser Alcoa, onde hoxe de novo temos titulares: «Alcoa xógase a súa viabilidade nunha nova subasta eléctrica.»

Nós cremos que hai que acabar con este sistema, que na práctica é unha subvención á enerxía das grandes industrias, por unha tarifa industrial que sexa realmente predicíbel e que sexa estábel no tempo. Non é lóxico que haxa centos de postos de traballo en xogo cada ano por un sistema que non ten ningún tipo de sentido.

E, por último, un tema que é importante, sensible e sobre o que tivemos profundos —polo menos moitos— debates neste Parlamento, como é a loita contra a pobreza enerxética. Nós estamos vendo como as medidas que se adoptan seguen a ser insuficientes. Hoxe sabemos que a Xunta de Galiza segue sen ter publicado o ticket eléctrico, vemos como o bono social que se puxo en marcha no Estado non chega nin á metade das familias que potencialmente deberían de ser usuarias. Temos no noso país un 18 % da poboación que ten pobreza enerxética, que non pode prender a calefacción no inverno porque non se pode permitir o luxo de pagar un custo tan alto, e que, polo tanto, nun país que produce electricidade, cando as eléctricas teñen beneficios escandalosos, temos xente pasando frío nas súas casas, e iso é algo que non podemos tolerar.

Nós propoñemos avanzar neste ámbito, porque cremos que non pode permitirse que se corte a luz a quen non pode pagala, que ademais o custo desta medida ten que soportala o Estado e non as comunidades autónomas e, polo tanto, imos a unha regulación que é máis ambiciosa neste ámbito.

En conclusión, hoxe desde o BNG defendemos esta proposición non de lei que pretende cambiar o modelo enerxético, que pretende que os galegos e galegas teñamos beneficios pola nosa especialización eléctrica; cremos que hai que deixar atrás esa visión que ten o Partido Popular da enerxía como un negocio, un negocio para uns poucos para que logo utilicen as portas xiratorias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato— e cambiar esa concepción pola electricidade como un ben público.

Cremos que é mellor que as eléctricas gañen un pouco menos e as persoas non teñan que estar a dúas velas pasando frío por non poder prender a calefacción; cremos que é mellor que as eléctricas reduzan os seus beneficios —que, por certo, tributan en Madrid maiorita—

riamente— e que en Galiza vexamos como esta riqueza se usa para crear emprego e benestar no noso país.

En definitiva, unha proposición de lei para que ningún galego ou galega se teña que volver facer a pregunta de como é posible que sendo un país que produce electricidade a esgalla non teñamos nin un só beneficio por esa especulación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, o Grupo Socialista vai votar favorablemente a toma en consideración desta proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego, aínda que, como exporei ao longo da intervención, loxicamente hai puntos, moitos puntos, de acordo, de posible acordo, e algúns puntos de discrepancia, que nós desde logo non concordamos ou non compartimos.

Pero, desde logo, si que o obxectivo último que se trata de constatar, por un lado, é que o mercado eléctrico en Galicia e en España non funciona axeitadamente e que, desde logo, dalgunha maneira, pola vía que sexa —de tarifas, impositiva, a que se considere—, é necesario compensar os esforzos medioambientais e doutro tipo que sofren as zonas produtoras de enerxía, e, indubidablemente, nesa visión xeral si que existe esa coordinación.

O mercado eléctrico, efectivamente, someteuse a un proceso privatizador que se inicia xa na década dos oitenta, é verdade, pero tamén é verdade que o acelerón, o acelerón se produce cando se produce. E é sorprendente que a finais do ano 1996, cando o señor Aznar levaba escasamente catro meses gobernando, se firma o primeiro protocolo entre o Goberno e a patronal eléctrica Unesa, que dá lugar no ano 1997, escasamente oito meses despois, á primeira lei do sector eléctrico español.

É verdade que despois gobernamos outros, e é verdade que esa lei non se modificou, pero tamén é verdade que a seguinte modificación que se fai, que é do ano 2013, xa co señor Rajoy no poder, se fai reforzando claramente o modelo que se deseñara xa no Goberno de Aznar. E sorprende, especialmente, que dende gobernos da dereita se articulen —por dicilo dalgunha maneira— modelos de oferta e demanda tan pouco adecuados ao que sería a teoría económica e política dos seus mentores. Temos un feito inaudito no tema demanda-prezo da enerxía eléctrica en España. Na crise a demanda baixou entre un 5 % e un 7 % e, sorprendentemente, os prezos aumentaron nun 60 %. A verdade é que Adam Smith tería moi difícil explicar a evolución.

¿Por que acontece isto? Ben, pois isto acontece, fundamentalmente, porque o marco regulatorio é un marco que non é eficiente en termos económicos, que defende uns intereses de

parte, por dicilo dalgunha maneira, claramente defende os intereses das grandes empresas eléctricas, e non é retórica revolucionaria, basta con ver as contas de resultados destas empresas para darse conta de que, efectivamente, non responden exclusivamente a esa dinámica de oferta e demanda, senón que hai elementos de regulación de carácter político que están reforzando as súas contas de resultados de maneira absolutamente espectacular no contexto europeo.

E, efectivamente, temos unha das electricidades máis caras de Europa e as empresas eléctricas españolas teñen unhas das taxas de beneficio máis altas de Europa. Aí si que non hai ningunha sorpresa, pero volvemos á repartición da tarta. É evidente que, polo tanto, hai outro sector, que é a maioría da poboación española e galega, que está claramente prexudicado por este sistema de regulación.

Hai outra dimensión que eu tamén queredría tocar, e que de feito se toca, aínda que non se tocou demasiado na intervención da voceira do BNG, pero si que aparece na proposición de lei, que é a necesidade de mesturar a dimensión enerxética e a dimensión medioambiental.

Evidentemente, a substitución de enerxías —o que se chama sucias por enerxías limpas— é unha asignatura pendente en Europa, é unha asignatura pendente en España. Hai obxectivos europeos claramente definidos e, desde logo, era necesario avanzar nesa liña. Entre o ano 1996 e o ano 2004 avanzouse pouco, entre o ano 2004 e o ano 2011 avanzouse moito, é verdade que cun custo económico elevado, pero tamén é verdade que dese custo económico elevado —vía primas— hai que descontar, por unha parte, o liderado tecnolóxico e a actividade económica que produciu e, por outra parte, sen ningunha dúbida, a capacidade que lle deu ao tecido empresarial español para saír aos mercados internacionais. Algo do que a dereita sempre fala en teórico, pero que logo nunca computa cando se trata de criticar accións doutros gobernos.

Polo tanto, hai un balance con luces e sombras, non vou ser eu —porque non o son nunca— o que vexa en branco e negro, pero, certamente, produciuse un avance importante en termos de enerxía renovables.

E chegamos ao ano 2011 e prodúcese unha alteración brutal na regulación das enerxías renovables. Como sempre, en vez de preparar unha aterraxe suave, que era o razoable no que é unha substitución de tecnoloxías enerxéticas por outra, algo que se fai en todos os países así, pois o señor Rajoy e aquel inefable ministro Soria —supoño que entre fin de semana e fin de semana en hoteis de luxo gratis na República Dominicana— decidiron, literalmente, cortar o tema das primas. Con dous efectos: un, o desprestixio internacional de España; outro, a falta de sinais económicos solventes para as empresas; outro, sen ningunha dúbida, a paralización total do sector, e diso teremos ocasión de falar na comparecencia do conselleiro de Industria.

Sería interesante recoller, como un exercicio de lóxica da asignatura de Filosofía, as afirmacións dos distintos ministros de Industria sobre que influía nos prezos á alza da enerxía, porque ás veces eran as renovables ou o apoio ás renovables, outras era o parón ás renovables, outras era o posible peche das centrais de carbón, outras era a seca, outras era a inter-

conexión con Francia; é dicir, todos os problemas eran exóxenos, a regulación gobernamental non tiña nada que ver con esta asimetría entre a oferta e a demanda.

Eu creo que é tan evidente que intereses se defenden na regulación financeira e na regulación do prezo da enerxía en España que insistir aí probablemente non ten demasiado sentido. Pero eu creo que é o que está no fondo, máis alá da dimensión pois lexitimamente dun enfoque nacionalista da iniciativa, da propia iniciativa; é dicir, que o poder político está defendendo claramente uns intereses, os das empresas, fronte a outros, sexan os dos consumidores no conxunto de España, sexan os de Galicia ou os dos consumidores na Comunidade Autónoma galega.

En relación coa tarifa eléctrica galega —que, como o grupo propoñente sabe, o Partido Socialista non defende, porque temos unha visión distinta—, nós cremos que probablemente no tema enerxético rebaixas lineais da tarifa non son a mellor solución en termos de redistribución.

Eu recoñezolle que vou bordear a demagogia, pero ás veces é un exercicio lexítimo: non quero baixar a tarifa para iluminar piscinas e canchas de tenis na Zapateira ou en Canido, non quero. Quero sistemas fiscais fortemente redistributivos que garantan que aqueles que non poden pagar a enerxía dun mercado ben regulado —insisto: non estou defendendo esta regulación de mercado— pois teñan apoio público para facelo. (*Aplausos.*) Eu creo que iso é, dende a esquerda e dende a posición do Partido Socialista, o que nós defendemos e o que xa debatemos na ILP que se discutiu neste Parlamento e é a nosa posición.

No tema de que tamén falaba a señora Pontón sobre esa transposición mítica de que, en vez de quen contamina paga, quen sofre os efectos da contaminación paga, estamos absolutamente de acordo, señor Pontón. Tróuxose a este Parlamento, nós trouxemos unha proposición de lei, precisamente para mudar ese marco lexislativo, que víamos ameazas no horizonte; os únicos que non a vían era o Partido Popular de Galicia, que entendía que isto formaba parte dese discurso catastrofista desta esquerda perigosa e rupturista que está rompendo a sociedade e o país.

É verdade, e eu recordo unha vez que o dixeran aquí —por certo, tiveron un certo murmurio do Grupo Popular—, que, claro, está ben recorrer a Madrid e defender o carácter medioambiental do canon eólico, do imposto das augas encoradas, etc. Todos entendemos que son impostos medioambientais. ¿Que acontece? Que, cando se lle deixaba o importe dos impostos ao señor Rueda para que xogara a comprar mocións de censura en determinados concellos, os impostos deixaban de ser medioambientais para ser impostos políticos do Partido Popular. (*Aplausos.*) E, polo tanto, agora, señores do PP, resulta moi difícil defender en Madrid que estes impostos son medioambientais.

Todos sabemos que o son. Todos sabemos que cando se lle cobra a Gas Natural Fenosa polo encoro dos Peares pois, evidentemente, nos Peares, máis alá dos ingresos de expropiación, que foron poucos no franquismo, o impacto medioambiental está aí. Pero é verdade que no seu xogo —por certo, un xogo que repiten— eu recoméndolles que vexan a memoria do orzamento do ano 2018. Continúan vostedes dicindo que deses tres impostos claramente medioambientais

a metade vai para correccións medioambientais; a outra metade pois parece que é o xoguete do señor Rueda para comprar vontades. Co cal non se pode, por un lado, recorrer e, por outro, lexitimar claramente o que son os argumentos daquela instancia ante a que se recorre.

Lamentablemente, os galegos imos ter que pagar —moito me temo— eses suplementos, que claramente benefician as empresas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e, polo tanto, atopámonos na situación na que —insisto— dende logo o Partido Socialista sinalou dende o principio.

E, no tema das tarifas sociais, de todo tipo de tarifas sociais, nós seguimos dicindo que do que se trata é de ir avanzando cara a unha renda básica universal, que permita que aquelas necesidades básicas —sexan de alimentación, de vivenda, de enerxía, etc.— dos cidadáns estean cubertas.

Por certo, ese nefasto goberno da Comunidade Valenciana —que, iso si, non se fai rico ata coa visita do Papa— acaba de iniciar un proceso de introdución progresiva dunha renda básica universal. Iso é o que nos diferencia uns doutros. Por certo, eu estou moi orgulloso desa diferenza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Temos que ir cara a aí. O que hai —remato, señor presidente— ata agora en Galicia é absolutamente ridículo —digamos— de colleita propia, de política autonómica. Quero recordalo. Nos orzamentos aparece un obxectivo de 3.000 beneficiarios. O número de fogares sen ingresos é de 33.000 nesta comunidade autónoma. O 10 %. Eu creo que compensa darlle unha pensada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todos e a todas.

A realidade é que, se houbera no mundo un Óscar á lei máis neoliberal, á que máis atenta contra os dereitos das consumidoras e das pequenas e medianas empresas, á lei que máis espolia a cidadanía e os recursos públicos, a Lei española 24/2013, do sector eléctrico, aprobada polo señor M. Rajoy, estaría seguro nominada, e a verdade é que tería moitas posibilidades de levar Óscar. De feito, os señores da London School of Economics e do Ibex 35, deseñadores dese partido de deseño que é Ciudadanos, aplauden coas orellas e non dan crédito a tanto descaro.

Entre 2005 e 2016 o prezo da electricidade para o consumidor doméstico en España incrementouse un 100 %, cando na maioría de países da nosa contorna oscilou o incremento entre o 25 % e o 60 %.

Un caso moi reseñable é o de Holanda, onde o prezo entre 2005 e 2016 se reduciu un 17,07 %. Habería que analizar aquí a influencia da decisión do Goberno holandés de tomar o control da rede de distribución, como nós propoñemos nas dezaseis propostas que relataremos ao final desta intervención.

Normalmente, os beneficios empresariais, en calquera sector industrial, dependen do acerto nos investimentos realizados, da optimización dos seus procesos de produción, distribución e comercialización, e, no caso das empresas eléctricas, dos prezos das materias primas —carbón, gas, etc.—, que é o mesmo para todas as compañías europeas, e tamén da climatoloxía.

Pero no caso español teñen unha dopaxe excepcional que se chama *Boletín Oficial do Estado*. E todas as decisións políticas plasmadas no mesmo son as que condicionan o mercado eléctrico, sendo un dos sectores máis dependentes destas decisións, decisións do Goberno do Partido Popular sempre favorables ás compañías do oligopolio e tremendamente prexudiciais para a maioría dos cidadáns e para a competitividade das empresas.

Dá igual que faga frío ou calor, que chova ou non, que faga vento ou non se mova unha folla: en España e en Galicia a electricidade sempre sobe. E ¿cales son as principais causas de que teñamos unha das tarifas eléctricas máis caras de Europa? A primeira, sen lugar a dúbidas, é o poder de mercado dun grupo de tres empresas do oligopolio: Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa; un poder de mercado que se traduce en que, segundo o informe anual das axencias de reguladores europeos (a ACER), as tres comercializadoras máis grandes de España controlan o 90 % do mercado doméstico, e que contan, ademais, co entusiasta apoio do Partido Popular e de Ciudadanos, que, xunto con notables persoeiros do Partido Socialista —quizais poderían irrlles dicindo que saíran de aí—, poboan os consellos de administración destas tres compañías e desenvolven de xeito real o que é a política eléctrica no noso país e no noso Estado.

A segunda causa fundamental é o deseño do mercado maiorista de electricidade como un mercado marxinalista obrigatorio *de facto*, no que deben participar todos os días os produtores e comercializadores, para vender ou adquirir a súa enerxía; un deseño que permite a un reducido número de empresas exercer o seu poder de mercado para fixar o prezo marxinal, de forma que tecnoloxías, en concursos de produción moi inferiores ao marxinal, como a nuclear, a eólica ou a hidráulica, obteñan beneficios enormes e inxustificados, o que se chaman os beneficios caídos do ceo.

Sempre conto a mesma anécdota. É como se vostede vai a unha gran superficie que ten prezos moi competitivos, compra a compra de todo o mes, pero despois un día, a unha hora, ten unha compra particular e ten que ir a unha tenda desas 24 horas dunha gran cadea que cobra o 40 % máis e ao día seguinte lle dixeran: mire, como pagou por isto o 40 % máis, a partir de agora todo o que comprou todo o resto do mes, tamén un 40 % máis. Iso é como se aplica o marxinalismo en España, cando a realidade é que se está subastando o 80 % da enerxía demandada cada día no *pool* das empresas eléctricas; un trámite no que empresas comercializadoras e produtoras do mesmo grupo empresarial intercambian números nas súas follas de cálculo co único obxectivo de maximizar o seu beneficio. Mentres que a porcentaxe de enerxía xestionada no mercado diario en Francia é só do 20 % e no Reino Unido do 14 %, en España o mercado diario xestiona máis do 80 % da enerxía.

Consecuencia: as grandes eléctricas españolas duplican e ás veces cuadriplican os beneficios das europeas entre 2013 e 2016. Os beneficios das empresas españolas son os máis elevados de Europa en resultados respecto da súa facturación. Os resultados das grandes compañías eléctricas foron nestes cinco anos do 8 % sobre a facturación, cando en Francia foron do 4 %, en Gran Bretaña do 1 % e incluso en Alemaña, debido á enorme difusión do autoconsumo, a rendibilidade foi negativa nestes anos.

Toda a cidadanía e todas as empresas e empresarios teñen que saber que, cando votan ao Partido Popular ou a Ciudadanos, están votando pagar entre un 20 % e un 40 % máis ao mes no seu recibo da luz.

Ante toda esta situación —non me vai dar tempo de ler todas as propostas, pero circularémolas para que saiban o que podería ser unha verdadeira lei progresista de innovación cidadá, esa innovación que ten en conta os intereses de verdade de toda a cidadanía e que En Marea e o seu grupo estatal tamén levarán ao Congreso para tentar que sexa aprobada—, as nosas propostas van na seguinte liña.

Primeiro. Excluir, como xa dixeran, do *pool* de poxas diarias a produción eólica, hidráulica, nuclear e parte da de carbón, mentres estea activa. Todo isto baixaría o prezo dunha maneira moi importante.

Eliminar a obrigación dos comercializadores de participar no mercado diario para adquirir a totalidade da enerxía dos seus clientes. Isto facilitaría, ademais, moito o acceso ao mercado a comercializadores independentes en igualdade de condicións.

Exixir a real separación, como marca a Unión Europea, con empresas claramente diferenciadas en capital e estrutura, das actividades de produción, distribución e comercialización. Aquí está totalmente separado: Gas Natural produción, Gas Natural distribución e Gas Natural comercialización; totalmente separado.

Toma do control da xestión da rede de distribución polo Estado, o que, segundo os nosos cálculos, podería baixar os peaxes de distribución nun 40 %.

Centralizar no operador de sistema a xestión de toda a produción hidráulica e de bombeo, para que non pase o que está a pasar, que se dá indisponibilidade de centrais hidráulicas para subir o prezo da subasta diaria, como pasou en decembro de 2016, que despois Iberdrola recibiu unha multa de 20 millóns de euros, pero os beneficios de incrementar o prezo eses días supuxeron máis de 200 millóns de euros para as empresas eléctricas.

Derrogar o artigo e todas as disposicións regulamentarias que obstaculizan a contratación bilateral física; ou sexa, que un comercializador poida comprar directamente a enerxía producida por un produtor.

Fomento total da autoprodución e o autoconsumo, que é o que levou a que en Alemaña os prezos incluso baixaran.

Supresión do chamado «imposto ao sol» e a aplicación da recente sentenza —que parece que o Partido Popular no Goberno a Constitución a manexa cando quere— do Tribunal Constitucional, que sentenciou hai catro meses a inconstitucionalidade da prohibición recollida na Lei 24/2013 —da que estamos a falar— do autoconsumo compartido e, ademais, ditaminou que este autoconsumo compartido debe de ser lexislado e xestionado polas comunidades autónomas. Se o Partido Popular non trae esa lei a este Parlamento de maneira inmediata, farao En Marea, cousa que favorecería moitísimo a comunidades de veciños, a centros empresariais de todo tipo, e cunha baixa probable da súa factura de luz moi importante.

Incremento moi importante das poxas e das concesións de potencia para instalar produción renovable; devolución polas eléctricas dos incentivos polos teóricos custos de transición á competencia, unha vez comprobada que esta transición, moi ao contrario de retraer os seus resultados, incrementounos de maneira formidable.

Auditoría exhaustiva do déficit de tarifa. Analizar a súa lexitimidade e, se é o caso, exixir a súa devolución parcial ou total ás compañías eléctricas. E estamos a falar de 3.500 millóns de euros que cobraron porque a competencia ía baixar os prezos, cando realmente os subiu o cen por cento.

Prohibición das portas xiratorias. Ningún político que tivese responsabilidades de Goberno poderá formar parte dos cargos directivos ou consellos de administración de empresas eléctricas por un período de dez anos. Hai moitísimos outros sitios onde traballar.

Cambiar o concepto do gravame do imposto á electricidade, que actualmente se carga por igual a todos os consumidores. Substituílo por un imposto sobre o consumo á electricidade, para que de verdade se cargue aos que máis consumen e non aos que case nin sequera poden pagar a enerxía que consumen.

Estudar a baixada do IVE para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles.

Trasladar aos orzamentos xerais do Estado diversas partidas incluídas nas peaxes que non teñen nada que ver co servizo eléctrico.

E, por suposto, desenvolver un verdadeiro e xusto bono social, na liña da proposición de lei que presentaremos no próximo pleno.

Con todas estas cousas, a electricidade en España podería baixar entre un 20 % e un 40 %. ¿Cal é a causa de que non se faga? Pois simplemente favorecer ese 8 % de beneficio que teñen as eléctricas ante a total colaboración dos señores do Partido Popular e o aplauso dos señores do Ibex 35, que xa saben quen son, os señores de Ciudadanos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Pontón, vostedes tiveron deputados en Madrid e non presentaron ningunha proposta de tarifa galega. Non nos consta, señorías.

Mire, a resposta de por que non unha tarifa galega para Galicia, por que non é boa, déronlla 9 dos 10 comparecentes que interviñeron o ano pasado na comisión que tivemos adicada ao trato da ILP de pobreza enerxética. Eses, señoría, foron os que lle responderon.

Traen hoxe aquí unha proposición de lei baseada na modificación da lei do sector eléctrico de 2013, unha iniciativa cargada de demagogia, de irresponsabilidade e de insolidariedade, e incluso con falta de constitucionalidade, algo que xa comeza a ser habitual entre vostedes, señorías. Unha iniciativa cun só artigo pero que pretende modificar aspectos moi relevantes e moi importantes na vixente lei do sector eléctrico. Vou resumir os de máis transcendencia, xa que o tempo é limitado.

Señora Pontón, na Lei do 2013, dende a década dos noventa do século pasado, a enerxía considérase coma un servizo de interese económico xeral, xa que a actividade económica humana non se entende sen a súa existencia. Esta definición, señoría, está na liña do que marca a legalidade da Unión Europea, e no afán dos gobernos do Partido Popular está permitir que todos os cidadáns teñan acceso a este importante servizo. Polo tanto, deixen a demagogia do servizo público, señoría, que a sociedade e a economía avanzaron, e deixen de estar ancorados nun pasado anquilosado.

Con esta lei, vostedes pretenden eliminar un principio básico, non só para o sistema eléctrico, señoría, senón para calquera tipo de xestión da Administración. Pretenden eliminar a garantía de sostibilidade económica e financeira do sistema eléctrico español, podendo producirse de novo o desequilibrio do sistema e acadando outra vez un avultado déficit de tarifa. Non nos pida que comulguemos con isto, señoría, porque nós non somos uns irresponsables.

Vostedes foron colaboradores, e si que foron cómplices, do Goberno do señor Zapatero, que xerou o maior buraco no sistema eléctrico da historia non só do noso país, senón que non se viu cousa igual en ningún outro país do mundo. Non pretendan, señoría, que apoiemos esta iniciativa. *(Aplausos.)*

Mire, esta é unha gráfica —a vostedes que lles gustan tanto as gráficas e os papeis— moi, moi clariña. ¿Cando se produciu o déficit de tarifa? No Goberno do señor Zapatero, señoría. Esa é unha das explicacións fundamentais polas que Galicia e este país ten unha factura eléctrica moito máis cara que outros países, señoría.

Vostedes presentan unha proposición cunha modificación de autoconsumo liberalizada de tal xeito que practicamente non ten límites na potencia, que por regra xeral non ten que contribuír ao pagamento do mantemento das redes e que quedarían fóra do pago das peaxes. Vostedes baséanse en que o que autoconsome, como non utiliza as redes, non ten por que

contribuír ao seu mantemento coas peaxes, e imaxino que saberá que esas peaxes tamén pagan o déficit de tarifa que lle acabo de mostrar, señoría.

¿Entón que pretenden? Vostedes pretenden beneficiar os consumidores que poden pagarse unhas instalacións de autoconsumo, inalcanzables na maioría dos casos para as persoas con menos recursos, e que estes consumidores máis beneficiados non paguen unha importante parte da súa factura, señoría. Aínda por riba, o que quere vostede é que a paguen os demais, os demais que non poden permitirse o luxo de autoconsumir.

Mire, presentan unha proposta totalmente insolidaria, señoría. Non nos pida que apoiemos isto porque non estamos de acordo. Temos claro que a enerxía fotovoltaica é un tipo de enerxía que hai que potenciar, agora que os custos das instalacións son menores. Pero non nos pida que o apoio sexa para prexudicar os consumidores máis vulnerables.

Outra das modificacións que pide, e a teima que teñen, o mantra que ten o Bloque Nacionalista Galego, é a creación da suposta tarifa galega, baseándose de novo no carácter de que somos unha comunidade excedentaria de enerxía. Eu, inocente de min, pensei que quedara claro, tras case un ano que pasamos con comisións adicadas a este tema, que 9 dos 10 expertos lles dixeron e lles recomendaron claramente que non era boa para Galicia, pero vostedes seguen. Só a defendeu un ex-deputado seu, o propoñente da lei, pero é que era un ex-deputado do Bloque Nacionalista Galego, señoría; os demais non a defenderon.

Pretenden de novo outro mal negocio para Galicia. O custo do sistema eléctrico en Galicia é de arredor dos mil millóns de euros, e o que pagamos os galegos non chega a 800, co cal existe unha diferenza de case 300 millóns que non cobre o gasto, señoría. Explicáronllelo os expertos e non fixeron caso.

Vostedes saben que non gañaríamos nada, que, ao contrario, sairíamos perdendo. De todas formas, non nos estraña moito, xa que, de seguir coas súas indicacións, agora teríamos un sistema de financiamento a través dun cupo co que perderíamos como mínimo 1.000 millóns de euros cada ano. E nós con isto non comulgamos, señoría. Nós non imos seguir estas iniciativas nin as imos apoiar.

Solicitan nesta lei a modificación das actuacións de suspensión de subministración para as persoas máis vulnerables; unha proposta que semella moi difícil de entender e de cumprir. De novo, señora Pontón, chegan tarde. A Administración do Estado e a galega xa incorporaron axudas tras a reformulación do bono social, e xa se está actuando en beneficio dos máis necesitados.

A nivel estatal, existe un bono social reformulado que incorpora o criterio de renda, e en determinados casos, para os consumidores máis vulnerables, as subministracións serán consideradas esenciais e non se poderán interromper. E ademais, as comercializadoras terán que avisar antes de iniciar un corte na electricidade. A aplicación deste bono prorrogouse ata outubro deste ano, no que convivirán os dous bonos, para que ninguén quede atrás.

A nivel autonómico, vostede sabe que, coa aprobación da ILP do pasado ano, Galicia blindou por lei o pago do 50 % da factura da luz para os fogares galegos. E ademais, olvídase de contar que Galicia ten axudas desde o 2014 para as familias con menos recursos, e incluso se ampliaron ao gas no 2016. Axudas, señorías, que beneficiaron a máis de 7.000 familias galegas.

Por continuar co servizo de interrompibilidade, a Administración autonómica está en contacto permanente co Ministerio de Enerxía para que se mellore o sistema actual. E vostede sabe, ou debería saber, que estes cambios están motivados polas recomendacións da Unión Europea, que din que este sistema era un sistema caro en comparación cos dos demais países do noso ámbito, e, polo tanto, o Goberno estatal está cambiando, mudando, cara a un servizo de interrompibilidade moito máis beneficioso tanto para a industria como para os consumidores galegos, que tamén o pagan na súa factura. Vaia por diante, señoría, que este Goberno está a favor das empresas electrointensivas de Galicia, e sempre vai loitar tanto porque saían beneficiadas elas como todos os consumidores galegos.

E por último, señora Pontón, en canto á análise da lei, falamos de novo do suplemento territorial. Mire, nós —este grupo e o Goberno— reiteramos que estes impostos non gravan a enerxía eléctrica, non gravan actividades destinadas á subministración da enerxía eléctrica. A finalidade destes tributos é compensar os efectos negativos que estas actividades teñen sobre a natureza, polo que a súa recadación vai destinada á conservación, reparación ou restauración do medio. Polo tanto, nin desde este grupo nin dende o Goberno se entende que se poidan repercutir estes suplementos aos consumidores galegos; son impostos de carácter ambiental. E debería de saber que tanto para nós como para o Goberno segue vixente o mandato aprobado por unanimidade na Comisión 6ª deste Parlamento, a expensas dunha iniciativa do señor Losada, e para nós ese mandato segue vixente.

Por falar un pouco das intervencións dos demais partidos, señor Losada, eu levo pouco tempo como deputada, pero xa lle teño dito outras veces que eu e todos nós coñecemos a historia enerxética deste país, e, dende logo, vostedes non poden vir aquí darnos leccións. Non pode vir falar de ministros porque, se falamos de ministros, podemos falar do señor Sebastián.

Mire, esta lei que aprobou o Goberno do Estado (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) veu solucionar o buraco que vostedes provocaron. E non vale vir aquí sacar peito e poñer todo en cuestión, querer derrogar a lei e non mirar para atrás. Vostede foi o que falou do pasado, entón obrígame a min a que fale do pasado. ¡É que máis de 30.000 millóns de euros do déficit de tarifa, señoría, témolos que seguir pagando!

Voulle dar algún dato que ao mellor vostede non sabe. No 2008 instaláronse case 2.800 megavatios de enerxía fotovoltaica; equivalente a 3 centrais nucleares, e das máis potentes. Naquela época, a metade dos paneis que se producían en todo o mundo viñan para España. Os que se producían en todo o mundo viñan para España, cando era unha tecnoloxía hiper cara. Polo tanto, no 2004 o déficit de tarifas subiu ata tal nivel, xa llo ensinei antes e vólvollo ensinar outra vez, que agora, señoría, durante vinte e cinco anos témolo que estar pagando. E nós, o de sempre, ¡os gobernos do Partido Popular veñen solucionar os problemas que deixaron os gobernos da esquerda deste país, señorías! (*Aplausos.*)

En canto ao tema dos suplementos, nós esperamos que o señor Losada estea ao lado do Goberno e que siga apoiando o mandato que aprobamos por unanimidade. ¡Eu espero que siga aí!

Miren, señores de En Marea, a súa postura enerxética xa a coñecemos. Veuna presentar aquí, pero é que xa a coñecemos. Vostedes cámbiana en función de se se reúnen cun sindicato. Presentan unha proposta, despois teñen unha reunión cun sindicato e bótana atrás. Non os tomamos en serio, señoría.

Este Goberno non está ao lado das grandes empresas eléctricas. Non está, non. Porque nós, dende que gobernamos, abrimos 2.500 expedientes con sancións de case 24 millóns de euros, e cando gobernaron, por exemplo, os señores do Bipartito, abriron 9 expedientes por un valor de 97.000. Iso hai que recordalo, é importante.

Nós estamos a implantar iniciativas que reducen a factura da luz nas administracións, ¡importantes reducións! Polo tanto, non me diga que tamén estamos ao lado das grandes empresas porque lles estamos a reducir a factura. O Goberno central, xa llo dixen o outro día, está cunha iniciativa para rebaixar as retribucións. Veremos o que fan vostedes e o seu grupo no Congreso dos Deputados. A ver se apoian o señor ministro. ¡A ver se é verdade!

Entón, nós non somos os que estamos ao lado das empresas amigas e asinamos contratos a empresas afíns. Nós non somos como vostedes, non estamos en contra das grandes industrias. Non somos como vostedes, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Remato xa.

Este grupo non pode apoiar esta iniciativa por ser insolidaria co resto de España e cos propios consumidores galegos; por ser un mal negocio para todos; e porque xa dixen antes que presenta rasgos de falta de constitucionalidade.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Réplica.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecerlles tanto ao PSOE como a En Marea as súas aportacións neste debate. Viñemos aquí falar do que pasa coa enerxía no noso país, é evidente que temos discrepancias a respecto dalgunhas cuestións. Pero, bueno, polo menos, eu creo que desde o debate hai puntos en común. Eu creo que o representante de En Marea é consciente de que na nosa iniciativa tratamos aspectos que teñen que ver con cambiar como se establece

o prezo da enerxía, favorecer un cambio de modelo enerxético, unha transición desde o punto de vista de como producimos, que é evidente que é un dos debates importantes que temos no noso país.

Pero, evidentemente, nós tamén pensamos que non podemos dar o debate sobre o papel de Galiza desde o punto de vista da produción enerxética neste país como se estiveramos en Murcia. Polo tanto, cando nós temos unha situación moi específica, na que ademais vivimos un espolio continuo dos nosos recursos, o máis de esquerdas e progresistas que podemos defender é que a enerxía que utilizamos no noso país se utilice para mellorar as condicións de vida da nosa xente, e, polo tanto, cumprir un principio básico que está establecido na propia Declaración dos dereitos humanos e universais, e é que os pobos temos dereito a utilizar os nosos recursos para desenvolver e mellorar a vida do país, e non —como se está facendo neste caso— onde un ben que é un servizo público, e un ben de todos os galegos e galegas, aquí só nos deixa a parte contaminante e a peor parte do proceso. (*Aplausos.*) Polo tanto, eu ánimoos tamén a que reflexionen a respecto deste aspecto e que pensemos desde Galiza, porque penso que iso é o que pode cambiar o devir do noso país.

Tamén lle agradezo ao PSOE a súa posición en relación co tema dos suplementos autonómicos. Nós coñecemos os debates —como non pode ser doutra maneira— que se deron neste Parlamento. Tamén é certo que cando nós defendemos a supresión destes suplementos autonómicos no Congreso no ano 2013, naquela ocasión o Partido Socialista mantiña unha posición ben diferente. Se esta é a nova posición que ten o PSOE, benvida sexa, porque creo que é un paso adiante importante. (*Aplausos.*)

E en relación coa señora Nóvoa, pois vina moi enfadada. Eu non sei por que lles molesta que traíamos iniciativas para mellorar as posibilidades do noso país. Tiven por un momento a sensación de que me estaba botando a bronca por traer unha proposición de lei a este Parlamento. (*Aplausos.*) En fin, cando facemos propostas moléstalles, cando non facemos propostas din que só criticamos. É moi difícil telos contentos e contentas, menos mal que teñen maioría, se non non sei como sería este conto.

Para vostede a defensa do servizo público é demagogia. Ou sexa, defender a electricidade como un servizo público é demagogia. ¡Non, non, é un cambio fundamental de concepción, porque vostedes defenden a electricidade como un negocio duns poucos! Así levaron a adiante unha privatización do sector eléctrico que é unha das grandes estafas a este país. (*Aplausos.*) Eu era moi pequena daquela, pero teño bastante boa memoria, e aínda lembro como nos dicían que a privatización ía abaratar o prezo da luz, porque como ía haber máis competencia íamos ter a luz máis barata.

Nos últimos dez anos o prezo da luz case se duplicou no Estado español, ¡non subiron así os salarios! E, polo tanto, a nós parécenos que o mantra que vostedes utilizan de que a liberalización mellora as condicións de vida, e que dá igual que se defina ou non como un servizo público, é un cambio fundamental. Porque vostedes prefiren que uns poucos fagan negocio e non que a maioría teña acceso a un ben de primeira necesidade como é a electricidade. E este tamén —¡claro que si!— é un debate importante para o futuro.

Ten vostede tamén unha memoria selectiva, forma parte de como constrúe o Partido Popular os seus relatos. O déficit tarifario non o inventa o Goberno de Zapatero —non teño ningún interese en defendelo—, é que o recolle o señor Aznar na Lei do ano 1977, do sector eléctrico, *(Aplausos.)* É aí onde empeza. *(Aplausos.)* E vostedes veñen aquí cargarlle todas as culpas ao PSOE —que non creo que sexan santos e non haxa cuestións que dicirlles—, pero aí hai que ter moita cara dura para vir aquí defender con ese rostro este tipo de cuestións.

A nós o que nos gustaría é que o Partido Popular, que se puxo a camiseta de militantes de Galiza, o demostre na práctica defendendo unha tarifa propia para este país. Un principio básico: que nos poidamos beneficiar da produción de electricidade.

Porque, ¿saben o peor? —e con isto conclúo—, o peor é que os galegos e galegas que producimos electricidade por riba facemos un esforzo maior que a media do Estado para poder pagar a luz, porque temos salarios máis baixos e pensións máis baixas. E vostedes, que pactaron, por exemplo, co PNV unha tarifa máis baixa para as súas empresas que lles permite aforrar 50 millóns de euros, *(Aplausos.)* non queren unha tarifa galega que nos permitiría aforrar 500 millóns de euros *(Aplausos.)* a empresas e a familias. *(Aplausos.)*

A realidade é que nós temos un país onde o propio Instituto Galego de Estatística nos está alertando de que hai 180.000 persoas que non poden prender a calefacción. Que mentres pregoan..., a vostede dálle igual porque non ten problemas para pagar as facturas. Pero é que o que nos di o IGE é que no último ano se duplicou o número de persoas que teñen problemas para pagar a súa factura da luz e da auga. A cifra máis alta desde o ano 2013...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...pero a vostedes dálles igual e non toman ningunha medida para mellorar a vida da xente, prefiren seguir mantendo os beneficios das eléctricas e o espolio enerxético do noso país que defender os intereses de Galiza. Unha lástima, porque este país merece algo mellor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, do G. P. de En Marea, de modificación do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

A Lei 23/2013, que modificou o Sistema público de pensións, na realidade é unha reforma radical que baixo a pretensión de recuperar o equilibrio financeiro do sistema o que fai é reducir o gasto, isto é, baixar as pensións, as actuais e as futuras. Unha reforma radical, porque abandona a lóxica de facer compatibles dúas condicións fundamentais: a sostibilidade económica do sistema si, pero a suficiencia das pensións tamén. Unha reforma radical porque rompe con consensos básicos previos e con principios aceptados pola maioría, como era o mantemento do poder adquisitivo das pensións. Unha reforma radical imposta pola maioría absoluta dun partido contra o resto do Parlamento, rompendo a lóxica dos acordos de Estado. Unha reforma radical que incumpre un mandato constitucional claro, que obriga a revalorizar as pensións para asegurar a suficiencia económica das persoas pensionistas.

Por riba da Constitución, por riba dos consensos sociais e políticos, por riba, sobre todo, dos pensionistas, o importante era obedecer o ditado da Troika que impuxo a estratexia da austeridade, da redución do gasto público, tamén no Sistema público de pensións.

As reformas de 2011 e 2013 son un ataque ao benestar dos pensionistas, porque foron impostas co único obxectivo de recortar o importe das pensións dentro da estratexia de redución do gasto público e de deterioración do estado de benestar. Foron impostas no máis duro da recesión cumprindo o ditado da Troika, o ditado da austeridade extrema, renunciando a buscar un cambio no modelo de financiamento do sistema pola vía de aumentar os seus ingresos.

A reforma de 2011 supuxo elevar a idade de xubilación ordinaria de sesenta e cinco a sesenta e sete anos; aumentou de quince a vinte e cinco anos o período de cómputo para o cálculo da pensión; endureceu as condicións de acceso establecendo, entre outras medidas, a necesidade de cotizar trinta e sete anos para ter dereito ao 100 % da pensión.

A reforma de 2013 é máis simple, pero aínda máis dura, porque anticipa ao 2019 a aplicación do malamente denominado factor de sostibilidade, pero, sobre todo, porque eliminou a actualización das pensións vinculada ao IPC, ao incremento dos prezos, introducindo o denominado «índice de revalorización de pensións».

Sexamos claros, todas estas medidas teñen un único obxectivo: reducir o importe das pensións que cobran os pensionistas. Os actuais, a través do índice de revalorización, e os futuros, que sufrirán a partir do ano 2019, o factor de sostibilidade. Isto é, búscase un suposto equilibrio financeiro do sistema á custa de baixar as pensións.

O mal chamado factor de sostibilidade supón un recorte gradual pero sostido no tempo, que vai provocar unha redución moi importante na pensión inicial en comparación co último salario, o que se coñece como taxa de reposición. Ten unha lóxica perversa, a pensión vaise reducir a medida que aumenta a esperanza de vida, o ben transformado en mal. Como se vai cobrar máis anos, vaise cobrar menos cada mes, porque a pensión será menor, coa idea de repartir o mesmo importe global en máis anos de vida. Xa se sabe —porque o cálculo está feito— que cando se empece a aplicar, a partir do ano 2019, suporá unha redución do 0,7 % na pensión inicial. Unha perda inicialmente pequena, pero como se vai acumulando co paso do tempo chegará a ser do 15 % de perda sobre a pensión inicial en vinte anos.

Pero o recorte máis duro da reforma de 2013 é o denominado índice de revalorización. Primeiro, porque afecta todos os pensionistas, os actuais e os futuros. Segundo, porque condena a unha perda continuada e acumulativa do poder adquisitivo. Desligar o aumento da pensión da variación do IPC vai provocar —e está provocando xa— unha profunda deterioración do nivel de vida dos pensionistas, porque os prezos medran moito máis que as pensións e, polo tanto, perderán valor en termos reais.

Tal e como está definida a fórmula, o índice de revalorización nunca vai superar o 0,25 %, e iso supón condenar a case conxelación das pensións de forma permanente durante décadas. Fronte a esta cifra mínima do 0,25, as previsións máis conservadoras estiman que o IPC estará de media no 2 %, que é a cifra obxectivo definida polo Banco Central Europeo. Xa pasou no 2017, un incremento das pensións do 0,25 e un IPC do 2,1 % de media anual, o que significou unha perda do 1,85 % do poder adquisitivo dos pensionistas galegos, o que equivaleu a unha perda de máis de 200 euros anuais. O plan do Goberno é facer permanente esta situación condenando os pensionistas a unha deterioración continuada da súa situación económica. Se a revalorización vai ser sempre do 0,25 e o IPC vai estar no 2 %, iso significa que as pensións van perder un 30 % de poder adquisitivo nos próximos vinte anos.

Non é unha opinión persoal ou parcial, e mesmo deberíamos non perder tempo debatendo isto, porque hai institucións que contan co respecto da maioría académica ou política que o din claramente. Vou ler literalmente un informe do Banco de España, como é literal léoo tal e como está escrito: «*La caída de la tasa de sustitución se producirá por la operativa del factor de sostenibilidad, que reduciría la pensión inicial de las nuevas cortes de jubilados. Y, sobre todo, por el índice de revalorización...*» —atención— «*...que implica una disminución del poder adquisitivo de las pensiones*». O Banco de España di: «*El funcionamiento del índice de revalorización llevaría a incrementos anuales de las pensiones del 0,25 % en todos los años, lo que en un contexto de crecimiento de la tasa de inflación en el entorno del 2 % generaría pérdidas sistemáticas de poder adquisitivo de las pensiones. El factor de sostenibilidad, por su parte, reduciría la pensión inicial en torno a un 7 % en 2030 y un 12 % en 2040*». O Banco de España dixit.

Aceptando estas estimacións —que espero que non se rebatan nesta Cámara—, en vinte anos as pensións, en termos reais, van ser de media un 40 % inferiores ás que habería de non ser polos efectos da reforma do 2013, ¡40 %! Os pensionistas van perder o 40 % do seu poder adquisitivo, e isto é inaceptable, porque sería transformar as pensións baixas que temos hoxe en pensións de miseria. Para que se entenda mellor: é coma se a pensión media actual en Galicia, que é de 788 euros, fose hoxe de 473, a pensión de autónomos, que é de 561 euros, fora de 337 e a pensión de viuvez fora de 330 euros ao mes. ¿Isto é decente? ¿Pode vivir unha persoa con esta cantidade? Obviamente, non. Serán pensionistas pobres, condenados a buscar traballos en negro, a depender da súa familia, a vender a súa casa.

Devaluar as pensións, ademais, terá graves consecuencias para a vida das persoas e mesmo para o crecemento económico nos próximos anos. Vai supoñer a perda de poder adquisitivo de 750.000 persoas, que é o número actual de pensionistas en Galicia, pero que vai camiño de chegar a un millón de persoas dentro de vinte e cinco anos. Son persoas que non teñen alternativa para compensar con outros ingresos a perda dese 40 % do seu nivel real de ingresos. Vai provocar un aumento da pobreza e da desigualdade, porque as pensións, que

hoxe son baixas, se colocarán, con esa perda do 40 %, por debaixo do limiar da pobreza. Vai deteriorar o benestar do 35 % dos fogares galegos; un de cada tres fogares galegos que teñen na pensión o ingreso fundamental. Vai debilitar o crecemento da economía e a creación de emprego, porque o gasto realizado polos pensionistas supón a cuarta parte do consumo dos fogares, e reducir o seu poder adquisitivo supón debilitar a demanda interna, que é a compoñente fundamental do crecemento económico. Hai un informe de analistas financeiros internacionais que di que devaluar nestas cifras as pensións suporá un crecemento menor do PIB de 1,5 puntos cada ano e a non xeración de 300.000 empregos cada ano.

Esta condena ao empobrecemento dos pensionistas deféndese cunha única razón: que o sistema non ten recursos para soportar que as pensións suban o mesmo que o IPC. Non nos gusta, pero facémolo porque non temos máis remedio. Porén, esta idea é unha falacia, como se demostra nun informe oficial que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social entregou na Comisión Permanente do Pacto de Toledo. O Ministerio inclúe neste informe unha táboa de como evolucionara o gasto en pensións ata o 2050, cun resultado moi revelador. Se a economía medra de media ao 2 %, cifra moi inferior á media histórica do Estado español dende que recuperamos a democracia e se revalorizan as pensións coa subida do IPC, o gasto en pensións pasaría de ser o 11,8 % sobre o PIB actual a ser o 12,8 % en 2030 e o 13,9 % en 2050. Isto é, actualizando as pensións, incrementándoo o mesmo que o IPC, o gasto aumentaría tan só un punto de PIB en trece anos e dous puntos de PIB en trinta e tres anos; un incremento máis que razoable porque nese tempo vai aumentar o número de pensionistas e, polo tanto, é lóxico que destinemos maiores recursos, maiores fondos, ao sistema público de pensións.

É posible facelo, podemos financiar 1 punto de PIB ou 2 puntos de PIB para o sistema público de pensións e atender 14 millóns de persoas pensionistas neste país. ¿É posible facer 1 punto de PIB, 2 puntos de PIB? Rotundamente, si. Hai unha idea fundamental, e é que nos próximos trinta e tres anos sería tempo suficiente para corrixir o diferencial de 8 puntos de PIB en presión fiscal que ten España en comparación coa media da Unión Europea. Bastaría a cuarta parte da normalización fiscal do Estado español con respecto á media da Unión Europea para destinar 2 puntos ao sistema para facer compatible o seu equilibrio financeiro coa revalorización das pensións, con ter pensións dignas para a xente do noso país.

Se isto é así, que o é, ¿por que non o fai o Goberno a pesar do enorme custo electoral que lle está supoñendo? A resposta a esta pregunta está tamén nun documento oficial: o programa de estabilidade que cada ano presenta o Goberno de España diante das autoridades europeas para demostrar que cumpre axeitadamente os ditados da Troica.

Na páxina 41 da última actualización o Goberno define a súa política de ingresos e gastos dominada por unha idea fixa que é case unha obsesión: reducir o tamaño do sector público. O plan do Goberno é baixar dun gasto público actual equivalente ao 42,4 % do PIB a tan só o 39,2 % no ano 2020. Isto é, 3,2 puntos menos de PIB, equivalentes a case 40.000 millóns de euros.

Esta é a razón de por que o Goberno non quere actualizar as pensións a pesar da enorme dor social que provoca esta decisión e as graves consecuencias que vai ter sobre o benestar da cidadanía, e mesmo sobre a economía. Non é por unha restrición económica, non está pro-

vocada pola demografía; a razón real é o fundamentalismo neoliberal do Goberno, a súa obsesión por reducir o gasto público. As pensións son 1 de cada 4 euros do gasto público de España e, polo tanto, se ti tes a estratexia de reducir o gasto público, inevitablemente, tes que actuar sobre a compoñente fundamental dese gasto.

Remato.

A Constitución española no seu artigo 50 di: «Os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade». É un mandato constitucional claro. Un goberno que acepte a Constitución ten que actualizar as pensións para que estas permitan ter suficiencia económica e unha vida digna aos pensionistas. Por iso, o debate non pode ser se é posible ou non actualizar as pensións, porque iso xa o decidiu o constituínte, o único debate real é como o facemos.

O artigo 50 ten o mesmo valor que o artigo 135 ou que o artigo 155; obriga a revalorizar as pensións a un goberno que acate e que cumpra a Constitución. Non se pode ser constitucionalista a tempo parcial, non se pode decidir segundo que artigo, este si, este non.

Por todo iso, presentamos esta proposición de lei, na que plantexamos a derogación do artigo 210.1 e do artigo 211, que regulan o factor de sostibilidade, e a modificación do artigo 58 da Lei 23/2013, para que as pensións se actualicen, cando menos, o mesmo que o IPC.

Remato cunha idea final. No tempo de chumbo da austeridade impuxéronse neste país reformas inaceptables. As reformas laborais están xerando traballadores e traballadoras pobres, a reforma das pensións vai provocar pensionistas pobres. Estamos nun momento decisivo na nosa historia. Estamos no momento de evitalo.

Polo tanto, nós facemos un chamamento a esta Cámara, aos deputados desta Cámara, para que pensen no seu país, que pensen nas persoas, que pensen nos pensionistas que están ao seu arredor e para que non lles fagan esta falcatuada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Antes de dar a palabra á representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, saudamos os alumnos de 5º de primaria do Centro de Prácticas López Ferreiro, de Santiago, e tamén os profesores que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

E moi bo día aos alumnos e alumnas do colexio de Santiago.

Eu quero empezar a miña intervención de hoxe —antes de empezar a falar do sistema público de pensións, que tamén é falar do voso futuro, nenos e nenas, porque se supón que

temos que preservar o futuro das pensións para que vós, cando sexades maiores, tamén teñades dereito a elas — apoiando os traballadores e traballadoras do Hospital de Monforte, que hoxe están en folga; en folga en defensa dunha sanidade pública e de calidade, porque non é posible esa sanidade pública e de calidade nun hospital onde o cadro de persoal é deficitario e cada vez máis minguante, onde sistematicamente se pechan camas e plantas enteras, onde hai derivacións constantes á privada, onde hai unha mobilización permanente de persoal duns servizos a outros, onde hai sobrecarga de traballo e presión asistencial e onde na vez de mellorar un hospital comarcal, cada vez a súa situación é peor. Co cal, hoxe desde aquí, desde esta tribuna do Parlamento, quero trasladarlles todo o apoio do Bloque Nacionalista Galego.

E indo ao tema que nos ocupa, seguimos debatendo sobre o sistema público de pensións, sobre o debate aberto arredor da súa viabilidade, sobre as ameazas ás que se enfronta, sobre as mentiras oficiais, as medias verdades e sobre toda a publicidade arredor das mesmas. Este debate arredor da súa viabilidade vén de lonxe. Desde hai anos vénse prognosticando a quebra, a quebra do sistema, e cada vez que se quere facer unha reforma, unha contrarreforma, cada vez que se quere poñer en marcha unha nova medida para recortar o sistema, sempre vén precedida dun debate, e dun debate que sempre vén dar no mesmo, un debate cuns argumentos moi simplistas: que a esperanza de vida aumenta progresivamente e hai menos cotizantes por causa da caída da poboación. E a partir de aí esténdese a alarma social, pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións. O obxectivo, entón, está claro. Este argumento repetido machaconamente por todos os instrumentos que ten o poder — que, evidentemente, non son poucos, son moitos —, por todos os medios de comunicación ao servizo dese poder, estende esa alarma social.

E digo que este debate vén de lonxe. Na década dos noventa xa estaba ese debate. Desátase unha forte campaña publicitaria da banca, das campañas aseguradoras, nesa dirección de captar fondos privados de pensións, e para iso necesítase atemorizar a poboación pública, presentando o sistema de pensións público como inviable. Se a poboación non está atemorizada diante desa inviabilidade do sistema de pensións e a Administración pública non vai recortando o sistema público, a poboación non vai directamente a ese sistema público. Os datos están aí. Se no ano 1990 no Estado español había 320.000 persoas que tiñan un sistema privado de pensións, no ano 2000 había tres millóns e medio de persoas cun sistema privado de pensións e no ano 2017 xa temos oito millóns de persoas cun sistema privado. Evidentemente, como o Guadiana, recorrentemente vaise axitando esa campaña e vemos que vai surtindo efectos e, evidentemente, aínda non estamos nos niveis doutros estados da Unión Europea que teñen de fondos privados, co cal, aínda hai terreo para atemorizar a poboación e que sigan indo aos sistemas privados. E isto vai acompañado tamén con desgravacións dos fondos privados de pensións.

O obxectivo é claro: é transvasar recursos públicos da maioría da poboación da clase traballadora cara ao capital. Desde esa década dos noventa o debate internacional sobre a reforma das pensións estivo sempre dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, do Fondo Monetario Internacional, da OCDE, de comités de expertos, evidentemente expertos sempre ligados a estes comités de sabios, sempre na contorna destes intereses, que sempre determinan que, efectivamente, de non tomar medidas, será inviable o sistema público

de pensións; un ataque progresivo, constante, premeditado e deseñado. No 1997 o Goberno de Aznar aproba a lei que establece un cambio fundamental, que é que a totalidade das pensións contributivas saian dos orzamentos e que se surtan simplemente das cotizacións sociais. No 2007, xa cun goberno do PSOE, acórdanse medidas para o aumento do tempo de cotización; para ter dereito a pensión, establécese un aumento das mesmas; rebáixanse as cotizacións á patronal. No 2011 na reforma das xubilacións pásase a que sexa no 2027 xa totalmente aos 67 anos, pásase de quince a vinte e cinco anos o período de cálculo da base reguladora das pensións, auméntase de trinta e cinco a trinta e sete anos a idade necesaria para cobrar o cen por cento da pensións, recórtase o complemento de mínimos. No ano 2012 o Goberno do Partido Popular reforma o sistema de desemprego. E a lei de decembro de 2013 pon o colofón a estas reformas. ¿Que trae consigo? Desvincula definitivamente a actualización das pensións do IPC e introdúcese o factor de sostibilidade.

Entón, ¿que significa? Adiántase a entrada en vigor para o ano 2019, é dicir, o ano que vén, e vai ter en conta a esperanza de vida; é dicir, canto máis se viva menos se vai cobrar. Pero, ademais, segundo este factor, a medida que aumenta a esperanza de vida, diminúe a contía mensual a percibir polas persoas. Un factor evidentemente inxusto, non ten en conta que non todas as persoas teñen a mesma esperanza de vida, por razón de clase, de orixe, de profesión, de calidade de vida, de formación, de recursos, como todos sabemos. Un factor de sostibilidade que se acumula ao índice de revalorización, conxelado, ou reducido ao 0,25 %, que significa na práctica perda de poder adquisitivo, ou, o que é o mesmo, recorte das pensións. Isto foi complementado co saqueo ao Fondo de Reserva das pensións.

En resumo, ano de ataque á clase obreira mentres se acatan as ordes dos amos, da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvencións á Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autopistas, auméntase o beneficio das empresas, diminúense as súas obrigas, ataques á maioría social, ataques e roubo á clase traballadora, á maioría social, e osténtanse privilexios ao capital. É dicir, temos un escenario perfectamente definido: mentres se teñen metido miles de millóns ao rescate da banca, continuamente pois roubo á clase traballadora.

Eu quero lembrar que as pensións non son un privilexio, é un dereito conquistado, non agasallo de ninguén, dereito conseguido froito da confrontación da clase traballadora, e coa rebaixa da revalorización, coa subida da idade de xubilación, co aumento do período de cálculo, coa introdución do factor de sostibilidade, coa rebaixa do salario, é un auténtico atraco e un roubo organizado, que, evidentemente, con todas estas medidas, o que se pretende é que siga en aumento progresivo.

Co cal o BNG vai apoiar esta proposición de lei que trae hoxe aquí En Marea, que é unha parte do problema, do roubo organizado á clase traballadora, igual que outros aspectos que temos traído aquí, que había que complementar evidentemente. O problema fundamental son as reformas continuas que só traen o roubo continuo da clase traballadora, que, evidentemente, o BNG vai seguir insistindo en que hai que derrogar, en que hai que reverter todo ese paquete de medidas que o único que fan é que a clase traballadora presente a factura nas pensións e que vai tamén no paquete todo o roubo nos servizos públicos, que, evidentemente, hai que confrontar na parte lexislativa pero tamén na parte do confronto pois na rúa e que hai que reverter estas medidas.

Co cal, señor Lago, imos apoiar estas medidas, porque é evidente que, nun contexto onde non ten maioría absoluta o Partido Popular no Congreso dos Deputados, faise máis que imperativo reverter esa lexislación que é lesiva non, o seguinte, para a clase traballadora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Os socialistas, neste caso, xa anticipamos o noso voto favorable á toma en consideración desta proposición de lei presentada polo Grupo de En Marea. Apoiamos esta proposición de lei, entre outras razóns, porque o noso grupo parlamentario no Congreso dos Deputados ten presentado iniciativas que van no mesmo sentido.

Os homes e as mulleres socialistas pensamos que é unha falla de respecto e unha fraude aos pensionistas a actitude que ten adoptado o Goberno do Partido Popular, que, de xeito reiterado, proclamaba que nunca as pensións durante o seu goberno terían unha mingua retributiva; non obstante, non tardaron nin un ano en incumprir as súas propias promesas. A verdade é que é unha proba máis da falla do compromiso do Partido Popular co seu país, cos seus habitantes, coa súa poboación.

O Goberno do Partido Popular en España ten depauperado o sistema de protección social, primeiro, cunha pronunciada e provocada diminución de ingresos da Seguridade Social e, posteriormente, cun insuficiente incremento, sempre cos resultados inferiores aos rexistrados durante o ano 2011, e provocando, polo tanto, a debilidade do propio sistema.

A conxelación do salario mínimo interprofesional, a súa translación, polo tanto, ás bases mínimas de cotización; a redución dos salarios provocados pola reforma do mercado laboral do Partido Popular no ano 2012 e, polo tanto, a súa incidencia directa tamén no traslado ás bases de cotización dos traballadores; o establecemento de tarifas planas; e as reducións nas cotizacións sociais, así como outras medidas que teñen minorado os ingresos, teñen sido asumidas exclusivamente por parte da Seguridade Social, e, polo tanto, son estas políticas do Partido Popular as que xeraron a inestabilidade do propio sistema.

Os socialistas plantexamos que basta xa de escusas que xustifiquen aprazar a toma de decisións que permitan a revitalización, a estabilización e a sostibilidade do sistema de pensións públicas. Tense que garantir a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas e tense que volver recuperar a solidariedade interxeracional, territorial e sectorial para o sistema de protección pública. (*Aplausos.*)

Miren, señoras e señores deputados do Partido Popular, non se preocupen: se non o aproban aquí, no que se estarán manifestando coa súa ideoloxía, será a rúa a que gane esta batalla e os homes e mulleres socialistas estaremos de novo ao carón dos homes e mulleres pensionistas dese país, e esa batalla vaise ganar, queiran vostedes ou non.

Polo tanto, é urxente anticipar as medidas de reforzo da estrutura de ingresos do sistema, de modo que se garanta un axeitado financiamento e a sostibilidade do sistema, mantendo uns niveis dignos de cobertura.

Dende 2011 é verdade que as pensións públicas viron limitada a súa revalorización, pero é que coa Lei 23/2013, coa reforma integral do sistema de pensións, ademais de acusar unha perda importante de poder adquisitivo, non se garante o seu futuro, agravándose aínda máis cando vemos que a finais de 2016 e durante 2017 se revalorizan as pensións nun 0,25 % pero os prezos increméntanse por riba dun 1 %. Polo tanto, a merma é moito máis significativa para o poder adquisitivo e de compra dos homes e mulleres pensionistas do noso país.

A gravidade e a duración da crise, a intensidade do desemprego —especialmente o de longa duración—, a deterioración das condicións laborais para un gran número de persoas no noso mercado de traballo e unha evolución demográfica decrecente —e que as políticas do Partido Popular non teñen pensado que isto se reverta dunha vez por todas— dan como resultado que o sistema da Seguridade Social ten un déficit continuado e que durante os gobernos do Partido Popular no Goberno no Estado cae en case 9.000 millóns de euros, que incrementa o déficit da Seguridade Social, cando goberna o Partido Popular.

Miren, o actual sistema público de pensións, que foi aprobado no ano 1995 co Pacto de Toledo e que se establece como un mecanismo de defensa do sistema, permitiu que nunha década se puidese dotar un Fondo de Reserva da Seguridade Social con máis de 66.000 millóns de euros —recórdolles: Goberno do presidente José Luis Rodríguez Zapatero—, quedando en 2017 —Goberno de Mariano Rajoy, ininterrompido, Partido Popular— en menos de 55.000 millóns de euros. (*Aplausos.*) Polo tanto, a diferenza é de 66.815 a 8.095 no ano 2017. Esa é a súa contribución ao sistema público de pensións.

E vostedes saben perfectamente que as pensións actuaron durante a época de crise como elemento vertebradores da sociedade, permitindo a cohesión da cidadanía, e o propio Defensor del Pueblo na súa memoria 2017 destaca tamén o papel transcendental do sistema de pensións durante os anos de crise.

Os socialistas, no Congreso dos Deputados e nos distintos parlamentos autónomos, temos presentadas varias iniciativas que van dirixidas a garantir o poder adquisitivo das pensións e corrixir o desequilibrio orzamentario do sistema da Seguridade Social, tal como se ten presentado esta proposición de lei por parte do Grupo de En Marea.

Miren, no Congreso dos Deputados, o 14 de marzo de 2017 preséntase xa unha PNL para derrogar a Lei 23/2013, na que se pide adoptar de forma urxente as medidas que permitan acadar un acordo social e político no seo do Pacto de Toledo sobre o índice de revalorización das pensións que garantan o seu poder adquisitivo e que se derroque a dita lei e que, mentres

se acada este acordo, se revaloricen as pensións de acordo coa previsión de inflación e tendo en conta unha cláusula de desviación desta inflación.

O 12 de setembro de 2017 preséntase novamente unha moción sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno para corrixir o déficit do sistema da Seguridade Social, sen endebedalo máis e garantindo o poder adquisitivo das pensións agora que xa teñen esgotado practicamente o Fondo de Reserva da Seguridade Social, e acordouse que no prazo de tres meses, tras a negociación cos interlocutores sociais e sen prexuízo do seu debate no Pacto de Toledo, se adoptaran as medidas necesarias para asegurar o equilibrio financeiro do sistema público de pensións, garantindo a súa sostibilidade e a suficiencia das mesmas.

O 24 de outubro preséntase outra moción na que se reitera o firme compromiso co mantemento e mellora do sistema público de pensións. Pero, ante o incumprimento continuado por parte do Goberno do Partido Popular, o 27 de febreiro de 2018 o Grupo Parlamentario dos Socialistas do Congreso dos Deputados volveu rexistrar unha proposición de lei da que o seu obxectivo fundamental volve ser garantir a suficiencia de revalorización das pensións públicas para o ano 2018 e adoptar as medidas urxentes de reequilibrio orzamentario da Seguridade Social e que se recollan as propostas promovidas polas organizacións sindicais máis representativas, nomeadamente Comisións Obreiras e UGT.

A dita proposición, ao igual que a que se presenta hoxe aquí, ten dous artigos. No primeiro, que se materialice a suficiencia de revalorización anual das pensións 2018 mediante un incremento inicial das mesmas, que é equivalente á estimación de inflación para o presente exercicio. E no segundo artigo, garantir o poder adquisitivo, sendo o obxectivo central desta iniciativa; este incremento faríase coas previsións de inflación e permitiría incrementar as pensións, no seu caso, se a desviación non se corresponde coa realidade.

Polo tanto, a aposta decidida, firme e unánime dos socialistas e das socialistas coa revalorización das pensións e coa dignidade dos homes e mulleres pensionistas do noso país é indubidable, e alí estaremos, e seguro que vostedes, ao igual que aconteceu o 8 de marzo, terán que estar, porque na rúa a presión non a poderán obviar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Eu teño a sensación de que a iniciativa que nos traen hoxe as Mareas de Podemos se inspira nesa teoría dun deputado da súa propia formación, un deputado en Cortes, o señor Fernán Vello, que dicía aquilo de que «os galegos eran un pobo ignorante». E por iso creo que traen esta proposición de lei, pretenden aprobar unha proposición de lei para enviar ao Congreso

dos Deputados e que se poida aprobar dentro de dous anos esta iniciativa, que é o tempo que tarda este tipo de proposicións de lei que enviamos ao Congreso dos Deputados; esa é a estratexia parlamentaria de En Marea para amosar a súa preocupación polas pensións dos galegos e das galegas, que esta iniciativa que se pode aprobar aquí, dentro de dous anos se debata no Congreso dos Deputados.

Eu creo que estamos ante unha proposición trampa, porque se realmente vostedes quixeran subir as pensións dos galegos e das galegas o que farían é apoiar cos seus 5 deputados en Madrid unha maioría parlamentaria, que é a do Partido Popular, que pretende aprobar no prazo mínimo dun mes os orzamentos xerais do Estado, cun incremento das pensións de entre un 1 % e un 3 % para todos os pensionistas do noso país. *(Aplausos.)* Vostedes veñen aquí con fuegos artificiais, fuegos artificiais.

Mire, podemos pasar todo o tempo que queiran discutindo sobre as pensións, pero hai unha realidade que é innegable, hai unha proposta do Goberno de España, hai unha proposta do Goberno central, para subirlles a medio millón de pensionistas galegos as súas pensións entre un 1 % e un 3 %, insisto, medio millón de pensionistas galegos. Esa é unha proposta real para aprobar no prazo dun mes.

¿Van votar a favor? ¿Van votar en contra? Van votar en contra. É que o teñen anunciado, xa o dixeron, dixérono, incluso, antes de que se presentasen os orzamentos xerais do Estado.

Polo tanto, señor Lago, ¿que é esta iniciativa que nos trae vostede? Non é nada, é fume, está baleira como as bancadas do seu grupo. Unha iniciativa baleira, dun grupo baleiro, que non pensa en Galicia, que pensa a ver que titular poden sacar mañá no periódico. É o único que lles preocupa. Vostedes prefiren axitar a pancarta antes de facer cousas efectivas e reais para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Señor Lago, a ampliación da idade de xubilación ata os sesenta e sete anos, o incremento do número de anos de cómputo para acadar a pensión, foi un acordo do Goberno socialista do ano 2011. Vostede criticábao hai un rato. Un acordo do Goberno socialista no ano 2011 coas centrais sindicais, con UXT, con Comisións Obreiras. ¿E vostede por que o critica sete anos despois e non o criticou no ano 2011? *(Murmurios.)* Non o sei.

Critícao agora, critícao neste foro. Eu teño que dicirlle que vostedes chegan sete anos tarde para facer esta crítica, sete anos tarde. Quizais non o criticaron porque quen gobernaba era a esquerda, e a esquerda faino sempre todo moi ben ¿verdade?, e quizais non o criticaron porque vostedes estaban nese sindicato que tamén asinaba co goberno da esquerda. *(Murmurios.)* E eses si que fixeron recortes no noso sistema de pensións.

Mire, índice de revalorización, entre un mínimo do 0,25 % e un máximo do IPC máis o 1,5 %. Ese é o índice de revalorización, polo tanto, non conte as cousas a medias. Vostede fala sempre do 0,25 %. O 0,25 % cando as cousas van mal.

Mire, dos vinte e oito países da Unión Europea só catro manteñen un sistema de revalorización das pensións baseado no IPC, o resto dos países —vinte e catro, para vostedes están equivocados todos eles— apóianse en índices similares aos que aplicamos en España.

Polo tanto, nós non lle podemos comprar e aceptar o seu discurso, porque se basea nunha falacia absoluta, nun posicionamento ideolóxico de bos e malos, maniqueísmo político no que están instalados as Mareas de *Pudimos*.

Mire, nós defendemos, no peor momento da historia económica do noso país, un sistema nacional, un sistema público de pensións. Defendémolo como ninguén, sen o apoio de ninguén, e polo tanto nós temos que dicirlle que no peor momento da crise, no ano 2011, foi un goberno do Partido Popular o que desconxelou as pensións, e desconxelámolas porque vostedes as conxelaron, a esquerda, coa súa conivencia. Non veñan dar leccións agora de ningún tipo.

Mire, dende 2011 as pensións subiron todos os anos, dende 2011 as pensións subiron todos os anos. No ano 2017 o gasto en pensións foi de 139.000 millóns de euros, o que supón o 40 % do orzamento que xestiona o Goberno do Estado.

Foi este goberno, ningún da esquerda, este goberno, o do Partido Popular, o que aplicou reformas para mellorar e garantir o futuro das pensións.

Mire, nós puxemos en marcha un complemento por maternidade na pensión das mulleres traballadoras con dous ou máis fillos a cargo, que supón un incremento da pensión un 15 % para esas mulleres. Fixémolo nós, vostedes non. Vostedes non fixeron nada. Conxelalas, e vostedes mirar para outro lado. Nós ampliamos as pensións das mulleres traballadoras no peor momento da crise. (*Aplausos.*)

Nós incrementamos as pensións de viuvez no noso país un 6 %, grazas a esta medida un 6 %. Vostedes nada, conxelalas. Esa é a realidade.

E, polo tanto, vostedes cren que arranxan as cousas dende as pancartas, pero nas pancartas non fan absolutamente nada.

¿Que credibilidade ten a oposición cando fala destas cuestións? Pois bastante pouca.

Falaba a señora Prado, do BNG, sobre a nosa preocupación, presunta preocupación, sobre os plans de pensións privados. Mire, iso é unha falacia, é unha mentira, simplemente mentira.

Mire, en España os plans de pensións privados absorben o 12 % do aforro das familias, en Europa o 37 %. Esa é a realidade, esa é a realidade.

Nós melloramos as pensións públicas, señora Prado, máis pensións, máis altas e durante máis tempo. Iso fixémolo nós, sen apoio, dende logo, da esquerda. (*Aplausos.*)

A verdade é que escoitar a señora Rodríguez Rumbo, do Partido Socialista, falar destas cuestións produce certa tenrura, porque, ¿sabe que pasou coa hucha das pensións? ¿Sabe que pasou co fondo de reserva? É que houbo que botar man do fondo de reserva, porque vostedes mandaron ao paro a 3.800.000 traballadores, polo tanto, desequilibrouse o sistema, había máis gasto e menos ingresos. Polo tanto, esa curva —que nos ensinaba— ensínellela aos

compañeiros de partido, porque foi a curva da mala xestión, da irresponsabilidade, da incapacidade do Goberno socialista. A súa xestión, a do seu partido e a do seu goberno.

Mire, se queren facer algo polo Sistema nacional de pensións aproben os orzamentos xerais do Estado, e os incrementos das pensións estarán garantidos dentro dun mes, non dentro de dous anos, que é o que pretende o señor Lago.

Aprobemos estes orzamentos xerais do Estado, que contemplan deducións fiscais para pensionistas e familias, é dicir, son menos impostos e máis diñeiro nos petos dos galegos. Uns orzamentos xerais do Estado que permitirán mellorar as pensións mínimas e as pensións de viuvez, e isto supón máis diñeiro nos petos dos que máis o necesitan, señor Lago. O demais son demagogias que non nos levan a ningún lado, e de paso aprobemos os orzamentos que darán carga de traballo para os estaleiros da ría de Ferrol, que —polo menos para min— son unha gran preocupación.

Nós aceptamos leccións de todo o mundo, pero non aceptamos leccións dos que non fixeron nada polo Sistema nacional de pensións durante estes anos. Conxelalas é o que fixeron vostedes.

Mire, hoxe en España páganse máis pensións que nunca, hoxe en España as pensións son máis altas que nunca, e páganse durante máis anos que nunca na historia do noso país. Esa é unha realidade, non grazas a vostedes.

A nós gustaríanos que este debate fose un debate serio, que falásemos de como mellorar o sistema, de como facelo viable, de como facelo sostible. ¿E sabe como se fai? Creando emprego, creando emprego, e, dende logo, vostedes non nos poden dar leccións dese tipo.

Nós, dende logo, con esa reforma laboral, que vostedes tanto denostan, temos creado no noso país 1.800.000 novos postos de traballo dende o ano 2014. Vostedes o único que fixeron foi destruílos, e vostedes —os que hoxe propoñen esta iniciativa— mirar cara ao outro lado. Iso é o que fixeron vostedes. Polo tanto, leccións neste sentido non estamos dispostos a aceptarllelas.

Señor Lago, eu estou francamente sorprendido de que sexa vostede quen vén defender esta iniciativa despois dunha información publicada esta mesma fin de semana que demostra que hai salarios que soben moito menos que as pensións no noso país, nos que vostedes, ademais, teñen capacidade de subilos, como son os salarios dos traballadores de Comisións Obreiras en Galicia, que se queixaban estes días de que levan co salario conxelado dende o ano 2013. Eu teño a sensación de que funciona isto de «vendo consellos que para min non teño». Esa é, un pouco, a filosofía que seguen. (*Murmurios.*)

Mire, pensión media en España en 2010, 884 euros ao mes, en 2017, 1.070 euros ao mes. A pensión media de novos pensionistas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...dos que entran agora no sistema, en 2010 era de 1.150 euros, no ano 2017 é de 1.400 euros ao mes.

Señor Lago, eu pídlle que miremos cara ao futuro e que falemos en serio desta cuestión, que falemos en serio porque hoxe temos dez millóns e medio de pensionistas no noso país, pero é que dentro de trinta e dous anos —que non é tanto—, no ano 2050, haberá en España quince millóns de pensionistas.

Establezamos un sistema serio, solvente, que se manteña no tempo e que sexa responsable de forma interxeracional.

Nós incrementamos o gasto, señor Lago, nas pensións: 95.000 millóns no ano 2010, 139.000 no ano 2017. Dixemos que non tocariamos as pensións durante a crise...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...non o fixemos, e agora aumentamos as pensións.

Polo tanto, nós o que lle pedimos é sentido común. Se queren subir as pensións dos galegos, non esperemos a que dentro de dous anos esta iniciativa que vostede nos trae se debata no Congreso dos Deputados. Fagámolo agora, fagámolo cos orzamentos xerais do Estado, e que dentro dun mes lles poidamos subir a pensión a 500.000 galegos entre un 1 % e un 3 %, por certo, de forma progresiva, subimos máis as máis baixas.

¿Está vostede en contra? Ten unha oportunidade nos orzamentos xerais do Estado. Vostedes teñen 5 votos no Congreso, nas mareas de Podemos.

Polo tanto, se queren realmente interesarse polos pensionistas do noso país, non temos unha cita dentro de dous anos, temos unha cita dentro dun mes no Congreso dos Deputados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica, grupo autor da proposición de lei, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bueno, no que ten que ver cun debate parlamentario, quero responder aos portavoces do BNG e do Partido Socialista agradecéndolles o voto a favor, e mesmo que introduciran críticas e comentarios. Eu comparto incluso o que plantexaba a portavoz do BNG, eu creo que esta é unha iniciativa parcial non afeita ao conxunto dos recortes que houbo no Sistema público de pensións, que hai que actuar sobre eles, pero esta é hoxe a demanda social nas rúas, acabar co factor de sostibilidade e acabar con ese índice de revalorización. Polo tanto, nós traemos iso ao Parlamento porque nos parece unha batalla urxente.

Co que ten menos que ver cun debate parlamentario —eu hoxe non sei por que, creo que é pola música que escoitei pola mañá, estou relaxado de máis— non vou caer no ensuciamento do debate. Creo que non se debe de facer, non se deben de ensuciar os debates orzamentarios, un dirixente político debería distinguir o que é un mitin do que é a Cámara onde reside a soberanía popular, e cales teñen que ser os argumentos que se utilizan.

Os deputados e deputadas do Partido Popular non estiveron atentos, pero eu non citei nin unha soa vez o Partido Popular, non fixen nin unha soa vez na miña intervención ningunha descualificación, non falei de Hernando, non falei de Cifuentes. Quixen facer un debate serio, serio sobre as pensións, e chega... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio por favor.

Silencio, por favor. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Silencio.

Imos rematar este debate.

O señor LAGO PEÑAS: E chega o Partido Popular na súa intervención e o que pretende é ensuciar o debate falando de cousas das que nós non falamos aquí, introducindo elementos que non teñen que ver coa nosa proposta, descualificando organizacións... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Silencio, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...utilizando descualificacións a... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor! *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Sánchez, por favor. Está no uso da palabra o señor Lago. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Gustaríame estar no uso da palabra.

O señor PRESIDENTE: Non, non, por iso. Doulla eu. *(Murmurios.)*

Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Unha pandilla de hooligans.

Imos ver, señor Tellado, eu trouxen un debate concreto, e voulle volver ler o que di o Banco de España. O Banco de España di: «El funcionamiento del índice de revalorización llevaría a incrementos anuales de las pensiones del 0,25 % en todos los años.» —todos los años— «Y como la tasa de inflación estará en el entorno del 2 % generaría pérdidas sistemáticas en el poder adquisitivo de las pensiones». Claro, se vostede en vez de debater diso o que pretende é ensuciar o debate

para eludir ese elemento, eu non o vou facer. Eu non vou caer na lama para debater con argumentos, en fin, que non teñen sentido.

O que estamos debatendo, señor Tellado, é o seguinte. Hai unha Lei de 2013 que condena —condena, porque o di o Banco de España— a que as pensións perdan o 40 % do seu poder adquisitivo nos vinte anos que de media se van cobrar as pensións. ¿Vostede está de acordo con iso ou non? ¿Está de acordo ou non? Ese é o elemento do debate.

O que nós dicimos é o seguinte... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)*

O señor LAGO PEÑAS: O que nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, quen se está explicando é un home do seu partido, que está explicándose el. Non fai falta que lle diga vostede o que ten que dicir.

Silencio. *(Murmurios.) (O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, e non entre provocando os do outro grupo. *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)* ¡Xa está! *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)* Bueno. Xa entenderon. Non xoguemos con bobadas, por favor. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

O señor LAGO PEÑAS: Este é o elemento central do debate que este grupo de En Marea levou ao Congreso dos Deputados e trae a esta Cámara. ¿Imos consentir que os pensionistas do noso país perdan o 40 % do seu poder adquisitivo nos próximos vinte anos? ¿Quen vai ser cómplice desa decisión?

A segunda parte do que nós dixemos aquí é que ese proceso non é inevitable, non hai ningunha razón de restrición económica que impida que non actuemos. E iso sustentámolo, señor Tellado, nun informe oficial do Ministerio de Emprego, que di que o gasto en pensións, revalorizándoas segundo o IPC, se incrementaría un punto sobre o PIB ata o ano 2030 e dous puntos sobre o PIB ata o ano 2050. Dío Fátima Báñez. Bueno, ¿por que non debatemos sobre iso?

Eu estou tan orgulloso de que fun economista de Comisións Obreiras, tan orgulloso diso, que non pode provocarme. No sindicato cando faciamos unha negociación aprendemos algo

rapidamente, cando un empresario eludía a discusión e nos insultaba xa sabíamos que nós tiñamos a razón e non perdíamos os papeis. Eu o que lle digo é o seguinte —e remato con esta idea—, o seu modelo, o modelo da Lei 23/2013, implica a redución do 40 % do poder adquisitivo das pensións, é converter os pensionistas en pensionistas pobres; non é unha afirmación de En Marea, dío o Banco de España. Di o ministerio que é posible financialo se España se normaliza en termos orzamentarios coa Unión Europea.

Remato cunha idea desa falsidade argumental...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...que me sorprendeu. Imos ver, señor Tellado, se o Partido Popular quixera derrogar a Lei 23/2013, ¿canto tempo lle levaría facelo? Menos que aprobar os orzamentos, menos que aprobar os orzamentos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LAGO PEÑAS: Polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Remate xa, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...en síntese, teñamos debates parlamentarios serios, concentrémonos en onde están as discusións e non utilizemos a lama e as cortinas de fume para agochar as vergonzas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, pasamos á votación dos textos lexislativos.

Señor Lago, por favor, ao seu asento.

(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Non escoitei nada eu, non sei. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non escoitei nada. Non sei que pasou, a verdade. *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)*

Calma. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio.

Non sei. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei o que pasou, ¡non o sei! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero bueno, por favor, ¡calma todos!

Imos votar. (*Murmurios.*)

Votemos, por favor.

Imos votar, en primeiro lugar, a toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Votación da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, do G. P. de En Marea, de modificación do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Votación da Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, do G. P. de En Marea, de modificación do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor.

Terminou a votación.

Pasamos ao punto 2 da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre as directrices enerxéticas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

Comparezo hoxe nesta Cámara para explicar e presentar ás súas señorías as Directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020. Unha ferramenta que consideramos central dentro da política enerxética do Goberno galego e que nos vai permitir alcanzar os obxectivos de aforro e de eficiencia enerxética que derivan das directrices europeas. Con elas buscamos establecer un marco claro a longo prazo que permita a Galicia avanzar cara a un novo modelo enerxético; buscamos sentar as bases para instalar nova capacidade renovable; buscamos fomentar un cambio nos patróns de consumo de fogares, administracións e empresas; e tamén buscamos, finalmente, aproveitar a transición enerxética para aumentar a competitividade da nosa economía, crear emprego e impulsar a actividade económica. Facémolo co convencemento de que todo o esforzo que fagamos hoxe por estender o uso das enerxías limpas vai marcar o noso avance como sociedade moderna e vai determinar o grao de competitividade da nosa industria. Por iso, o obxectivo de partida é conseguir que a cultura da eficiencia enerxética estea no día a día das empresas e no día a día das familias, porque hoxe non podemos falar de enerxía sen aludir á necesidade de facer un uso racional e eficiente dela.

Tendo en conta que Galicia é un lugar privilexiado no que á biodiversidade e aos recursos naturais se refire, dende a Xunta de Galicia entendemos que debiamos dotarnos dunha planificación que velase porque o aproveitamento deste contorno natural fose eficiente e, ademais, fose tamén sostible. Unha planificación para impulsar un sector que en Galicia representa o 4,3 % do produto interior bruto e para que poidamos seguir sendo unha das comunidades autónomas que máis electricidade produce a través das renovables, concretamente, a segunda.

Desa premisa naceron estas directrices enerxéticas de Galicia que son e constitúen o vieiro para impulsar na comunidade a transición intelixente cara a un novo modelo enerxético sustentable, cun investimento público-privado de máis de 3.000 millóns de euros no próximo trienio e coa previsión de crear máis de 12.000 empregos durante o período de aplicación das directrices.

Unhas directrices enerxéticas que non parten de cero, recollen, de feito, o traballo que levamos feito nos últimos nove anos, cando se mobilizou un investimento público-privado superior aos 2.700 millóns de euros, e que esperamos dar con elas un salto cualitativo, tendo en conta, sobre todo, que estamos a triplicar o investimento anual no sector enerxético. Damos un salto cualitativo para mellorar a calidade de vida dos galegos abaratando os custos enerxéticos e aumentando a calidade na subministración. E tamén queremos acadar un crecemento económico sostible apostando pola eficiencia enerxética e as enerxías renovables de carácter autóctono.

Neste sentido, o investimento programado ata o ano 2020 para impulsar as enerxías limpas en Galicia será de 1.300 millóns de euros. Permitirá a instalación de máis de 1.200 megavatios para incrementar a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables. Serán, se-

ñorías, máis de 1.000 megavatios para producir enerxía eléctrica a través de eólica, biomasa, hidráulica e fotovoltaica, e arredor de 200 megavatios de potencia térmica a partir tamén da biomasa, uníndose á solar-térmica, á xeotermia e á aerotermia.

No horizonte do ano 2020 a perspectiva é que entre o 85 e o 90 % do consumo eléctrico en Galicia proveña de fontes renovables, e que a biomasa —un recurso no que estamos a apostar e que está constituíndo un paso moi significativo no noso país— represente o 35 % do consumo de combustibles para uso térmico. Seguindo coa nosa estratexia integral de apoio a este sector, que este ano destina oito millóns de euros en axudas para novos equipamentos, pero ao que se suma, tamén, unha nova planta de biomasa que se vai construír en Curtis.

Nesta liña, e dentro da aposta polas enerxías renovables en Galicia, quero destacar que a Lei de implantación empresarial está a xogar un papel determinante para alcanzar estes obxectivos. Como saben, na Lei de implantación empresarial, que entrou en vigor en outubro do ano pasado, contéplase a figura dos proxectos de especial interese. Esta figura permite axilizar a tramitación dos proxectos industriais de transcendencia para Galicia, e agora, nestes momentos, vinte e un novos parques eólicos que se van instalar na comunidade de cara ao ano 2020 xa están declarados como de especial interese.

Os vinte e un parques xa nominados suporán un investimento de 543 millóns de euros, 500 megavatios de potencia eólica instalada e 7.000 empregos durante a súa construción. O sector eólico vai ter, polo tanto, un especial protagonismo nas directrices enerxéticas de Galicia ata o ano 2020. E estamos dando xa pasos nese sentido, e por iso lles podo anticipar que no verán entrarán en funcionamento os dous novos parques eólicos que se están a construír en Muxía, os proxectos Muxía I e Muxía II.

En total, 68 megavatios instalados, cun investimento de máis de 68 millóns de euros, e a creación de máis de 200 postos de traballo na súa construción. Desta forma, seguiremos traballando, dentro da política enerxética do Goberno, na diminución do consumo e tamén na sensibilización sobre a eficiencia enerxética. Temos o obxectivo posto de aforrar uns 150 millóns de euros ao ano, cunha redución nos consumos do 4 %, e farémolo actuando tanto sobre a Administración como sobre os fogares e tamén sobre as cidades. Nese sentido, na Administración pública seguiremos desenvolvendo os plans de aforro, e a través da Redexga, que xa permitiu un aforro de 23 millóns de euros desde a súa posta en marcha, queremos que esta cantidade se duplique no ano 2022, cun aforro total da Administración pública galega de 45 millóns de euros e, polo tanto, que a nosa Administración sexa exemplar e traslade exercicios de boas prácticas no que á eficiencia enerxética se refire.

En segundo lugar, outro dos nosos puntos de atención estará nos fogares galegos. Máis de 12.000 familias xa recibiron apoios da Xunta de Galicia para o pagamento da súa factura eléctrica, e nesa liña imos seguir.

Son medidas que se contemplan agora tamén co Bono social do Estado, que vai permitir beneficiar un número maior de galegos para afrontar o pago da factura eléctrica, considerando esencial e ininterrompible a subministración para os consumidores que máis o necesiten.

En terceiro lugar, xunto coa Administración e os fogares, queremos concienciar tamén da eficiencia enerxética a partir de proxectos pioneiros en Galicia e en España a través do desenvolvemento de ecobarrios. O primeiro ecobarrio galego estará instalado en Ourense, e vai aproveitar unha das principais cualidades da capital termal de Galicia: a xeotermia. De feito, o obxectivo é establecer alí a primeira rede de xeotermia de Europa, cun desenvolvemento dunha rede de *district heating* de máis de 5 quilómetros, que vai permitir un investimento de 8,3 millóns de euros; unha aposta para abastecer de calefacción e de auga quente a medio centenar de edificios da contorna, tanto edificios públicos como edificios de vivendas, e un proxecto que vai permitir a posta a punto de fachadas e de envolventes térmicas, así como a substitución de alumeado actual por tecnoloxía led ou o fomento da mobilidade sostible.

Un punto de arranque deste proxecto será a posta en marcha da Oficina do ecobarrio, que vai permitir informar ás comunidades de veciños e ás diferentes asociacións sobre as axudas existentes e sobre todas as actuacións que contempla o proxecto en materia de eficiencia enerxética. Estamos, señorías, a falar dun investimento total de 20 millóns de euros e da creación de máis de 300 postos de traballo, para mellorar, no barrio da Ponte, de Ourense, a eficiencia enerxética nun 20 % —que o 20 % da enerxía consumida proveña de fontes renovables— e tamén reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro un 30 %. (*Aplausos.*)

Con este proxecto, señorías, co proxecto de ecobarrio de Ourense, entendemos que imos desenvolver un exemplo de transformación urbana sustentable que se poida extrapolar a outras cidades e a outros concellos galegos.

As directrices enerxéticas tamén van impulsar a mobilidade sostible. Neste caso, a aposta vai estar en dous eidos moi concretos, como é o desenvolvemento do vehículo eléctrico e tamén a introdución do gas natural tanto para combustible de transporte marítimo como de transporte pesado a través de carreteras. A previsión é acadar un aforro económico de 162 millóns de euros neste bienio e reducir en case 400.000 toneladas a emisión de gases contaminantes.

Señorías, dentro das Directrices enerxéticas 2018–2020 temos que ter en conta que a mellora da eficiencia enerxética e o desenvolvemento dos recursos autóctonos teñen como finalidade última rebaixar a dependencia enerxética de Galicia. Neste sentido, teño que dicir que a meta que nos fixamos con esta nova planificación é que a taxa de autoabastecemento de Galicia ascenda do 35 % actual ata o 40 %. Para iso somos moi conscientes da importancia de mellorar a cobertura, a calidade e a seguridade das subministracións, tanto no eido do gas, no eido da electricidade, como no eido dos hidrocarburos. No eido do gas, o reto que marcan as directrices é conseguir que o 82 % da poboación teña acceso ao gas natural no ano 2020; é dicir, 15 puntos máis que na actualidade. Tamén que 35 novos concellos e 20 polígonos se sumen aos que xa contan con infraestrutura de subministración de gas e, por suposto, poñer en marcha o *hub* de gas natural licuado na comarca de Ferrolterra a través da colaboración de Reganosa, a Universidade da Coruña e Navantia.

No relativo á electricidade, incidiremos na modernización da rede de distribución, exixindo os plans de investimento ás distribuidoras para incrementar a calidade e a regularidade, con especial atención á demanda de zonas industriais e áreas metropolitanas e, por suposto, cubrindo tamén as necesidades do medio rural.

Finalmente, no tocante aos hidrocarburos, avanzaremos na simplificación administrativa e na elaboración de guías prácticas para a apertura de novas estacións de servizo para aumentar a competencia e intensificaremos tamén a colaboración coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no control do sector.

Finalmente, nas directrices enerxéticas abordamos os retos da innovación e dos proxectos de I+D+i. Trátase de apoiar a innovación en sectores como a biomasa, o biogás ou os bio-combustibles, e trátase tamén de desenvolver o modelo de Industria 4.0 ligado ao consumo responsable da enerxía. Todas elas son actuacións aliñadas cos obxectivos da Estratexia de especialización intelixente, que van buscar a colaboración de empresas, de universidades e de centros tecnolóxicos galegos.

Se queremos acadar un aforro de 150 millóns de euros ao ano e reducir os consumos un 4 %, como sinalaba anteriormente, é imprescindible consolidar o desenvolvemento da I+D+i na actividade empresarial. Por iso, estamos impulsando a zona experimental de enerxía mariña do porto exterior da Coruña, cunha aposta clara pola enerxía undimotriz e tamén os desenvolvementos de unidades mixtas de innovación no eido enerxético, que están a mobilizar nestes momentos 6,5 millóns de euros; un compromiso coa I+D+i que consolidamos nas directrices enerxéticas para favorecer o aforro, a eficiencia e o uso das enerxías renovables, cuns investimentos previstos de 30 millóns de euros.

Termino.

Señorías, acelerar a transición enerxética cara ás enerxías limpas para loitar contra o cambio climático é un imperativo para todos os gobernos e para todos os países. Neste sentido, coas Directrices enerxéticas galegas 2018-2020 Galicia está pasando das palabras aos feitos. Supoñen un compromiso desde todos os ámbitos, desde a Administración, desde a industria e o tecido empresarial galego e tamén desde a propia cidadanía. E demostran que Galicia comparte os retos da economía verde e que quere estar presente e protagonizar este tipo de economía, porque non facelo sería simplemente frear o desenvolvemento económico, a competitividade da nosa industria e tamén a mellora do impacto medioambiental.

As directrices enerxéticas conxugan, polo tanto, os tres factores claves cando falamos dun modelo enerxético eficiente e sustentable: eficiencia enerxética, respecto polo medio ambiente e tamén impulso da actividade económica; un novo modelo enerxético que concibimos non só como unha necesidade para garantir o equilibrio medioambiental, senón tamén como unha oportunidade para as empresas do sector enerxético galego e para desenvolver unha economía máis competitiva. Todo isto, señorías, en consonancia tamén coa Estratexia galega de cambio climático e de enerxía 2050.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Señor Conde, vaimos desculpar, pero o primeiro que quero trasladarlle é unha petición, que é que tomen vostede e o seu goberno un pouquiño máis en serio este Parlamento. Eu xa sei que vostedes teñen maioría absolutísima, pero iso non lles dá, ou non debera darlles, carta para todo. E a nós gustaríanos que usara o Parlamento galego para vir a algo máis que a darnos roldas de prensa, porque, a verdade, o primeiro que soubemos destas novas directrices enerxéticas é isto: *(A señora Presas Bergantiños amosa un documento.)* nota de prensa do 5 de marzo de 2018. Desde entón a única novidade que tivemos desde este Parlamento sobre esta cuestión é outra nota de prensa, despois dun consello da Xunta, onde teoricamente vostedes aprobaron esas directrices. Eu preguntome: ¿custáballes tanto enviarnos un documento, enviarnos esas directrices? Mesmo sabemos pola prensa que vostede as presentaron na Feira enerxética de Silleda. Entón, a nós gustaríanos ter negro sobre branco, menos chuvia de datos e de titulares e máis documentos.

A min, sinceramente, gustaríame pensar que é desidia ou que o fan simplemente por amolar porque son o grupo de goberno. Pero a verdade é que, despois de escoitalo, estou convencida de que é moito máis grave, porque, unha vez máis, estamos diante desa práctica do Goberno galego de que vostedes fan que fan, fan que fan e non hai nada novo baixo o sol, e non poden ocultar que realmente o que hai detrás desta actuación é que non hai ningún compromiso para situar a Galiza á vangarda do cambio enerxético.

Pouco máis veu presentar vostede aquí que un feixe de promesas repetidas e ningunha novidade. Vou poñer só un exemplo. Hoxe, que é casualidade que sexa 24 de abril de 2018, levamos oíndo o do «ecobarrio de Ourense» desde o primeiro anuncio o 24 de abril de 2017 *(Aplausos.)* do señor Núñez Feijóo cando visitou o meu barrio. E mire, é que ás veciñas da Ponte gustaríanos ver máis execución, máis obras, máis concrecións e menos promesas, porque, como vaian ao ritmo doutras cuestións para Ourense como o AVE, pois xa podemos esperar ata dentro de vinte anos.

Ademais, preocúpanos que unha vez máis non poñan enriba da mesa ningunha planificación estratéxica nin ningunha aposta de reinvestimento económico que compense case unha década de parálise. E quizais, pensando un pouco nisto, a explicación sexa que as directrices enerxéticas de Galiza quen as marca é Madrid, non a Xunta de Galiza. É Madrid, e a Xunta obedece sen rechistar.

Xa sen entrar en que carecen vostedes de modelo enerxético propio nin da máis mínima vontade de facer que o noso papel de produtor non só aumente, senón que teña un beneficio social, como vimos na primeira votación da mañá, temos numerosos exemplos desta situación de que quen escolle as políticas enerxéticas é Madrid e non é Galiza. O primeiro é máis recente. A min sorpréndeme que veña vostede falarnos de eficiencia, falarnos de medio ambiente, falarnos de sostibilidade, e que non fagan ningunha referencia a ese novo aviso do Tribunal Supremo que vén cuestionar a fiscalidade que se aplica neste país, que podemos discutir sobre ela e que a nós non nos gusta a que vostedes aplican, pero, en todo caso, gústanos moito menos aínda que o Goberno central cuestione a nosa soberanía fiscal. Entón, a min sorpréndeme que veñan vostedes aquí e que, primeiro, xa calaran coa reforma da Lei

do sector eléctrico, que permitía que estes suplementos territoriais fosen repercutir na factura dos consumidores, e que agora, ás portas de que isto vaia repercutir na factura dos galegos e galegas, vostede non teña nada que dicirnos. Eu preguntolle, señor Conde: ¿e agora que? ¿Agora que van facer?

Nós hoxe lanzámoslle unha proposta deste o Bloque Nacionalista Galego. Nós pedímoslle que por unha vez vostedes exerzan a vía política, que é a que pode acadar unha saída para que isto non teña custos para Galiza.

E nós non queremos deixar a oportunidade de convidalo hoxe, señor Conde, a que lle digan vostedes ao Goberno central que se alguén ten que pagarlle ás eléctricas non van ser os galegos e galegas, senón que terá que rascar o señor Montoro dos seus recursos esa contía, porque é responsabilidade, sobre todo, do Goberno central, aínda que tamén do silencio da Xunta de Galiza. Entón, pídlle que nos aclare se van ter unha posición contundente ou se, unha vez máis, están disimulando vostedes para que, ao final, Galiza acabe pagando e vostedes saian de tapadillo.

Pero este, lamentablemente, non é o único exemplo que temos de que é Madrid quen dita as directrices enerxéticas de Galiza. A min sorpréndeme que, falándonos vostede de futuro sostible, de transición enerxética, pasara por alto as repercusións en niveis de emisión de CO₂ que teñen no noso país dúas grandes empresas enerxéticas que son fundamentais, non só pola cantidade de enerxía que xeran, senón tamén pola cantidade de emprego e reinvestimento económico que xeran tamén nas súas comarcas. Eu imaxino que é consciente de que lle estou falando das Pontes e de Meirama e que debe ser consciente tamén de que nos últimos anos nin vostedes na Xunta de Galicia nin no Goberno central fixeron os deberes para que se adaptaran ás exixencias europeas. *(Aplausos.)*

Entón, a min resúltame un pouco alarmante que veña o conselleiro de Industria falarnos destas cuestións e que se lle olvide denunciar algo que si imos denunciar desde o Bloque Nacionalista Galego, que é un novo agravio a través do Proxecto de orzamentos do Estado de 2018 para o noso país. Porque sabe vostede que se contempla unha disposición na que se prevén ata 10 millóns de euros para axudar este tipo de empresas a reducir as emisións e que Galiza vai estar excluída porque está pensado para as empresas contempladas no Plan carbón, de onde nós xa fomos excluídos de forma inxusta, porque nós non temos minas pero si temos comarcas mineiras.

Polo tanto, eu preguntolle, señor Conde: ¿que van facer? Non, non ría, a min non me parece un asunto para rir. ¿Van vostedes exixir ao Goberno central que Galiza ten que estar nesas axudas económicas si ou non?

E, señor Conde, os recursos son necesarios, non só para esta necesaria transición enerxética deste tipo de empresas, senón para moitas outras cuestións das que debatemos hoxe. Falounos vostede de moitas ramas de produción enerxética, e nós o que botamos de menos é un pouco de planificación orzamentaria rigorosa. Máis planificación e menos retórica da mobilización de diñeiro, que é o que empregan agora desde o Partido Popular.

Vostedes din que vai haber un investimento público-privado de máis de 3.000 millóns de euros, pero a min o que máis me alucina é que digan que xa mobilizaron máis de 2.700. A min gustaríame que nos trouxera unha relación de como e de en que. O que realmente lle preocupa ao BNG é que unha vez máis estamos diante e o que vemos habitualmente en presentacións dos plans da Xunta é que vostedes o que fan é incluír partidas xa existentes baixo esa epígrafe do plan, pero que non supoñen nada novo —insisto— nunha cuestión tan relevante como é a enerxética para corrixir o desinvestimento dos anos da crise e dos seus gobernos. Pero, sobre todo, porque os indicios apuntan a que vostedes teñen máis ben pouca credibilidade, porque desde 2009 deixaron sen executar ata un 60 % do que vostedes prometeran para os programas de eficiencia enerxética; algúns deles —tamén podemos sinalar os máis recentes— sufriron importantes reducións de orzamento, ou, sen ir máis lonxe, o pasado 2017 non só quitaron dos programas de eficiencia enerxética un millón de euros mediante modificacións orzamentarias, senón que aínda por riba só executaron o 55 %.

Polo tanto, isto máis un Inega condenado orzamentariamente ao ostracismo deixa pouca credibilidade, máis aínda cando vén vostede vendernos tamén que van investir moitísimo en I+D+i, e non hai tanto que estivo aquí presentándonos un plan de innovación no que reducían vostedes o obxectivo económico de porcentaxe de investimento en investigación en canto a PIB.

Para nós isto é relevante porque sen iso non se van conseguir os obxectivos que vostedes fixan. E quizais isto estea relacionado con que son obxectivos francamente pouco ambiciosos. Porei un exemplo. Vostedes queren chegar a unha redución do consumo nun 4 % e, se cadra, se iso se consegue, non vai ser polo esforzo da Administración galega, senón porque se, por exemplo, facemos unha retrospectiva da última década e comparamos os fluxos enerxéticos de Galicia tirados do balance enerxético, vemos como houbo varios anos onde esa redución foi máis ampla; de feito, é o último ano dispoñible, 2015, o que rompe a tendencia. É certo que pode haber unha parte explicada pola crise, pero tamén hai unha redución importante en canto ao que ten que ver co consumo da poboación e tamén coa perda de tecido industrial.

Polo tanto, a nós parécenos que é un obxectivo pouco ambicioso, tendo en conta, ademais, o que avanza as tecnoloxías. E a cuestión que deba preocuparnos a todos e a todas e a unha planificación da Xunta de Galicia é que se consolide esa tendencia a reducir o consumo e, sobre todo, que se camiñe cara a un cambio de paradigma enerxético, que é ao que nós estamos xogando. E nós, nese camiño, botamos de menos da súa comparecencia de hoxe varios horizontes que para nós son claves: primeiro, investimentos e melloras na regulación para favorecer ese descenso do impacto medioambiental para mellorar as tecnoloxías e substituílas progresivamente, porque esa é a clave; se non imos a esa substitución, non imos conseguir nada. Novamente aquí...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor,.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—vou rematando xa, señor presidente— obxectivos moi pouco ambiciosos, e logo porei exemplos coa cuestión eólica.

Tamén deberíamos camiñar cara á soberanía enerxética, coa ambición de que sexamos nós quen nos autoabastecemos, fundamentalmente porque a enerxía primaria segue a pesar, é

a importada e é a máis contaminante a través dos combustibles fósiles. Para iso cumpriría tamén apostar pola participación pública —unha vez máis a esquecida dos seus plans— para intervir no modelo e para que o beneficio dese capital produtor poida servirnos —insistimos unha vez máis— para que a electricidade sexa un dereito garantido para a cidadanía, porque o modelo de futuro que queremos desde o BNG é, efectivamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...máis sostible canto ao medio ambiente, pero iso debe levarnos a que sexa tamén máis sostible socialmente e economicamente para desenvolver o noso país e non para continuar cunha política que non introduza cambios transformadores e que nos continúe mantendo nesta mesma foto moitos máis anos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas Bergantiños.

Antes de darlle a palabra ao seguinte portavoz, quero mandar un saúdo de todos os deputados da Cámara aos alumnos de quinto de primaria do CEIP Agro do Muíño, de Ames, que acaban de entrar no hemicycle. Moi bos días.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, a verdade é que se tivera que titular a súa comparecencia titularíaa —e vou traducir do francés, porque o meu francés non é moi bo—: *En busca del tiempo perdido*. Faltou a madalena. (*Aplausos.*)

Mire, no Plan estratéxico Galicia 2015-2020 —seguro que vostede é consciente— aparecía unha Estratexia enerxética de Galicia 2015-2020, que agora parece que se vai chamar 2018-2020. Supoño que nestes tres anos estiveron reflexionando. E subscribo absolutamente o que dixo a voceira do BNG. Estaría moi ben que os grupos da oposición tiveramos acceso, en fin, xa non sei se ao documento final, ao documento intermedio, ao documento inicial, ás aportacións..., ao que vostede queira, pero a algo, porque vostede sabe perfectamente —estiven vendo a páxina web agora mesmo— que non hai absolutamente nada. Eu entendo que se nos presupoña a capacidade adiviñatoria, o cal está moi ben, pero reconecerá que como respecto a esta Cámara pois é cando menos discutible, especialmente porque vostede e o presidente da Xunta peregrinaron por Silleda, pola Coruña, por Santiago... Por certo, na Coruña, presentouno vostede xunto coa conselleira de Medio Ambiente; unha casualidade... ¿Foi o presidente da Xunta, entón? ¿Si? É unha casualidade que fose na Coruña e a conselleira de Medio Ambiente, puro azar político.

Polo tanto, seguimos no ámbito no que nos movemos habitualmente: publicidade e propaganda, electoral, preelectoral, mediopensionista..., porque, en realidade, non só non hai

nada novo, senón que volvemos pasar a isto da parapolítica, que xa, despois da paralinguaxe, pois nos resulta..., a min polo menos resúltame... Xa sei que me falta rigor, iso xa o vou adiantando eu, porque, vendo a súa intervención de hoxe, desde logo que, para rigor, ese; para rigor, ese.

Subscribo a petición, pero a petición vehemente deses 2.700 millóns de euros mobilizados, de verdade, porque estamos, insisto, na parapsicoloxía. ¿Cales son? Eu quero basicamente —tendo en conta que non teño ningún documento e que, polo tanto, pois, en fin, estamos nunha cousa así como de ciencia ficción—... Eu voulle facer preguntas, basicamente, se ten a ben contestalas, sobre todo tendo en conta que ten o tempo ilimitado, o cal é unha vantaxe fronte aos nosos dez minutos.

Primeiro, é vostede consciente de que soamente quedan tres comunidades autónomas en toda España sen un plan de estratexia enerxética de cara ao 2020. Non me mire... Como sabía que me ía mirar con esa cara de sorpresa, teño aquí a lista. Se non a ten, déixolla ao presidente para que lla pase. Nalgunha delas, por exemplo, Andalucía os primeiros documentos son do ano 2014; ou sexa, que levan catro anos de retraso. Igual, en vez de mirar tanto para Andalucía nalgunhas cuestións, pois habería que mirar para Andalucía, non digo noutras, pero polo menos en todas. Entón, insisto, hai tres que non teñen plan de transición enerxética e hai, polo tanto, 13 que si o teñen.

Estaría moi ben —e vostede non dixo nada diso, máis alá da presentación na Coruña, que eu creo que é de sentido común— algún tipo de coordinación coa Consellería de Medio Ambiente, porque se a Estratexia enerxética de Galicia non ten unha coordinación coa Consellería de Medio Ambiente, eu creo que coxea en inicio. En fin, espero que aí tamén teña algo que dicir. Polo menos diga que si e logo non coordine nada, pero polo menos diga que si, porque, se non, nos está chamando tontos aquí. Insisto, cando falan das directrices europeas, falan absolutamente á vez de transición enerxética e cambio climático; sempre, como unha especie de Sergio e Estíbaliz, ou sexa, un dúo. (*Risos.*) Entón, por favor, cóntenos por que non, ou, se existe, cóntenos en que consiste basicamente. E sobre todo cóntenos este tema de pouco rigor que é falar de orzamentos, un detalle sen importancia en política. Eu sei que é unha cuestión secundaria, pero a min paréceme que ás veces ten algo de importancia.

Empezamos coas preguntas, señor conselleiro —non é unha oposición a cátedra, pero...— Eólico. O eólico é o misterio da absoluta pirámide, pero xa non porque o diga o grupo socialista ou este voceiro, porque vostedes no ano 2010 sacaron aquel plan —seguro que o recorda, aínda que vostede non era conselleiro— de 2.325 megavatios, 6.000 millóns de euros e 14.000 postos de traballo. É verdade que agora baixou a expectativa —sorrío, pero de verdade que é un pouco..., en fin, melodramático, por non dicir dramático— dalgunhas variables, doutras non, porque xa só son 1.300 megavatios, son 3.000 millóns de euros e 12.000 empregos; co cal, en termos de competitividade, pois está diminuindo. Non entendo como para soamente investir 3.000 millóns de euros se xeran os mesmos empregos que con 6.000 no ano 2010, cando en teoría a tecnoloxía mellorou. Entón, este humilde deputado non o entende, seguro que hai algunha explicación que ten que ver con Zapatero, co ministro Sebastián ou con algunha cuestión destas, pero, en principio, a medida que avanza o tempo, a fronteira tecnolóxica se traslada e diminúen os custos. Pois coa metade do investimento,

producir os mesmos empregos, a min resúltame sorprendente. É verdade que vostede xa baixou un pouco a cantidade que dixo o señor Feijóo. El falou de 3.000 millóns, vostede xa falou de 2.700. Entendo que son os mesmos, se non... ¿Son outros?, ¿son distintos? Pois, entón, seguimos, insisto, na parapsicoloxía esta, porque eu entendía que eran os mesmos, ¿vale? Pero, se son distintos, a min non me vale con que me diga vostede que son distintos. Eu quero saber cales son eses 2.700 dos que fala vostede —que é moi fácil, unha ringleira deles, porque, logo, os pedimos nunha pregunta escrita ou polo artigo 9 e non nolos mandan; entón, é un pouco complicado— e cales son os 3.000 dos que fala o señor Feijóo.

Hai tres notas de prensa da Xunta de Galicia que eu lle recomendo que repase por isto do rigor: unha do 5 de marzo, outra do 8 de marzo, outra do 24 de marzo e outra do 13 de abril. *Variaciones sobre un mismo tema; una nota más abajo, que diría Johann Sebastian Bach.* En todo caso, cada unha do seu pai e da súa nai, cifras diferentes, falando do mesmo tema, claro; é dicir, absolutamente incomprensible desde calquera punto de vista, pero, bueno, seguro que seguen sendo vostedes os depositarios do rigor.

E logo hai un dato ilustrativo. Nunha das epígrafes poñen: «Balance 2009–2017». Seguro que o viu. Entón, pon que entre os principais fitos acadados —volvo repetir, oito anos— destaca o incremento da potencia en enerxía renovable de 783 megavatios, onde destaca a instalación de non sei cantas caldeiras de biomasa, canon eólico, gasificación, etc. Gustaríame saber —eu voulle dar o dato que teño, pero, ao mellor, hai outro— cantos destes non son do eólico. Eu dígolle cantos son do eólico: desde que goberna o señor Feijóo, 122 megavatios, segundo datos do IDAE e da Asociación Eólica Española. Insisto, 122 megavatios. Entón, gustaríame saber exactamente os outros 661 megavatios de que son. Para biomasa parécenme moitos, tendo en conta que por agora temos instalados só 38. É verdade que houbo algunha mellora en termos hidroeléctricos, de fusión, si, pero non esta cantidade, creo. En todo caso, señor conselleiro, ¿é certo ou non que hai só 122 megavatios desde que goberna o señor Feijóo instalados en Galicia? Non, é falso, hai máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois nada. Gustaríanos saber cantos e gustaríanos saber onde e gustaríanos saber a data na que empezaron a producir enerxía e se conectaron á rede.

Entón, ese é un dato que nos gustaría saber. E insisto en que os datos son do IDAE —que por agora o PSOE non ten capacidade de modificar—. Entón, pois, bueno, gustaríame sabelo.

O que si sei é a posición relativa de Galicia en España. Cando chegaron vostedes, o 19,4 % da potencia eólica instalada. Perdemos, en cinco anos, 5 puntos, estamos no 14,5 %. Vou ás présas porque a verdade é que..., en fin.

En biomasa —que falan vostedes tanto da biomasa—, oia, tiñamos o 10 % de España no ano 2010, e temos, no 2015 —que é o último dato que eu atopei—, o 6,7 %, perdemos máis de 3 puntos. Entón estaremos facendo moito, pero é evidente que hai alguén que está facendo máis ca nós.

Seguimos coas preguntas. Interésanos moito saber a posición da Xunta de Galicia sobre o calendario das térmicas de carbón. Gustaríanos saber se teñen pensado algo, se non teñen pensado nada, se só se trata de ir facer fotos co señor Feijóo cando se inician as obras de

modernización, e para que prazos se fan esas obras de modernización; en fin, eses pequenos detalles que apenas nada teñen que ver coa política, todos sabemos que son unha cuestión técnica, e por iso vai o señor Feijóo, que é enxeñeiro.

En termos de axudas públicas, ¿que hai de novo baixo o sol? E xa non digo fronte ás subvencións do Bipartito, senón fronte ás subvencións dos gobernos Fraga. Máis alá, insisto, da fronteira tecnolóxica, que claro que hai cousas novas. Pero ¿que hai de novo baixo o sol en termos de axudas públicas? Hai uns niveis de execución orzamentaria moito máis baixos que no Bipartito, e moito máis baixos tamén que no Goberno Fraga.

No tema do autoconsumo, acaba de dicir o Tribunal Constitucional que non se pode aludir ao impacto orzamentario plurianual para cambiar a lexislación. ¿Que pensan vostedes sobre iso? Porque o argumento que deu o PP do Goberno de España para non considerar os recursos do autoconsumo era que afectaba os exercicios orzamentarios futuros. O Constitucional acaba de dicir que hai que ceñirse ano a ano; polo tanto, gustaríanos saber tamén o que pensa vostede diso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Gustaríanos saber o que pensa das industrias electrointensivas e a necesidade de ter unha certa estabilidade en termos de investimento e de planificación, algo que a vostedes lles gusta tanto, porque entenden que así o mercado é máis eficiente etc., etc. Polo tanto, tamén aí nos gustaría sabelo.

Gustaríanos saber o que pensan vostedes da exclusión enerxética, gustaríanos saber se non se pon colorado cando ve que o obxectivo de cobertura dos déficits económicos das familias é exactamente —en termos dos orzamentos, aparece na memoria— o 10 % dos fogares que non teñen ingresos, 3.500 axudas, 33.000 fogares.

E logo, por suposto, señor conselleiro, de verdade que, máis alá da plurianualidade —que todos sabemos que é unha aportación á facenda pública moi relevante pola súa parte—, ¿que pensa facer para mellorar as execucións do Inega, que seguen sendo escandalosamente baixas. Son tan poucas que a última nota de prensa colgada na páxina web é exactamente de hai un mes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

O primeiro, de verdade, é plantexar unha protesta formal por ter que desenvolver este debate sen ter un documento serio e fundamentado que sosteña algo de todo o que vostede afirmou hoxe aquí. Non pode ser que o Parlamento sexa o segundo pase das roldas de prensa que vostedes fan os xoves, ou outros días durante a semana.

Prometen e prometen. Prometeron agora 12.000 postos de traballo, que xerará este plan entre 2018 e 2020. A realidade é que, se sumamos todos os miles de postos de traballo que van saíndo nas portadas da prensa amiga do Partido Popular día tras día, pois aquí habería pleno emprego, sobrarían postos de traballo para a poboación que hai en Galicia. O outro día chegamos ao esperpento de que un deses periódicos interpretaba dunha maneira, digamos, entusiasta o tema dos 12.000 postos de traballo no prazo 2018-2020, e transformábaos en 12.000 postos de traballo ao ano; é dicir, en 36.000 postos de traballo. Non escoitamos a ninguén da Xunta da Galicia desmentíndoo. Todo isto son noticias, noticias, roldas de prensa, unha rolda de prensa aquí... Pero a realidade, como di un famoso programa da noite, é que xa escoitamos moitas noticias, agora imos dicir as verdades. Como non temos outras verdades ás que referirnos, non temos un informe onde se diga de onde saen eses 12.000 postos de traballo e de onde saen eses 3.000 millóns de euros, pois imos cos datos, a ver se de verdade todo isto ten algo que ver coa realidade de execución orzamentaria.

No ano 2017, o orzamento de eficiencia enerxética e enerxías renovables era de 31.612.615 euros —xa unha cantidade bastante escueta— e as obrigas recoñecidas foron de 17.630.553 euros. É dicir, deixaron sen executar en eficiencia enerxética e enerxías renovables o 44 % do orzamento. Eses si que son datos.

No Plan galego de investigación, innovación e crecemento, que vostede tamén mencionou e que ía incidir nun desenvolvemento das enerxías limpas, das enerxías verdes e da innovación nas áreas de eficiencia enerxética, o orzamento era de 72 millóns de euros; as obrigas recoñecidas, 55,9 millóns de euros. É dicir, o 23 % sen executar.

E poderíamos seguir buscando referencias. Por exemplo, o anuncio dos 3.000 postos de traballo para o flotel que construíu Navantia, que despois os sindicatos concretaron que foron 300; ou sexa, o 10 %.

Tamén o outro día saíu nun periódico de Lugo que nun só dos parques eólicos que se van construír en Lugo se van xerar 1.000 postos de traballo na súa construción. Pero ¿de verdade vostedes cren que isto o pode crer alguén? ¿De verdade?

Dado que non temos datos, dado que non temos informe, e que temos que falar por referencias, a min gustárame ver se, polo menos, na segunda intervención nos pode contestar de verdade canto se investiu en eficiencia enerxética no 2017.

Na anterior Redexga, o contrato era de 204,8 xigavatios/hora. ¿Canto se aforrou na Redexga do 2017? ¿Canto? ¿Que dato hai? ¿Que porcentaxe deses máis de 200 xigavatios/hora foron en enerxía verde? Díganos que porcentaxe. Porque o novo contrato de Redexga é verdade que supón un aforro, pero é simplemente polo tema de plantexar unha oferta centralizada

—que está moi ben facela—, pero sen exixir ningún tipo de condición; por exemplo, que toda a enerxía sexa procedente de fonte renovable certificada.

O outro día, o señor Tahoces, na Comisión, falando deste tema e facendo de axente comercial de Gas Natural-Fenosa, dixo que era imposible, que estes 200 xigavatios/hora non se podían pedir todos renovables porque iso desaxustaría totalmente a repartición entre produción e consumo e que o mix enerxético de Galicia quedaría fortemente impactado. ¿Sabe vostede, señor conselleiro, que porcentaxe de consumo anual de enerxía en Galicia son estes 204 xigavatios/hora para que, de verdade, desmonten o mix enerxético de Galicia?

Despois tamén dixo o señor Tahoces o outro día que era practicamente ilegal pedir nas contratacións que toda a enerxía que contrata a Xunta de Galicia fora de orixe renovable. Argumentou —defendendo de novo, por suposto, as empresas do oligopolio— cos concursos que fixeron os concellos gobernados por forzas do noso espazo —en concreto en Valencia, en Barcelona e en Madrid—, dicindo que isto non podía ser, que non se podía exixir que a enerxía fora renovable. Bueno, pois xa saberá vostede da sentenza de onte, ¿non?, na que o Tribunal de Contratación Pública certificou que nas condicións técnicas unha administración pode pedir un servizo ou unha subministración nas condicións que estime oportunas. E de feito valida totalmente os concursos que se desenvolven nestas tres cidades, que serán abastecidas ao cen por cento con enerxía renovable. Aquí nin ao 0 % nin ao 5 % nin ao 10 %. Esa é a aposta polas enerxías verdes que fai este Goberno.

Porque, evidentemente, tendo en conta que o consumo —xa o adianto eu— que supón Redexga respecto do mix completo de consumo de enerxía en Galicia é absolutamente inapreciable, isto faría que de verdade as empresas que apostan pola produción de enerxía renovable tiveran un incentivo moito maior.

Despois falan tamén na Redexga de que, para aforrar máis diñeiro, se xunta toda a contratación; en concreto, 50 millóns de euros nun só paquete. Iso atenta contra calquera política de dar apertura a moitos operadores e que a competencia sexa máis forte. En todas as contratacións que se están facendo nos concellos que mencionei, como mínimo, en contratos similares fanse catro paquetes. E isto posibilita que moitas máis comercializadoras poidan entrar nesas ofertas e nesas contratacións.

Pero é que a Xunta vai máis alá e non só di que ten que ser nun só paquete, senón que di que as comercializadoras que queiran entrar nas contratacións de Redexga teñen que ter facturado no ano anterior máis do que supón o contrato completo, é dicir, máis de 50 millóns de euros. ¿Sabe vostede cantas empresas comercializadoras con forte implantación en Galicia poden ofertar? Vostede sábeo. Só unha, Gas Natural-Fenosa. ¿Sabe quen foi a adxudicataria do contrato? Evidentemente, Gas Natural-Fenosa. Porque si, evidentemente tamén puideron ofertar Iberdrola, Endesa... Si, si, xa sei, xa sei. Pero sorprendentemente ofertou Gas Natural-Fenosa e levou o contrato Gas Natural-Fenosa.

¿Por que? Porque non se permitía a outras comercializadoras independentes poder optar a estes contratos, e, ademais, comercializadoras que si garantían que o cen por cento da enerxía proviría de fontes renovables. ¿Vaino garantir Gas Natural-Fenosa? Seguro que non.

Bueno, esta é a realidade, estes son os datos. Non podo falar moito máis do plan, porque non o coñecemos. Se algún día chega ás nosas mans o plan completo, que xustifique estes 12.000 postos de traballo, que xustifique estes 3.000 millóns de euros, de onde saen os 3.000 millóns, que xustifique de verdade que hai unha aposta pola enerxía renovable, entón poderemos facer un debate serio, como reclamaba antes o meu compañeiro, o señor Lago, e non asistir, ademais en segundo pase e en diferido, ás roldas de prensa; que de verdade penso que xa as lemos con profusión nas portadas dos periódicos que vostedes dopan suficientemente para que collan ao pé da letra o que din. E non só iso, senón para que —como xa dicía antes— entren con emoción absoluta triplicando incluso as cifras que vostedes propoñen.

Señor conselleiro, responda a algunha das preguntas que lle fixen e explíquenos, sobre todo, por que, sendo un dos puntos fundamentais da política enerxética da Xunta de Galicia, no proxecto Redexga non se exige que sexa cen por cento renovable, e por que non se dá a posibilidade a unha gran competencia, como podería ser que puideran entrar as comercializadoras independentes. Xa que, ao xuntar todo nun paquete e exixir que o ano anterior tiveran que facturar máis de 50 millóns de euros, impiden totalmente que poidan optar a estes contratos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Antes de dar a palabra á representante do Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa, saudamos os alumnos de 2º da ESO do Instituto Plurilingüe Pedra da Aguia, da Ponte do Porto, Camariñas. Benvidos ao Parlamento, eles e os seus profesores.

Agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Conselleiro, en primeiro lugar, agradecemos a súa comparecencia no Pleno deste Parlamento, por petición propia, para informarnos sobre as directrices enerxéticas de Galicia para os vindeiros anos.

É coñecido por todos que a eficiencia e o aforro enerxético deberían ser considerados obxectivos prioritarios para a Administración pública, ao contribuír cunha dobre finalidade: a da sustentabilidade financeira do sector público, ao reducir a factura enerxética, e tamén a de contribuír ao compromiso co medio ambiente, xa que reducen a emisión de gases de efecto invernadoiro. O señor Conde deixou claro hoxe aquí que son obxectivos prioritarios para a súa consellería e para o goberno que representa, obxectivos que, como ben acaba de expor, contribuírán a mellorar a calidade de vida dos galegos, a acadar un crecemento económico sostible e que contribuírán na loita contra o cambio climático.

Gustaríame pór enriba da mesa o balance do feito no ámbito enerxético na nosa comunidade nos últimos nove anos. Galicia considerou a súa capacidade de transformar enerxía. Para

nós, esta é unha aposta e nunca un prexuízo, como queren transmitir algúns dos representantes da oposición. En Galicia o sector enerxético —como vostede ben dixo— representa o 4,3 % do produto interior bruto. A nosa comunidade transforma o 10,5 % da enerxía primaria en España, exporta o 37 % da enerxía que transforma e sitúase no segundo posto en produción de electricidade a través de renovables, incrementándose a potencia nestes nove anos en case 800 megavatios, tanto en renovables para a xeración de enerxía eléctrica como en renovables para usos térmicos. Si, señorías, un despregamento de renovables feito con responsabilidade e con rigor.

A nosa comunidade conseguiu reducións de consumo dun 3 %, o que nos leva a pensar que a sociedade galega está asumindo a importancia do significado do aforro enerxético, un cambio de cultura cada vez máis interiorizado. Todo o feito, señorías, e o que está por facer é o que acaba de expor hoxe aquí o señor conselleiro, que propiciará que Galicia cumpra cos obxectivos marcados pola Unión Europea para o 2020: un consumo de enerxía final de orixe renovable dun 20 % —que xa supera Galicia, que xa está no 38 %, pero que se seguirá incrementando ata un 45 %— e un consumo enerxético e redución das emisións de CO₂ cunha diminución dun 20 %, obxectivos nos que Galicia está próxima e que, coas liñas expostas hoxe aquí polo señor Conde, de seguro que acadará sen dificultades.

Polo tanto, señor conselleiro, gustárame felicitalo polo acadado ata hoxe. Por suposto, é froito dun esforzo conxunto do Goberno, da aposta da empresa privada; e, por suposto, do esforzo de todos os cidadáns galegos.

Por suposto, dende este grupo continuamos a animalo a seguir impulsando o sector, pulo que lle dará, de seguro, con estas directrices a un sector moi importante na nosa comunidade, tanto dende o punto de vista económico como dende o medioambiental.

Hai que destacar tres obxectivos que vostede relatou hoxe aquí. En primeiro lugar, o aumento da produción da enerxía a partir de fontes renovables, unha aposta polas enerxías renovables que, como vostede indicou, suporán máis de 1.200 megavatios tanto no incremento da enerxía eléctrica como no incremento da potencia térmica, que contarán con máis de (...) (*Inintelixible*.) millóns de euros de investimento, o que, sen dúbida, se facilitou e se facilitará coa entrada en vigor da Lei de implantación empresarial, que permitirá a posta en marcha de 21 novos parques eólicos que, ademais, xerarán 7.000 empregos na súa construción.

Segundo obxectivo, a diminución do consumo enerxético e a maior eficiencia para mellorar a competitividade da nosa industria e a renda das familias, unha diminución do consumo enerxético nun 4 % e cun aforro anual de 150 millóns de euros, que se conseguirá dándolles continuidade aos plans de aforro iniciados dende o 2014 na Administración pública —sobre todo coa rede de centralización da enerxía Redexga— e que se complementarán coa continuidade das axudas para outras administracións, como as dos concellos —con iniciativas pioneiras como a do barrio da Ponte, na miña cidade de Ourense, que seguro que se exportará a outros concellos—.

E, terceiro obxectivo, unha aposta firme pola mobilidade sostible, facilitando a renovación do parque móbil e a implantación do vehículo eléctrico, ademais de conseguir a introdución

do gas natural no transporte marítimo e pesado. Todo isto, señorías, sen olvidarnos de que é clave a mellora da cobertura e da garantía da calidade e da seguridade da subministración enerxética. Polo que, como ben dixo hoxe aquí o conselleiro, se continuará coa introdución do gas natural e coa mellora das conexións co resto de España, que, como saberán, son clave nunha transición enerxética seria e responsable.

Outro sector importante é o dos hidrocarburos, no que tamén nos adiantou os pasos que se están dando na simplificación administrativa para que aumente a competencia e así poida influír nos prezos.

Señorías, creo que é xusto destacar hoxe aquí a aposta deste Goberno e da súa consellería por liderar os avances no eido enerxético. As súas intervencións, señores da oposición, están na liña habitual, non sorprenden. Cuestionan datos, falan do que a vostedes lles interesa no momento. Pero non abordan o tema concreto que trae hoxe aquí o señor conselleiro. Por iso a min, señorías, tócame desmontar as súas falacias.

Mire, señora Presas, alégrome de que poida debater agora aquí con vostede e non como na anterior lei, que, bueno, mitineouse aquí directamente, falouse con nada de rigor e con nada de seriedade. Alégrome, de verdade, de debater nesta comparecencia con vostede.

Mire, Galicia xa está á vangarda da transición enerxética. Galicia xa está á vangarda, señoría, e debería coñecelo. Mire, se queren falar do pasado, eu teño que falar do pasado. Porque aquí o señor Losada sacou o concurso eólico. E entón, claro, a min tamén me toca recordar; porque, claro, é obrigado recordalo. Mire, a finais de 2008 fíxose un concurso eólico que non ofrecía garantías, ¡ningunha! E isto non o dicimos nós. Non, non, dicíao don Emilio Pérez Touriño, o seu ex-presidente, no seu libro *O futuro é posible*. É máis, dixo que a finais do proceso, no terceiro trimestre de 2008, tiña practicamente tomada —polo menos en dúas ocasións— a decisión de cesar o conselleiro de Industria. (*Murmurios*.) A súa actuación era inadmisíble e dunha grandísima deslealdade. Mire, señoría, se ese concurso fose a adiante non habería ningún euro nas arcas públicas, non. Porque vostedes pretendían que a Xunta fose socia das empresas eólicas e, polo tanto, que hoxe contase coa obriga de participar no apalancamento necesario para a construción deses proxectos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Miren, señorías, este Goberno sacou a adiante un concurso eólico baseado no rigor, na concorrència e no cumprimento da lei. Cousa que lles molesta a vostedes, que cumpramos a lei, señorías.

Mire, permitiu, a través dos plans industriais, xerar máis de 1.000 millóns de euros de investimento en Galicia, crear máis de 2.000 empregos e, ademais, co canon eólico que a vostedes tanto lles molesta, recadar 180 millóns de euros.

Miren, señorías, tócame falar de renovables tamén porque o señor Losada cuestionou o autoconsumo. Bueno, xa o comentei antes na lei pasada, pero teño que volvelo recordar. Nin nós nin o resto de España podemos seguir pagando as primas que o señor Zapatero e vostedes fixaron para as enerxías renovables, cando eran dez veces máis caras que ao día de hoxe. Recórdolles que asinaron máis de 3.000 millóns de euros en primas durante vinte e cinco anos a custa da factura da luz. Porque si, señorías, as primas páganse na factura da

luz, nas peaxes, señorías, ¡si! Estas primas, en palabras do señor Sebastián, que tamén o nomeou —é que vostede me obriga—, dicía naquel momento: «Son en realidade unha transferencia de rendas cara aos terratenentes e financeiros que despregaron as hortas solares por toda España». Iso era o que dicía o seu ministro, señor Losada. Debería telo en conta.

Miren, a diferenza entre os que din defender as persoas e os que realmente nos dedicamos a traballar pois é esta. Nós planificamos un desenvolvemento das renovables con seriedade, señoría. E claro que se iniciou o déficit de tarifa no goberno do señor Aznar, coa lei de 1997, claro. Pero ¿vólvolle mostrar outra vez a gráfica? ¡Vólvolla mostrar, claro! Porque é que naquel momento eran 1.500 millóns de euros o que había. ¡Pero é que hoxe hai 30.000! (*Murmurios.*) Señoría, este é un exemplo dunha mala planificación e nós non compartimos esa mala planificación. Non, señoría, nós, desgraciadamente, teremos que estar pagando esta débeda que vostedes deixaron na nosa factura eléctrica.

E sobre as centrais de carbón tamén me alegro de que nos pregunten, que pregunten ao señor conselleiro, porque ¿a ver que opinan vostedes? Porque encargaron un informe a un consello de asesores que din que as centrais teñen que estar cerradas antes de 2025; e, por outro lado, queren apoiar o sector mineiro. Explíqueno, porque non o entendemos. Pero, bueno, esa é a opinión dos seus expertos.

Miren, señorías, a min só me queda, para rematar xa, felicitar o señor conselleiro por expoñer hoxe aquí unhas directrices que de seguro redundarán no beneficio de todos os galegos. E pola miña parte nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Réplica do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, moitas grazas polas súas aportacións nesta presentación das Directrices enerxéticas 2018-2020, que supoñen un esforzo por parte do Goberno de planificación e, sobre todo, o esforzo de desenvolver un novo modelo enerxético sustentable baseado fundamentalmente nas enerxías renovables e motivado tamén —como non podía ser doutra maneira— pola revitalización das propias enerxías renovables despois das tres poxas de renovables que o Goberno puxo á disposición do sector e que van permitir unha revitalización das enerxías renovables en España, o que loxicamente Galicia ten a aspiración de liderar. E por ese motivo, loxicamente, estas Directrices enerxéticas 2018-2020 adquiren un especial protagonismo.

Eu lamento, señorías, que nas súas intervencións non trasladaran ningún tipo de recoñecemento a que Galicia está dando respostas concretas no eido do desenvolvemento deste modelo enerxético. Saben que Galicia destaca pola súa capacidade para transformar a enerxía. De feito, o 10,5 % da enerxía primaria en España transfórmase en Galicia. Somos a segunda

produtora de electricidade a través de renovables e temos un sector que supón o 4,3 % do produto interior bruto galego.

E, efectivamente, señor Losada, estamos facendo unha aposta polas Directrices enerxéticas e estamos facendo tamén unha aposta pola Estratexia de cambio climático e enerxía 2050, dúas estratexias distintas pero complementarias. Loxicamente, a Consellería de Economía asume as competencias en materia enerxética, de aí a presentación destas Directrices enerxéticas 2018-2020, e loxicamente a Consellería de Medio Ambiente está a desenvolver a Estratexia de cambio climático e enerxía, en colaboración coa propia Consellería de Economía. Pero creo que non podemos mesturar as dúas estratexias, porque son distintas pero ao mesmo tempo complementarias.

En calquera caso, o Goberno si está desenvolvendo o modelo enerxético que pivota sobre estas directrices e que pretende desenvolver un sistema orientado a unha economía máis baixa en carbono. E quere facelo, señorías, cun modelo que traemos a esta Cámara para poder contrastalo cos grupos políticos e, polo tanto, que se poidan plantexar achegas e loxicamente debater sobre a planificación. Por iso lles plantexamos, dende o Goberno, que poidamos diversificar as nosas enerxías primarias na procura dunha presenza cada vez maior, loxicamente, das enerxías autóctonas, potenciando a cultura do aforro e a eficiencia enerxética —que creo que debería estar no debate político— e tamén, loxicamente, unha mellora da calidade da subministración eléctrica. E nese contexto é onde plantexamos non só que a Administración pública poida ser pioneira senón tamén que poidamos impulsar o I+D+i e a mobilidade sustentable.

Creo que nese contexto é no que temos que debater sobre unha proposta concreta que eu traslado nesta comparecencia, e espero que cando menos na réplica poidamos concretar aspectos da mesma. Porque eu tráíolles aquí unha planificación concreta con datos concretos, con apostas concretas e con cifras concretas. E, polo tanto, creo que sobre esa concreción é sobre a que temos que facer o debate.

Plantexábanme o balance 2009-2017. Efectivamente, houbo uns investimentos durante estes nove anos de 2.748 millóns de euros, que se centraron sobre todo, señorías, no desenvolvemento da rede de distribución eléctrica, cun investimento de 1.231 millóns de euros; tamén na aposta polas renovables, tanto no eido da electricidade como da calor e do frío, cun investimento de 746 millóns de euros; e con investimentos de 241 millóns de euros, entre outros, no eido do aforro e da eficiencia enerxética.

E, señor Losada, efectivamente se incrementou a potencia en 783 megavatios durante este período, tanto en renovables para xeración como en renovables para usos térmicos. No eido da xeración incrementouse a potencia eólica en 212 megavatios; a hidráulica, en 280 megavatios; e a fotovoltaica, en 17 megavatios. E nas renovables para usos térmicos o incremento da potencia foi de 274 megavatios; dos cales, 244 megavatios foron no eido da biomasa —coa instalación de 5.180 caldeiras—, e tamén no desenvolvemento de 30 megavatios no eido da xeotermia e da aerotermia. Polo tanto, un balance que entendemos positivo nun contexto económico adverso pero que permitiu que o Goberno seguira desenvolvendo esa aposta molo mix enerxético pero tamén, nomeadamente, polas enerxías renovables. E, por iso, o Goberno

—e creo que sobre iso temos que centrar o debate— entende que o futuro de Galicia se escribe en renovables e que, polo tanto, a aposta polas renovables debe ser unha aposta de país que o Goberno quere compartir con todos os grupos políticos.

Pero permítanme unha reflexión para centrar o debate, porque, efectivamente, o sistema eléctrico é un sistema complexo onde hai diferentes pezas que deben encaixar para dar resultados e para conquistar os obxectivos. E o sistema, señorías —e gustaríame poder contrastalo con vostedes no debate posterior—, este sistema eléctrico, ten que garantir tanto a sustentabilidade como a calidade da subministración. Para iso necesitamos o mix enerxético. E estas directrices enerxéticas intentan dar esa resposta primando sobre as enerxías renovables. Por iso me parece aínda sorprendente que o BNG siga mantendo a súa defensa da tarifa eléctrica galega. E sorpréndeme porque, efectivamente, sabe o BNG que Galicia saíra prexudicada con esta proposta. Porque ocultan na súa exposición que Galicia nestes momentos ingresa 1.150 millóns de euros das empresas reguladoras do sistema eléctrico e paga, señorías, 800 millóns de euros por peaxe. E non o di o Goberno, dino os expertos que viñeron o ano pasado a esta Cámara. Polo tanto, o BNG insiste nunha quimera que lles custaría aos galegos 350 millóns de euros máis ao ano para manter o servizo eléctrico que recibimos.

En definitiva, se falamos do mix enerxético e falamos, polo tanto, da sustentabilidade e de garantir a calidade da subministración, temos que falar con realismo e temos que poñer en orde todas as ideas para que, efectivamente, ese *puzzle* onde teñamos que conquistar a sustentabilidade e a garantía da subministración sexa e responda a criterios realistas.

Falábame tamén o BNG sobre o suplemento territorial. Señoría, sabe que a Xunta de Galicia recorreu a orde que repercute nos consumidores os impostos autonómicos sobre o sector eléctrico. Polo tanto, a Xunta de Galicia está actuando na vía xudicial para defender os intereses dos galegos, e sabe que estamos a falar loxicamente dun impacto unicamente dun ano, o ano 2013. Vostede fáleme dunha vía política. Señoría, estamos, loxicamente, defendendo os intereses onde os temos que defender, que é con argumentos. Porque Galicia entende que, efectivamente, os impostos medioambientais aplicados non gravan en ningún momento as actividades ou as instalacións destinadas á subministración eléctrica, e sabe vostede que eses impostos en ningún caso, señoría —e creo que hai que falar con precisión— irían destinados ás eléctricas, senón que irían destinados ao sistema. Se temos que desenvolver un debate, señoría, temos que facelo, efectivamente, sobre a realidade dos feitos e o propio coñecemento do sistema eléctrico, porque, se non, estaríamos desvirtuando o debate. En calquera caso, eu o que espero é que todos os grupos políticos, incluído o BNG, se unan á Xunta de Galicia para, efectivamente, defender os dereitos dos galegos. Porque entendemos que, efectivamente, hai argumentos xurídicos que demostran que, efectivamente, eses impostos medioambientais teñen que ir orientados a que quen contamina pague e que, polo tanto, en ningún caso deben gravar —e non gravan, de feito— as actividades ou instalacións destinadas á subministración eléctrica.

Fálame o señor Losada do sistema eólico e fáleme da sustentabilidade do sistema. Claro, eu téñolle que recordar ao señor Losada que foi o Partido Socialista o que multiplicou por 15 o déficit de tarifa acumulado polo sistema eléctrico, teño que recordalo, e que, polo tanto, ese déficit pasou de 2.000 millóns de euros a 31.000 millóns de euros e puxo todo o sistema

nunha situación límite. E sabe, loxicamente, que nese contexto o Goberno do Partido Popular tivo que actuar e tivo que afrontar unha profunda reforma eléctrica. Polo tanto, se vostede me di que, efectivamente, dende o ano 2010 houbo dificultades no mercado e dificultades nas propias empresas promotoras para desenvolver os diferentes proxectos do sector eólico, pois eu téñolle que dicir que si, que é unha realidade. Pero precisamente é unha realidade motivada por que vostedes sinxelamente puxeron en perigo toda a política enerxética do noso país xerando un déficit inasumible e, polo tanto, houbo que ter unha resposta en termos de país e, polo tanto, afrontar esa situación.

Efectivamente, nestes momentos, co desenvolvemento das poxas das renovables, Galicia ten unha oportunidade para poder acadar os 4.000 megavatios en funcionamento no ano 2020. E a min o que me gustaría saber é se vostedes apoian ou non apoian a Lei de implantación empresarial, que está a permitir que precisamente Galicia teña esta oportunidade. Porque vostedes saben que, se non se aprobase a Lei de implantación empresarial para, polo tanto, axilizar as tramitacións dos diferentes proxectos eólicos, en ningún caso estes promotores poderían poñer en funcionamento en decembro do ano 2019 os proxectos que nestes momentos se están tramitando. E, polo tanto, unha vez máis eu traio a esta Cámara a cuestión de se efectivamente todos os partidos políticos teñen unha aposta real polo desenvolvemento das enerxías renovables e, polo tanto, de se hai un apoio explícito ou non por parte dos diferentes grupos parlamentarios a esta Lei de implantación empresarial.

Seguimos, efectivamente, desenvolvendo a estratexia da biomasa e imos aumentar a produción, tanto eléctrica como térmica, en 275 megavatios. E, loxicamente, Galicia segue apostando por este recurso autóctono que lle permitiu, dende a aprobación da estratexia no ano 2014, a instalación de 4.000 caldeiras e, polo tanto, seguir apostando —como dicía— polas enerxías renovables. E non só pola biomasa, senón tamén, neste caso, pola xeotermia, á cal vostedes non fixeron ningún tipo de referencia. Pero entende o Goberno que Galicia que ten un enorme potencial en materia xeotérmica. Nestes momentos temos instalado o 15,5 % de todas as instalacións de España e, polo tanto, con 30 megavatios, temos a capacidade de seguir liderando o desenvolvemento dun recurso renovable de enorme interese para o noso país.

Saben que Galicia aposta por unha transición enerxética a través dun mix coherente e equilibrado nas diferentes formas de produción e que, efectivamente, Galicia nestes momentos está apoiando e apostando para que se poidan facer os investimentos para que as centrais de carbón, tanto a das Pontes como a de Meirama, se poidan adaptar ás directrices de emisións industriais e, polo tanto, á directiva de emisións industriais, que é a que nos marca a obriga de facer estes investimentos para adaptar as nosas instalacións. E, loxicamente, nós imos seguir defendendo esa aposta e, polo tanto, que se poidan acometer todas as reformas necesarias que exige esta directiva para que poidamos cumprir os requisitos de Kioto.

Neste contexto, falando da situación e da axuda aos consumidores para que poidan facer fronte ao pago da factura eléctrica, eu recórdolles que Galicia foi pioneira no apoio aos consumidores máis vulnerables. Teño que recordalo nesta Cámara. Cando ninguén apoiaba este tipo de políticas, a Xunta de Galicia puxo en marcha o ticket eléctrico e permitiu apoiar e favorecer a máis de 13.000 familias nos últimos catro anos. E vostedes deberían falar aquí

de que, efectivamente, o Goberno de España fai unha aposta para seguir complementando as actuacións e que, polo tanto, haxa mecanismos de protección con criterios de renda. Por iso creo que é bo traer tamén a esta Cámara o debate que trae o novo bono social e a oportunidade para que, efectivamente, a través deste bono social se considere esencial e ininterrompible a subministración para os consumidores máis vulnerables e que, polo tanto, as comercializadoras tamén avisen a Administración autonómica antes de iniciar calquera corte na subministración.

Eu lamento que a oposición non apoiara no seu momento a Lei galega 7/2017. Porque por esa lei, señorías, esa lei sobre a eficiencia enerxética e a garantía de acceso á subministración eléctrica, as familias en risco de exclusión social saben que teñen asegurado o servizo da subministración eléctrica e a gratuidade dun consumo mínimo. Polo tanto, este Goberno, en colaboración co Goberno de España, vai seguir apoiando as familias que máis o necesitan para afrontar as necesidades de subministración eléctrica. *(Aplausos.)*

E, finalmente, o señor Casal trae a este debate a Redexga. Eu agradézollo especialmente. Agradézollo pero tamén teño que poñer enriba da mesa que a Redexga non é unha aposta exclusivamente pola subministración eléctrica, tamén significa unha aposta polo gas natural e unha aposta polo gasóleo C. E sabe que este sistema de contratación por concorrencia competitiva é un proxecto absolutamente pioneiro e que é sinónimo de eficiencia enerxética. E, efectivamente, o aforro económico acadado ata o momento ascende a 23 millóns de euros, e no ano 2022 será de preto de 22 millóns de euros adicionais. Son, señor Casal, aproximadamente nestes momentos 4,5 millóns de euros ao ano os que permite aforrar, dende o punto de vista da subministración enerxética, a Redexga, facendo non só un labor de apoio á Administración autonómica senón tamén incorporando outros centros, como a adhesión das propias universidades galegas e de todos os seus centros de consumo enerxético. Imos seguir, e nestes momentos si lle podo trasladar que o Inega está recompilando todos os datos para incorporar novos contratos, neste caso de biomasa e de propano, para que esta plataforma lles permita seguir xerando aforros ás administracións públicas e, polo tanto, que nese horizonte do ano 2022, despois de dez anos, poidamos aforrar 45 millóns de euros no consumo das diferentes enerxías. É unha aposta clara que supón, efectivamente, facer unha aposta polo mix enerxético. Loxicamente significa tamén incorporar non só o consumo de electricidade, senón que tamén, como lle dicía, nestes momentos xa é operativo o contrato sobre gas natural e o contrato sobre gasóleo C. E, como lle digo, incorporaremos tamén o propano e a biomasa.

En definitiva, señorías, eu agradézolles as súas intervencións. Espero que no turno de réplica poidamos afrontar este modelo enerxético, insisto, sobre unha aposta concreta por parte da Xunta de Galicia centrada nas enerxías renovables pero loxicamente tamén cunha aposta por un mix enerxético que nos permita a sustentabilidade e que nos permita tamén a garantía da subministración. Porque neses dous principios é onde temos que resolver as capacidades que ten o Goberno para trasladar á súa cidadanía a calidade na subministración, o mellor custo da enerxía e tamén, dende o punto de vista das empresas, unha maior competitividade do noso tecido industrial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, eu non falei na miña primeira quenda da tarifa eléctrica galega. Pero alégrome, señor Conde, de que vostede se sume a introducir este debate, que para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental. Eu si falei da enerxía como un instrumento para transformar non só un modelo medioambiental, senón tamén un modelo social. E hai moitas máis formas de facelo a través da enerxía, non só coa tarifa eléctrica galega —aínda que, desde logo, é unha proposta fundamental—. Eu supoño que lle quedou pena de non vir ao debate anterior, pero si que vou facer mención a algunhas das cuestións ao fío disto.

Primeiro, deberían aclararse, porque o Partido Popular vive nunha esquizofrenia permanente coa cuestión da tarifa eléctrica galega. Unifique argumentarios co grupo parlamentario, porque nunha quenda dinos que sería malísima para Galiza, superprexudicial, pero noutra dinos que é insolidaria. Se é insolidaria, pois será porque algún tipo de beneficio achega ao noso país, imaxino. (*Aplausos.*)

Si sorprende que queden só cunha parte da nosa proposta, porque saberá que tamén incluía algo referente á cuestión do canon eólico. E déixeme que neste sentido, na cuestión dos suplementos territoriais, me permita corrixilo. Porque terá que ser o Partido Popular quen se sume ao BNG, que leva durante os últimos catro anos poñendo propostas non só enriba da mesa deste Parlamento, senón tamén no seu día na negociación da Lei do sector eléctrico de 2013, advertindo de que isto ía pasar. E vostedes sempre eludiron poñerse do lado dos galegos e galegas para evitar esa suba de factura, ata o punto de que recorreron unha orde, efectivamente, tarde, mal e atrás. Pero o que non recorreron no seu día —non mo negará— foi o decreto, e foi un grande erro que a Comunidade galega non recorrera no seu día ese decreto.

En todo caso, nós insistimos en que nesta cuestión hai que exixirlle ao Estado español con firmeza que, se hai algo que pagar ás eléctricas, terá que facelo el e non a nosa comunidade, que non admitimos máis inxerencias na nosa soberanía fiscal. Porque —insisto— poderemos discordar das liñas que vostedes escollen pero entendemos que debemos ter dereito a marcalas.

Si que quería comentar tamén algunha outra cuestión moi brevemente. É bastante irónico que veña vostede aquí presumir da cuestión do combate da pobreza. Non temos tempo para profundar nesta cuestión, pero si para que nos avance para cando ese ticket de 2018, que foi outra das cuestións que se puxo no debate á primeira hora da mañá. Despois, insisto unha vez máis en que, para nós, a alternativa non é ese bono social, que ten moitos defectos —entre eles, que calquera deputado desta Cámara con familia numerosa tería automaticamente dereito a el, algo que, loxicamente, baixo criterios de renda non ten ningún sentido—. En todo caso, non son ferramentas suficientemente profundas como para atallar o importante problema social que hai no noso país.

Non vou insistir máis nos datos dos galegos e galegas que non dan pagado a factura de electricidade a final de mes. Pero, xa que na primeira quenda vostede falou do gas e do avance en expandir o gas dentro do noso país, si que vou poñer un exemplo. Temos traído a esta Cámara debates sobre casos concretos, como Cambre ou como Caranza, barrios en Ferrol ou barrios en Cambre, nos que a problemática dos veciños e veciñas era precisamente que, nese cambio, por exemplo, do propano ao gas, pedían que se lles permitise ter aínda o acceso a ese propano ou a ese butano precisamente polo prezo, porque é máis barato, porque teñen unha situación económica tal que non todos os galegos e galegas se poden permitir pagar o mínimo que custa a instalación de gas por mes. Iso é algo gravísimo. Está moi ben que queiramos pensar na substitución do gas a determinadas enerxías, pero estaría moito mellor que pensáramos en dotar os nosos galegos e galegas da capacidade económica para asumir iso.

Por introducir algunha cuestión, falou vostede de plan concreto, proposta concreta, de cifras concretas. A min case me dá a risa aínda que o asunto é serio. Eu prométole que imos imprimir, ler e estudar o *Diario de Sesións*, as cifras que nos deu, pero desde logo pensamos que habería outros mecanismos se vostede quixera, efectivamente, avanzar connosco nesta cuestión. E fixémoslle preguntas concretas que vostede non contestou.

Eu insisto nunha idea: para nós avanzar na soberanía enerxética, na autoprodución, é avanzar nese modelo social e ambiental alternativo. Para iso hai moitas ausencias no que vostede trouxo hoxe aquí. Non dixo nada sobre despenalizar o autoconsumo, sobre avanzar tamén sobre a biomasa non industrial, que é fundamental para a xestión do lixo e para a ordenación do monte. E hai debates colaterais —pero que, se falamos en termos de redución de CO₂ e de impacto, hai que poñer enriba da mesa— como a caducidade do modelo Sogama ou como, insisto, saber se o Goberno galego se vai plantar diante do Goberno estatal se nos exclúe das axudas para as centrais térmicas.

Tampouco quería deixar de facer algunha mención á absoluta autocompracencia e autoconformismo que teñen en materia do eólico. Vostedes falaban e presumían de que un 38 % da enerxía en consumo final era de orixe renovable. Pero, mire, en 2009 o obxectivo das directrices europeas xa estaba conquerido. No que deberían estar pensando vostedes é en avanzar a partir de aí, e vemos pouca ambición e pouco sentido do ridículo.

Neste sentido, hai que dicir que a potencia instalada tamén na eólica sufriu un parón significativo a partir do 2010. É certo que no 2017 en Galiza foi onde se incrementou máis, das catro comunidades líderes, a potencia eólica. Pero non é menos certo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que é a que menos medrou desde 2018, porque vostedes, co seu sectarismo, condenáronnos a unha parálise.

Nós o que pensamos é que nisto non hai unha planificación seria. E a proba é que non haxa e non se debata neste Parlamento un plan eólico específico, que segue a ser unha ausencia. E se tomaran en serio o potencial eólico e o potencial da participación pública en todos os sectores enerxéticos, desde logo poderíamos atopar máis instrumentos tanto para deseñar

ese modelo enerxético como para que teña un retorno ambiental e social que a día de hoxe non está a ter en ningún dos sectores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, esta é a gráfica da potencia eólica instalada en Galicia dende o ano 2000, é dicir, co Goberno Fraga, co Goberno do señor Touriño e co Goberno do señor Núñez Feijóo. Eu creo que o estancamento é evidente. A miña habilidade gráfica non é moi alta, pero eu creo que se ve perfectamente ese estancamento. Os datos que vostede deu, por certo, non coinciden cos do Ministerio. Eu collín os do Ministerio, sobre todo, porque o IGE non os ten actualizados. Entón, ao mellor, estaba ben que o IGE actualizara os seus datos e así faría nacionalismo estatístico e utilizaría os datos do IGE. Pero, como non están —insisto—, collín os do Ministerio.

Emocionoume que nos agradeza as aportacións. A verdade é que son aportacións metafísicas. É a caverna de Platón proxectada, porque son sobre a nada. Aportamos, na medida do posible, sobre a nada. Parece que había algún voceiro ou voceira que tiña algunha información privilexiada, o cal está moi ben. En fin, forma parte da estratexia.

Di vostede que non falamos nada e que non lle demos relevancia ao tema do aforro e á eficiencia enerxética. Eu recoñezo a importancia do aforro enerxético e da eficiencia enerxética no que é o cambio de modelo de crecemento e na loita contra o cambio climático —eu, os socialistas e, excepto a dereita máis cavernícola do planeta, todo o mundo—. Pero hai que ver os orzamentos. Primeiro hai que ver os orzamentos. E nos orzamentos a rebaixa no programa 733A, que eu entendo que é onde está esta cuestión —ao mellor está noutro sitio, pero, en fin, segundo eu sei deles, está aí—, foi aproximadamente dun 30 % entre o 2009 e o 2018. É verdade que con alteracións importantes. Iso si, a execución sempre está por debaixo do 50 %. Polo tanto, non somos nós os que non poñemos de relieve a importancia das actuacións neste ámbito. É vostede co seu orzamento e coa súa xestión orzamentaria, máis alá —xa sei— de que tendencialmente, cando a plurianualidade tende ao infinito, a execución chegara ao cen por cento. Pero, polo de agora, está por debaixo do 50 %.

Logo fala vostede tamén deses 700 megavatios de enerxías renovables en oito anos. Está ben, 90 megavatios/ano. Eu recoméndolle —sei que non ten tempo para facelo— o que dicía o señor Feijóo, cando estaba na oposición, cos crecementos. Recordo os do eólico, porque eran aproximadamente —teño aquí o dato— 220 anuais de media. Foron exactamente, nos catro anos, 910 megavatios; así que, aproximadamente, 220. E parecía que estabamos perdendo o tren do eólico. É dicir, aquí perdíamos o tren do eólico e aquí é evidente que o pillamos. O problema é que o tren parou. O tren parou, está parado, e vostedes seguen falando do eólico, falando de millóns de euros, de empregos, de mobilización etc.

Polo tanto, eu creo que hai autocompracencia. O sector eólico galego está paralizado, e respecto da posición de liderado en termos de produción enerxética e, o que é tan ou máis importante, en termos de efectos multiplicadores sobre sectores industriais e tecnolóxicos perdemos a nosa posición de vantaxe de maneira radical, gústelle a vostede ou non, queira recoñecelo ou non.

E logo falan do ano 2010, das dificultades dos promotores. Efectivamente, había un déficit de tarifa acumulado. Dígoo cada vez que saio aquí, e, se quere, rezo un rosario tamén, pero dígoo cada vez que saio aquí. Había un elevado déficit de tarifa.

A freada en seco das renovables só serviu para parar o desenvolvemento tecnolóxico do sector, para sacar do mercado os axentes económicos máis débiles e para reforzar o oligopolio, E, se non, dígame outra cousa, dígame outra cousa, señor conselleiro. Porque o certo é que a participación de Iberdrola, de Enel e de Gas Natural no eólico medrou espectacularmente, porque efectivamente eran as que estaban en condicións de resistir ese *hachazo*. E, por certo, ¿sabe o único que non mudou á baixa en todo este procedemento? As contas de resultados das tres empresas, que seguiron medrando sistematicamente, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Non nos contan aquí historias. Eu sei que Miguel Sebastián fixo non sei cantas cousas. Tiña unha vantaxe: facíaas en Madrid e non en Panamá, que sempre é unha vantaxe, claro, *por esto del nacionalismo hispano*. Ou sexa, facíaas aquí e non as facía en Panamá; e, cando ía á República Dominicana, *se pagaba sus hoteles*.

Pero en todo caso, insisto, os problemas do déficit de tarifa e o *hachazo* ás renovables tiñan un obxectivo, que era perfectamente asumible financeiramente polo ámbito público español: fíxose para sacar do mercado os pequenos competidores. Dino todos, excepto Unesa. Claro, Unesa *no lo va a decir*. Pero, de feito, ¿saíron ou non saíron do mercado, señor conselleiro?, ¿saíron ou non saíron? Non, están no mercado, ¿verdade? ¡Si, si, estupendo! Pois si, isto é unha cuestión de fe. Volvemos ao rosario de antes, pero...

Suplementos territoriais. Claro que apoiamos a Xunta de Galicia. Por certo, cando dicíamos a dimensión política que lles estaba imprimindo o goberno do que vostede forma parte aos impostos medioambientais relacionados coa produción de enerxía, aí alporizábanse. E agora é moi difícil no recurso explicar que son impostos medioambientais cando quen os distribuía, ou repartía etc., era o responsable da Administración local da Xunta de Galicia e non a Consellería de Medio Ambiente. Non me mire con esa cara, que parece que non sabe do que lle estou falando, e estou seguro de que si sabe.

Polo tanto, non é un problema do apoio da oposición. É un problema de que desvirtuaron uns impostos medioambientais para utilizalos como arma política e agora, evidentemente, volveuse contra vostedes. A verdade é que a expresión facial sorpréndeme, a cara de sorpresa. ¡Oia!, ¿é ou non é certo que nos orzamentos pon que da recadación soamente a metade irá...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...para execucións medioambientais? Aparece na memoria do orzamento. Non o inventou Abel Losada. Entón, non sei por que pon esa cara de sorpresa.

E, logo, en relación co ticket eléctrico, mire, votaron sistematicamente en contra ata o ano 2014, dende o ano 2010, os catro anos máis duros da crise. Neste Parlamento, cada vez que a oposición traía un tema sobre pobreza enerxética, o Partido Popular votaba en contra. É verdade que, chegado un momento, a situación era tan dramática que indubidablemente acabaron subíndose a ese carro.

E, señor conselleiro, non me dá tempo, pero eu creo que estaría moi ben que —é un consello de boa fe—, cada vez que veña aquí a contarnos un plan destes, espontáneos e milagrosos, por favor, bóttelle unha ollada antes ao seu Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Especialmente á páxina 342 do anexo (...) (*Inintelixible*).

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Tendo en conta que non me respondeu a ningunha das preguntas que lle fixen —vese que non estaba no *power point* da rolda de prensa—, vou seguir facéndolle preguntas.

¿Que pensa o Goberno da Xunta de Galicia das falsas plantas de coxeración como a que proxecta Ence na súa factoría de Pontevedra, que non será outra cousa que unha central térmica para queimar eucaliptos? Iso si, moi ben xustificada por Ence. De feito, Ence fixo unhas declaracións, unha rolda de prensa, na que dixo que a súa nova planta de biomasa en Pontevedra era totalmente xustificable «coa imparable extensión do eucalipto en Galicia». Como a extensión do eucalipto en Galicia non para de medrar —e non vai parar, parece ser, co novo plan forestal da Xunta de Galicia—, pois non queda outra que queimalo. Xa non poden facer máis pasta. De feito, Ence nestes momentos xa case ingresa máis diñeiro vendendo enerxía eléctrica que facendo o seu traballo, que é facer pasta de papel. Algo terá que ver a regulamentación que hai deste tipo de instalacións.

De verdade ¿parécelle renovable a planta de biomasa que se proxecta en Curtis? Segundo os nosos criterios, biomasa renovable é aproveitar os descartes forestais para xerar enerxía. Pero necesitar case 100.000 hectáreas de plantacións de eucalipto para poder funcionar a plena potencia, como pasaría con esta central de Curtis, a verdade non parece moi sustentable.

De novo, enténdese o novo proxecto forestal da Xunta de Galicia. Xa non tiñamos suficientes eucaliptos para facer pasta de papel, que agora os imos plantar para queimalos en centrais térmicas, nada de coxeración. Porque todo o mundo sabe o que é coxeración, e vostede o sabe moi ben. Coxeración é aproveitar a calor necesaria para outras actividades

das factorías para producir enerxía eléctrica. Ence non necesita máis calor para o seu proceso produtivo. O único que se está montando é unha central térmica para queimar eucaliptos.

Despois dicía o conselleiro que non lle mencionamos a maremotriz, a xeotérmica, a aerotérmica... ¿Pero que imos dicir, se non temos ningún dato solvente de cal é a estratexia? ¿En que documento podemos basearnos para facerlle unha crítica ou unha aportación? Viñemos de novas aquí, a escoitar esta rolda de prensa.

Mencionou tamén o conselleiro... nós pensabámolo deixar para outra iniciativa pero é un tema que preocupa moitísimo, e a resposta nas redes a esta situación é enorme, e é a navalada que imos recibir todos os galegos e galegas: ¡40 millóns de euros nos nosos próximos recibos da luz!, co recargo para pagar as compañías que contaminan e teñen un forte impacto ambiental en Galicia.

A Xunta de Galicia ponse de perfil, pero a realidade é que todo isto é debido a unha reclamación das eléctricas, as mesmas que reciben os contratos e as concesións da Xunta de Galicia, que o Supremo impón en cumprimento dunha lei. Vostede saberá quen aprobou esa lei, porque parece que xurdiu, que foi o Supremo quen a inventou. Pois é un partido que a vostede lle debería de soar bastante, o Partido Popular. O Partido Popular aprobou esa lei, por iso o Supremo agora di que os galegos teremos que pagarlles ás empresas eléctricas 40 millóns de euros nos nosos recibos.

A señora Nóvoa incide en todas as súas intervencións nesta falacia do déficit de tarifa. Unha débeda totalmente ilexítima, só calculada sobre os datos das compañías do oligopolio, que por outro lado se negan totalmente a someterse a auditorías públicas deses teóricos custos.

¡Son 30.000 millóns de euros! Ou sexa, non hai diñeiro para pensións, non hai diñeiro para incrementar as subvencións do paro, non hai diñeiro para moitísimas cousas, non hai diñeiro para facer pública a AP-9, pero si hai 30.000 millóns de euros para regalárllelos ás eléctricas. Ademais, como saben que se vén —como vai vir— un goberno decente lles vai facer devolver ese diñeiro, ¿que fixeron? Titularizárono, trasladárono a fondos de investimento americanos para que despois o Estado teña que ilo reclamar a Washington e non llelo poida reclamar a elas.

¿E por que digo que é un invento? Porque é un pouco raro, ¿non? Ao mellor os economistas poderíanme iluminar, porque eu non son economista. Unha empresa di: o Goberno obrígame a vender por debaixo do prezo de custo. Vale. ¿Entón, que implicaría iso? Implicaría que teñen perdas, ¿non? Pois nos dez anos que se calculou o déficit de tarifa, as compañías eléctricas do oligopolio gañaron 100.000 millóns de euros. ¿Como se pode vender por debaixo do custo e gañar 100.000 millóns de euros?

É unha cousa un pouco rara e sorprendente, pero ao mellor o señor Lago, o señor Losada e algún outro economista do Partido Popular nolo pode explicar, porque a min, a verdade, o meu descoñecemento das teorías económicas non me leva a poder xustificar isto.

En resumo, señor conselleiro, un Plan enerxético da Xunta de Galicia que en realidade é o plan de empresa de Gas Natural, de Iberdrola, de Ence, e a Xunta limitase a deixar facer, e, iso si, a asumir o márketing, como vostede veu facer hoxe aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Señor conselleiro, dá igual o que vostede ou eu digamos aquí, os señores da oposición sempre van negar uns bos datos, unha boa planificación ou unha boa xestión.

Señora Presas, vostede non estivo no debate anterior, pero estivo a súa xefa, a señora Pontón, e vina asesorándoa tamén. Entón, non escoitou ben o que eu lle dixen. A tarifa galega é un mal negocio, é insolidaria e é un mal negocio. Non, díxeno eu: ¡300 millóns de euros, señoría! Si, si, é un mal negocio. Igual que o cupo. Vostedes pretenden que fagamos malos negocios para Galicia, pero non. Por sorte, o Goberno da Xunta é un goberno responsable e non o fai.

Señor Losada, ¿cal é a súa proposta para reducir ou conter o déficit de tarifa? ¿Seguir potenciando a enerxía renovable nun momento extremadamente caro? Non sei cal é a súa proposta, de verdade. A verdade é que sorprende.

Mire, o Goberno actual decidiu subastar as enerxías renovables sen primas para non seguir acumulando o déficit de tarifa que vostedes engrosaron. Poden presumir de datos, de datos de renovables, de instalación de renovables. Pero tamén poden presumir de datos de déficits de tarifa, claro, ¡os máis avultados da historia! Diso si que poden presumir.

Señor Casal, vostedes a verdade é que están en contra de calquera proxecto industrial que se queira implantar aquí. Calquera proxecto industrial do sector eólico, por exemplo. É que vemos continuamente na Comisión 6ª como fan. ¿Vostedes o que queren é que non se instale aquí ningunha industria? ¡Díganlo claro!

En canto a amigos, oligopolio, que estamos ao lado das empresas amigas... Nós non somos. Participación: *«Firmó la mitad de los contratos dados a afines de En Marea. Los contratos municipales afines a la Marea pasan de 330.000 euros. El Ayuntamiento de Madrid triplica los contratos a las empresas en las que participa una impulsora de Ahora Madrid.»* Oiga, ¿e canto tempo levan gobernando? ¡Por favor! Non fale de que nós estamos ao lado das empresas amigas, ¡por favor! Non están lexitimados para dar exemplo de nada. *(Aplausos.)*

Vostedes, señores da oposición, todos en conxunto, porque antes eran un conxunto, foron os que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, eran un conxunto... unha mezcla... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, vostedes —como xa dixemos antes e dixo o señor conselleiro— foron os que estiveron a favor de multiplicar por 15 o déficit de tarifa; foron os que estiveron a favor de condonar 3.000 millóns de euros ás eléctricas, señorías. Señor Losada, ¡3.000 millóns por non reclamar o cobrado de máis polos custos de transición á competencia!

E tamén volvo recordar —xa o dixen antes, pero é que o volvo dicir porque este dato hai que dicilo continuamente— que abriron nove expedientes durante catro anos por un valor de 97.000 euros. ¡Oia! Nós, 2.400 por un valor de case 24 millóns. E como ben recordou aquí o señor Casal, que falou case toda a súa intervención da Redexga porque o outro día non lle chegou o tempo na Comisión 6ª, nós imos ser os que imos reducir a factura enerxética da Administración e imos aforrar 45 millóns de euros ata o 2022. Co cal entenderá que non somos nós os que estamos ao lado das grandes empresas eléctricas porque estamos acurtando a factura, señor Casal. ¡É tan simple como iso!

Mire, señor conselleiro, a min quédame agradecerlle de novo a comparecencia. Destacar que, como ben dixo vostede, Galicia pasou dos ditos aos feitos; que o balance ao longo destes nove anos sitúa a nosa comunidade no cumio da enerxía renovable en España. Pero, como vostede explicou, non nos sentimos satisfeitos e queremos continuar nesta senda, na senda do cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea en materia de aforro e eficiencia enerxética. Obxectivos ambiciosos, de implantación dun modelo enerxético forte e centrado na enerxía renovable. Obxectivos de pulo por un cambio nos patróns de consumos de administracións, fogares e empresas, e que forme parte do día a día da nosa vida.

Presentou unhas directrices que, dende logo, servirán de guía para impulsar a Galicia cara a un modelo enerxético sustentable; un modelo enerxético que será, sen dúbida, unha oportunidade, de modo que a transición enerxética sirva para crear emprego e impulsar a actividade económica da nosa comunidade.

Señorías, un apoio ás enerxías renovables xa coñecidas por todos, como o sector eólico, moi afincado en Galicia e con importantes proxectos en marcha que xerarán emprego de maneira inminente na nosa comunidade. Apoio —como non podería ser doutra maneira— á innovación no eido enerxético, como vostede contou aquí esta mañá, coa implantación de sectores como a biomasa, o biogás ou o biocombustible, conseguindo que a nosa Industria 4.0 interiorice a cultura do aforro enerxético para conseguir ser máis competitiva.

Que as directrices enerxéticas que hoxe presentou aquí, señor conselleiro, consigan un investimento público-privado de máis de 3.000 millóns e que haxa a previsión de crear 12.000 empregos, todo isto nos próximos tres anos; que o sector enerxético na nosa comunidade represente un 4,3 % do produto interior bruto; que Galicia sexa a segunda potencia en enerxía renovable, é grazas ao esforzo de toda a cidadanía, da empresa privada pero tamén do seu Goberno, señor conselleiro. É xusto recoñecelo, e non se trata de facer publicidade e propaganda, señores da oposición, senón de contar o que se fai, de falar de feitos, de primeiro facer e despois contar o que se fixo.

Pola miña parte, nada máis. Reitero o meu agradecemento, señor conselleiro, e de todo o meu grupo, pola intervención desta mañá.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Peché da comparecencia, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, de novo lles traslado o meu agradecemento polas súas intervencións, aínda que, loxicamente, nalgunha delas non concordamos. E sobre todo non concordamos cando temos que escoitar nesta Cámara un debate sobre o apoio ás persoas que máis o necesitan, e a portavoz do BNG o que di textualmente é que esas medidas non son ferramentas suficientemente profundas.

Señora Presas, ¿vostedes apoian ou non apoian que as familias en risco de exclusión social poidan ter asegurado o servizo de subministración eléctrica e a gratuidade dun consumo mínimo? ¿Apóiano ou non o apoian? Porque iso é o que recolle precisamente a lei aprobada neste Parlamento polo grupo maioritario, que vai permitir que, efectivamente, haxa unha posibilidade de que as familias en risco de exclusión social non só se beneficien do novo bono social do Estado, que xa inclúe mecanismos de protección que a Xunta de Galicia estableceu no seu momento, senón que agora plantexamos a posibilidade de que se poida complementar por parte do Goberno galego e vostedes votaron que non. Iso, señoría, creo que llelo deberían de explicar aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

En calquera caso, é curioso que tanto o BNG como o Partido Socialista falen nesta Cámara do Plan eólico. Digo isto porque, claro, a política do BNG e a política do Bipartito —porque nisto si que compartían estratexias— era simplemente facer unha repartición; esa foi a súa estratexia e foi a súa política. Pero saben que, loxicamente, iso levou a que os dous concursos eólicos aprobados polo Bipartito foran declarados ilegais e que ademais houbera que anular un terceiro. Esa é a realidade da súa planificación e esa é a realidade da súa visión do sector eólico.

O señor Losada traslada que o parón o único que fixo foi supoñer un parón no desenvolvemento tecnolóxico durante estes últimos anos. Eu vólvolle trasladar a pregunta: ¿vostedes apoian ou non apoian a Lei de implantación empresarial aprobada por este Goberno, que está permitindo o desenvolvemento do sector eólico e que, polo tanto, en Galicia se poidan poñer en funcionamento máis de 4.000 megavatios no horizonte do ano 2020? ¿Apóiano ou non o apoian? Porque, se non o apoian claramente e sinxelamente, vostedes non están apoiando o desenvolvemento do sector eólico. Esa é a realidade cando se fala dun sector tan importante para Galicia.

E claro, o señor Losada esquece que, efectivamente, a política enerxética do Partido Socialista do señor Zapatero puxo en situación límite a propia política enerxética de España. Vostede sabe que, se non asumiran o custo do desenvolvemento tecnolóxico, implementando unhas primas que eran inasumibles para un país como España, sinxelamente aforrariamos 10.000

millóns de euros. Pero o máis grave, vostede sabe que o sistema de primas que tivo que anular o Goberno do presidente Rajoy supoñía un custo para o sistema de 10.000 millóns de euros ao ano; vostede sábeo. ¿Quéreme dicir nas poxas de renovables que se celebraron o ano pasado cal é a prima que reciben os promotores eólicos? (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Recórdollo eu: cero euros, señor Losada, cero euros.

Polo tanto, creo que, cando falamos do desenvolvemento do sector eólico, temos, primeiro, que ser realistas, e, segundo, atender as necesidades do sector. Nun momento de recuperación económica, o sector precisaba da adaptación normativa, precisamente para ter esa capacidade de desenvolvemento, e vostedes, sinxelamente, pretenderon negar esa capacidade ao sector votando que non á Lei de implantación empresarial. Eu aínda lles traslado se realmente consideran axeitado que o sector tivera o risco pola súa falta de visión de desenvolver e, polo tanto, poder abordar os diferentes proxectos que van permitir que Galicia teña instalados no ano 2020 máis de 4.000 megavatios e que, polo tanto, Galicia poida recuperar o liderado no desenvolvemento das enerxías renovables e, nomeadamente, no sector eólico.

Fálanme tanto a señora Presas como o señor Casal da biomasa. Saben que a biomasa pode ser eléctrica ou térmica. Loxicamente, nós apostamos polos dous desenvolvementos. E, efectivamente, a planta de Curtis vai permitir incrementar a instalación eléctrica. En concreto, nas directrices enerxéticas plantéase un aumento da produción de biomasa eléctrica e térmica de 235 megavatios.

O proxecto de Curtis, señor Casal, vai permitir desenvolver unha planta de 45 megavatios. E nesa planta vanse usar restos de cortas que agora quedan no monte; esa é a realidade. E, polo tanto, a planta de Curtis vai permitir non só a xeración eléctrica renovable senón tamén, loxicamente, o desenvolvemento dun proxecto que vai permitir tamén a sustentabilidade do noso sector forestal e, sobre todo, traballar e aportar na prevención dos incendios forestais a través da recollida deses restos de cortas que agora —como lle dicía— quedan no monte. Polo tanto, cun investimento de 113 millóns de euros e coa creación de 550 postos de traballo durante a construción desta planta, e 130 empregos, unha vez que sexa posta en marcha, cremos que si é unha aposta que hai que desenvolver.

Igual, señora Presas, que a aposta pola biomasa térmica, na cal xa temos desenvolvido dende o ano 2014 a instalación de 4.000 caldeiras, e que vai permitir, efectivamente, un uso non só industrial senón tamén orientado ao aproveitamento térmico dos nosos cidadáns, tanto das familias como tamén das propias empresas.

En definitiva, señorías, nestas directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020 o Goberno entende que hai unha aposta clara pola economía verde, que hai unha aposta clara pola transición enerxética para poder incrementar a capacidade do noso tecido industrial e tamén para incidir na cultura do aforro e da eficiencia enerxética, e que, en definitiva, este novo modelo enerxético ten que ser máis sustentable e ten que ser máis respectuoso co medio ambiente. E por iso estes investimentos, nos próximos tres anos, de máis 3.000 millóns de euros entendemos que van permitir que, efectivamente, esta aposta por un novo modelo enerxético que garante un mix enerxético no desenvolvemento das diferentes enerxías per-

mita que Galicia sexa máis competitiva e que poida ofertar un custo máis competitivo, tanto ás familias como ás empresas.

E o máis importante das directrices enerxéticas é que, efectivamente, é unha aposta polas enerxías renovables. E aí na comunidade autónoma vanse instalar 1.200 megavatios, tanto na eólica, a hidráulica e a fotovoltaica como na biomasa, na solar térmica e na xeotermia.

E aí, señorías, temos a posibilidade de desenvolver novos parques eólicos, que xa están declarados grazas á Lei de implantación empresarial como proxectos de especial interese, e tamén imos desenvolver proxectos, como o do ecobarrio de Ourense, que van permitir o desenvolvemento dunha enerxía como a xeotermia e van permitir, sobre todo, definir un modelo pioneiro de desenvolvemento enerxético nas cidades a través dunha aposta clara polo aforro e pola eficiencia enerxética; actuacións que, loxicamente, ampliaremos a outros eidos, como a rede de subministración de gas natural, tamén orientada á maior competitividade do tecido industrial e tamén ao aproveitamento por parte das familias.

En definitiva, o Goberno redobra este compromiso coas enerxías renovables, redobra o compromiso por combater o cambio climático, por impulsar a bioeconomía. E entendemos que o crecemento económico en Galicia ten que ser sinónimo de xeración de enerxías limpas e tamén ten que ser sinónimo de eficiencia enerxética que permita reducir os custos, que permita xerar emprego cualificado e que teña un impacto positivo no medio ambiente. Polo tanto, con estas directrices enerxéticas, estamos a conxugar maior actividade económica, maior benestar e maior emprego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos o pleno ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

(Por un erro na gravación, non se recollen os primeiros instantes da sesión do pleno, en que o presidente declara aberta a sesión e presenta a primeira iniciativa, a comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, así como as primeiras palabras desta.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do futuro da política agraria común (PAC) en Galicia

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): [...] os deputados non puideron asistir e pareceume boa idea vir explicar ante a Cámara a posición que dende a Xunta de Galicia estamos a defender en todos os foros, principalmente en Madrid, pero tamén en Bruxelas, onde estiven nos meses de decembro do ano pasado, febreiro e recentemente no mes de marzo. *(Murmurios.) (O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, eu... *(O*

señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) Que conste que me alonxei, pero... Si.
(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)

Di o presidente que se irá regulando pouco a pouco.

No mes de abril do pasado ano tivemos unha posición consensuada coas distintas comunidades autónomas ante o Ministerio, posición que foi unánime na maioría dos puntos e que só quedaron fóra, por un lado, Aragón e, por outro lado, Navarra. Esta posición non difire moito do resto das comunidades de España e tampouco das dos países do sur de Europa. Todo, por suposto, baixo a coordinación do Ministerio de Agricultura, que ten o difícil papel de buscar aliados para lograr que prevalezan as demandas dos agricultores e os gandeiros cunha posición clara de goberno ante unha ameaza real que temos na negociación post-2020, que é a ameaza do *Brexit* e que son as ameazas das políticas de seguridade e emigración, ameaza que en realidade non debería de ter repercusión sobre o que é a PAC en si e ao que se opón, por suposto, Galicia.

Foi unha interesante xornada onde participaron por parte da Comisión Europea Carlos Martín Óvilo, que é especialista no ámbito lácteo, e polo Consello de Europa César Cortés, que é amigo portugués; polo Ministerio de Agricultura estivo o secretario xeral, Carlos Cabanas, e pola Xunta de Galicia asistiu o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

O presidente anunciábanos o 10 de abril que en próximas datas visitará Galicia o comisario de Agricultura e Desenvolvemento Rural, Hogan, atendendo un convite persoal seu, e aí volveremos de novo trasladar as demandas que nos fai chegar o sector, os agricultores e os gandeiros, os cales escoitamos tamén, ademais, no territorio.

Esta é a primeira vez que o comisario se achega a Galicia e temos que ter en conta que nos enfrontamos a unha reforma da PAC da que por primeira vez descoñecemos cal vai ser o seu orzamento, e a previsión é que o día 2 de maio teñamos unha primeira proposta que despois se irá negociando co resto dos países.

Señorías, a agricultura é un sector cuxo apoio provén case que exclusivamente da esfera europea, a diferenza da maior parte dos sectores da economía, apoiados principalmente polos gobernos nacionais.

A política agraria común, a PAC, foi creada en 1962 e vén ser a representación e a unión da agricultura coa sociedade, entre Europa e os seus agricultores, cuns obxectivos moi claros, entre os que cabe salientar a mellora da produtividade agrícola, de forma que os consumidores dispoñan de materia prima estable e segura, e a prezos razoables, e unha garantía para os agricultores da Unión Europea para ter un nivel de vida digno e tamén razoable.

A PAC é unha política común a todos os Estados membros da Unión Europea e non pode deixar de ser unha política común. Ten que ser, ademais, xestionada e financiada a escala europea con recursos do orzamento da Unión Europea, e iso teno claro Galicia. Todos os Estados membros comparten estes dous obxectivos, ningún dos cales pode acadarse sen orzamento, sen axuda económica. É obvio que unha política colectiva para a Unión Europea

permite un mellor uso dos recursos orzamentarios que múltiples políticas nacionais diferentes, ás cales nos opoñemos.

A agricultura depende en gran parte do clima e tamén das condicións meteorolóxicas, máis que doutros sectores. Por outra banda, na agricultura dáse un lapso de tempo inevitable entre o momento no que xorde a demanda dos consumidores e o momento no que os agricultores poden satisfacela.

Estas incertezas xustifican o importante papel que desempeña o sector público para garantir a estabilidade dos ingresos dos agricultores, que son o núcleo dunha subministración estable e seguro de alimentos para máis de quiñentos millóns de cidadáns. Polo tanto, falar de PAC é falar de economía, pero falar de PAC tamén é falar de alimentos seguros e, polo tanto, é sinónimo de saúde.

A PAC apoia os agricultores de distintas maneiras. Por unha lado, axuda á renda. Os pagos directos prestan axuda á renda agrícola e remuneran os agricultores pola prestación de bens públicos, que os mercados normalmente non pagan, como é o coidado do noso rural.

Son tamén medidas de mercado. A Comisión Europea pode tomar medidas para abordar situacións difíciles no mercado, como o desplome repentino da demanda, por alertas sanitarias ou caídas de prezos, resultantes dunha oferta excesiva no mercado; estas dúas medidas, financiadas unicamente grazas aos orzamentos da Unión Europea. Ademais, ten outro tipo de medidas, e estas son as de desenvolvemento rural, dirixidas ás necesidades e retos específicos das zonas rurais, baseadas na programación plurianual cofinanciada polos Estados membros.

Polo tanto, cómpre situar o orzamento da PAC dentro dun contexto, e ese contexto é o do gasto público da Unión Europea, constituíndo apenas o 1 % de todo o gasto público da Unión Europea; en 2017 representou ao redor dos 61.000 millóns de euros.

A primeira das múltiples funcións que desempeñan os agricultores fronte á sociedade é producir alimentos. Grazas á PAC, os cidadáns europeos gozamos de seguridade alimentaria e como sociedade podemos estar seguros de que os nosos agricultores producen os alimentos que necesitamos.

Pero a agricultura non é só alimentos. Tamén se trata do noso campo, tamén se trata do noso rural e dos seus valiosos recursos naturais. Os agricultores manteñen o rural vivo e unha forma de vida rural, porque moitos dos postos de traballo no rural están relacionados indirectamente coa agricultura e coa gandería. Precisan maquinaria, precisan construcións, precisan fertilizantes, asistencia sanitaria para os animais, precisan combustibles, transporte e venda polo miúdo, e isto xéao todo o agricultor e o gandeiro.

A Unión Europea conta con preto de once millóns de explotacións agrícolas e vinte e dous millóns de persoas que traballan habitualmente na agricultura. En conxunto, agricultura e alimentación crean arredor de corenta e catro millóns de postos de traballo en Europa. Ademais, os agricultores xestionan o campo en beneficio de todos nós. Subministran bens de

interese público, sendo o máis importante de todos o coidado e o mantemento dos nosos solos, da paisaxe, é dicir, da biodiversidade. O mercado non paga eses bens públicos, e para remunerar ese servizo que prestan á sociedade no seu conxunto a Unión Europea concédelles axudas á renda.

Por outra banda, os produtores agrícolas poden resultar afectados de forma negativa polo cambio climático. A PAC concédelles axuda financeira para que poidan axustar os seus métodos a sistemas agrícolas co fin de facer fronte aos efectos dese cambio. Agricultores e gandeiros son os primeiros en comprender a necesidade de coidar os nosos recursos naturais, porque, á fin e ao cabo, dependen deles na súa vida cotiá. Para evitar os efectos secundarios negativos dalgunhas prácticas agrícolas, a Unión Europea achégalles incentivos para que traballen de forma sostible no territorio e de maneira ecolóxica. Porque os agricultores deben superar dous retos: por un lado, producir alimentos, alimentos de calidade, e, ao mesmo tempo, protexer a natureza e salvagardar a biodiversidade, sen esquecermos do máis importante para que haxa agricultores e gandeiros, que é obter, da súa economía, unhas rendas dignas.

Unha agricultura sustentable dende o punto de vista ambiental, que utilice os recursos naturais con prudencia, é esencial para producir alimentos que para a nosa calidade de vida, agora e de cara a un futuro, precisamos.

A importancia para Galicia da PAC non ofrece ningún lugar a dúbidas. A distribución dos pagos da PAC na última década na nosa Comunidade superou os 2.600 millóns de euros, achegándose a uns 33.000 beneficiarios ao ano, que veñen ser 190 millóns de euros anualmente.

Como curiosidade, indicarlles que cantidades que se distribúen da PAC entre os agricultores e gandeiros de calquera concello, pero poño un exemplo como é o caso da Pastoriza, duplican o orzamento municipal; é dicir, de orzamento municipal A Pastoriza ten 2,2 millóns de euros e de PAC reciben os agricultores que alí residen 4,7 millóns de euros. Pero non é o único caso o da Pastoriza; é o caso de Frades, por exemplo, que ten un orzamento de 2.181.000 euros e de PAC reciben 2.226.000 euros, unha diferenza de 44.000 euros a maiores que reciben de PAC os nosos agricultores e gandeiros. Podemos ir a Ourense e falar de Montederramo; ten un orzamento de 814.000 euros e de PAC reciben 894.000 euros. Podemos ir a Pontevedra e falamos de Rodeiro; o seu orzamento é de 2,4 millóns de euros e os seus gandeiros reciben 2,1 millóns de euros. Ou xa, se queremos ir a concellos máis grandes, de maior dimensión, caso de Lalín, por poñer un exemplo, que ten un orzamento de 14,5 millóns de euros e reciben de PAC os seus gandeiros 4,3 millóns de euros. Co cal a importancia da PAC é transcendental de cara a un futuro.

Pero tamén é certo que hai incertezas, e esas incertezas son que é a primeira vez que se empeza a negociar a PAC enriba da mesa, non hai ningún orzamento.

A singularidade de Galicia, cunha densidade media de 91,9 habitantes por quilómetro cadrado, pon de manifesto a dispersión da nosa poboación rural. De aí que esas sinerxías, para ben ou para mal, teñen que estar reflectidas á hora da negociación da PAC. Se a iso sumamos

que en Galicia temos 30.139 entidades singulares de poboación, a prestación de servizos aos residentes na zona rural vese claramente comprometida. E a solución require de apoios múltiples, a través dos pagos directos, pero tamén a través do segundo pilar da PAC. E eses apoios múltiples transfórmanse en mellora de posibilidades de emprego, en equiparación de rendas rurais e urbanas, en dotación nas zonas rurais de servizos que as fagan atractivas para a poboación —particularmente para a poboación máis xove—, no apoio total ás explotacións agrarias familiares, que é peza clave en Galicia; sociedades, cooperativismo.

En definitiva, Galicia apoia o agricultor activo. A diversificación da actividade económica, a creación de novas empresas e o apoio noutras formas de creación de emprego e, en particular, a través de microempresas e pequenas empresas non agrarias, todos eles son elementos imprescindibles de desenvolvemento rural tendentes a buscar na xeración de riqueza un elemento atractivo para o mantemento da poboación no noso rural.

A PAC é xa o elemento esencial da política agraria. E, por todo o dito, é de vital importancia para Galicia o mantemento dos dous piares da PAC. En concreto, o primeiro pilar da PAC tivo especial importancia en tres aspectos fundamentais, e hai que seguilo desenvolvendo de cara a un futuro. Por un lado, como reforzo á adopción de métodos de produción agrícola e gandeira sostible e beneficiosos para o medio ambiente, a través da condicionalidade e do pago verde; por outro lado, promovendo o mantemento das áreas rurais, ao favorecer a actividade agraria; e, en terceiro lugar, porque se incrementan as rendas agrarias dos produtores e favorece a viabilidade económica das nosas explotacións.

O segundo pilar polo cal tamén loita Galicia é o desenvolvemento rural. Trata de responder aos numerosos retos económicos, ambientais e sociais do século XXI, cun maior grao de flexibilidade, que é o primeiro pilar, permitindo que formulemos dende as distintas comunidades autónomas, dende os Estados, os nosos propios programas de desenvolvemento rural, que os adaptemos ás nosas necesidades e que sexan os propios actores do territorio, a través do enfoque Leader, os que se ocupen dos problemas locais.

A PAC tamén axuda os agricultores a ser máis produtivos e a mellorar as súas habilidades técnicas. Nos seus primeiros anos a PAC tamén alentou os agricultores para que utilizasen maquinaria moderna, para que utilizasen novas técnicas, que utilizasen tamén abonos, produtos fitosanitarios. Naquel momento era necesario porque a prioridade era cultivar máis alimentos para a poboación.

A política desenvolvida naquel momento resultou eficaz e a produtividade aumentou. O rendemento dos cultivos incrementouse, aínda que dende o ano 2000 se mantivo estable. E agora toca afrontar novos retos e na PAC post-2020 toca afrontar retos fundamentais, como é a investigación e a innovación, para que os nosos agricultores e gandeiros produzan máis con menos.

Neste momento a PAC, e ata o ano 2020, que están os fondos dispoñibles, axuda os agricultores a cultivar de forma que se reduza a emisión de gases de efecto invernadoiro, tamén a utilizar técnicas agrícolas respectuosas co medio ambiente, a producir e a comercializar as especialidades alimentarias de cada unha das rexións, a facer un uso máis produtivo dos

nosos montes e o espazo forestal e a desenvolver novos usos para os produtos agrícolas e sectores tales como pode ser a cosmética, a medicina ou incluso a artesanía.

E a Unión Europea debe afrontar máis retos, e Galicia ten moitos retos que afrontar despois do ano 2020. Por un lado, garantir unha produción viable de alimentos que contribúa a alimentar a poboación mundial, que, segundo se prevé, aumentará considerablemente no futuro. Ten outro reto: o cambio climático e a xestión sostible dos recursos naturais. E un non menos importante, que é o despoboamento e o mantemento dunha economía rural viva.

Señorías, a singularidade do sector agrario de Galicia, aínda que compartida por outras comunidades autónomas, está tamén condicionada por aspectos propios. Somos a primeira potencia española e a novena europea en lácteo. Predominio do sector vacún, especialmente do sector do leite, que supón o 50 % das explotacións de todo o Estado, pero, ademais, no sector de vacún de carne é onde temos o maior número de explotacións de vacas nodrizas, que dependen en gran medida das axudas para a súa sostibilidade.

Outro factor que nos distingue é que, a pesar de ter medio millón de hectáreas de superficie agraria, que en realidade vén ser pouco, o número de parcelas é altísimo, son máis de quince millóns de parcelas, polo que a xestión das axudas ligadas a superficies é moito máis complexa en Galicia que en calquera outro territorio a nivel nacional.

En Galicia a maioría de solicitudes das axudas son de mulleres, un 57 % das persoas físicas, fronte a unha media estatal que é do 35 %, polo que a PAC tamén representa unha ferramenta para promover a igualdade de xénero no medio rural.

E, por outro lado, o apoio que representan as axudas da PAC promoveu que Galicia sexa hoxe en día unha destacada rexión europea como produtora de alimentos de calidade, sendo a terceira comunidade máis importante de España, e territorialmente temos que dicir que somos a primeira. Temos trinta e tres denominacións de orixe e IXP (indicacións xeográficas protexidas).

No mes de abril do ano 2017 Galicia fixo análise de situación e posicionouse a nivel do Ministerio. En novembro do ano 2017 a Comisión Europea enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo, así como ao Comité das Rexións, o seu comunicado, que é o futuro dos alimentos e a agricultura. Esta é a base sobre a cal se está a traballar e na que se seguirá traballando polo menos ata que teñamos coñecemento do marco financeiro o día 2 de maio.

Neste documento salientase a necesidade de que a PAC faga fronte, por un lado, aos retos da Unión, aos compromisos internacionais da Unión Europea, e obviamente debe estar orientada tamén a cumprir as obrigacións establecidas no Tratado da Unión Europea para a PAC. Ademais, a comunicación prevé un modelo baseado nun único plan estratéxico para os dous piares da PAC, que debe ser deseñado polo Estado membro e orientado a resultados. Isto supón, como poden imaxinar, un cambio radical respecto das anteriores reformas; é dicir, que nun primeiro momento se nos dicía que a PAC 2020 ía ser unha evolución pero acabará sendo unha auténtica revolución.

Son moitos os retos aos que se enfronta a Unión Europea, son moitos os retos aos que se enfronta España, pero son moitos os retos, sen dúbida, aos que se ten que afrontar Galicia. Témololo claro. Necesitamos un mesmo orzamento, precisamos os dous piares que son claves para o desenvolvemento e temos claro que precisamos reforzar a cadea de valor, sobre todo para aqueles que son os máis débiles, os agricultores e os gandeiros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda de grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Moitas grazas, señora conselleira, porque deunos un cursiño acelerado da PAC, pero a PAC en xeral. Porque a outra PAC é un fantasma, é un fantasma. Non sabemos, non habendo orzamento, estando o Parlamento Europeo a un ano de cambiar, é facer elucubracións no aire.

A ver. Vai ser preciso —vostede aludiu a isto— que nos visiten moito e que lles mostren Galicia e a súa realidade, e que leven esa realidade de Galicia alá onde vaian, a Europa ou onde vaian.

Eu celebro que non traia optimismo, ese optimismo desbordante que ten ás veces, porque iso vainos situar un pouco máis na realidade deste país. Porque, período a período, a PAC vai sendo aplicada nun medio rural en proceso final de desintegración —créame: dóeme moito dicir isto, pero é certo—. Con vostedes o medio rural sufriu un brutal proceso de desagrarización forzado e inducido. Tivo unha pequena esperanza —que vostede sabe a cal me refiro—, de 1985 en diante, de 1980 en diante, co do leite, que acabou en fracaso, porque vostedes non pelexaron por esta nosa xente que, na cita da terra, sabe a terra e a ubre, a patata e a queixo, a centeo e a millo, a miseria e a esperanza.

Vostedes, na súa segunda era triunfal, continuaron afondando nos erros que arrastraban de atrás. Vostedes, en vez de aprender da crise de prezos do 2015 e iniciar políticas de afortalamiento e apuntalamiento do sector lácteo, poñendo terras agrarias á súa disposición para minguar a dependencia de insumos externos e aumentar os rendementos por litro, continuaron ollando para outro lado, como se non fose asunto seu. Manteñen un Bantegal fosilizado para utilizalo como bandeiriña nas festas gastronómicas, onde falan —digo eu— de *«lo verde que era mi valle»* .

A isto temos que sumar unha industria láctea, débil, de capital non galego. Producimos o 40 % do leite do Estado e a industria láctea ubicada aquí non chega ao 10 %. En termos de emprego e valor engadido, co 40 % de produción, a industria de capital galego supón un

3 %-4 % do estatal. Sen unha industria que complete a cadea produtiva, vostede sabe que, se non se xera valor engadido, o sector lácteo seguirá a ser vulnerable, e está sendo vulnerable. Cando Nova Zelanda saía da seca, imos ter outra vez un problemíña, ou un problema.

A política agraria galega, señora conselleira, está hipotecada pola deficiente xestión dos montes. O gasto público na loita contra o lume pasou de 6 millóns de euros no 1989 a 68,6 no 2006 e no 2018 chegamos a 192 millóns de euros, dos 494 de orzamento total da Consellería, un 39 % do total. Incumpren as medidas en materia de prevención, derivando fondos europeos para a extinción, perdendo o cofinanciamento europeo do 75 %, tal e como reiteradamente ten advertido o Consello de Contas.

Porque non se pode manter un caos na ordenación do territorio coa súa política do «ti vai facendo, ti vai plantando, que se non hai quen te denuncie...». Precisamos políticas de diversificación, ordenando as masas forestais en mosaico e os núcleos rurais en uxfor ou outra cousa, como defensa contra o lume, e a ordenación e o aproveitamento do monte privado non xermánico.

O citado informe do Consello de Contas sinala que o sector forestal leva perdendo peso, tanto en valor económico como na creación de postos de traballo, de xeito continuado nesta nosa matria.

¿Como vai o Goberno galego facer fronte aos recortes dos fondos europeos previstos polo *Brexit* e calculados máis ou menos nuns 10.000 millóns de euros con esta política agraria hipotecada polo gasto insostible en apagar lumes? ¿Teñen analizado o desafío da seca, que xa está con nós e que agudiza a violencia dos incendios, a erosión do solo e as emisións á atmosfera provocadas polos lumes? ¿Teñen pensado algunha medida para configurar espazos rurais menos vulnerables ao fogo? ¿Son conscientes de que amplas zonas agrogandeiras deste país van precisar de regadío para os seus cultivos nun pequeno prazo de tempo? Porque hai que ir previndo; a política é iso, debéra ser iso: adiantarse aos tempos.

Pero ¿sabe, señora conselleira? Sobre de todas as cousas, precisamos políticas rotundas e decididas contra do abandono, contra da desertización humana. Ourense arde de soidade, é a queixa dun territorio abandonado o que converte a desesperación en lume. A incitación ao abandono, derivado da intensificación produtiva, levounos ao avellentamento poboacional e á despoboación.

Nós últimos trinta anos, desde a entrada na UE, este proceso fíxonos pasar de 415.000 ocupados no 1985 a 45.000 no 2015. A produción gandeira desligada da terra, a falta de incentivos públicos que propicien o arrendamento da superficie das explotacións que se abandonan para aumentarmos así a base territorial das que quedan e a permisividade das plantacións forestais en terreos agrícolas abandonados lévannos á perda de superficie agraria útil. Xa tiñamos pouca e seguimos tendo menos.

E unha intensificación da produción. A produción en base á terra é a mellor política para defendernos da volativi..., da volativili... —non o vou dar dito, despois de comer— volatilidade

dos prezos dos insumos —pensos, fertilizantes, gasóleo—, no contexto dunha poboación mundial crecente e a brutal competitividade dun mercado globalizado. Os balances de nitróxeno e fósforo que fai o MAPAMA revelan unha situación preocupante. Cada vez se producen máis xurros en menos superficie agraria, o que conleva a contaminación do solo, que, por certo, absorbe sen control o 85 % dos lodos de depuradora producidos nas cidades e vilas galegas, sen control.

A gandería familiar e as granxas familiares son o principal sustento económico da poboación rural, polo que se debería apostar pola agricultura familiar fronte ao desafío das ganderías industriais e as macrogranxas como as de Soria. Están aí.

Señora conselleira, o proceso no que estamos inmersos —e, ademais, protexido por vostedes— lévanos aí, a macrogranxas, unha aquí, outra acolá e outra acolá, e nada máis. Coa escaseza... —vou ter que, como dicimos os gaiteiros, mollar a palleta— de base territorial e a intensificación crecente, as granxas familiares están condenadas á morte.

Mire, a miña parroquia conserva catorce explotacións lácteas, unha de porcos, tres de pavos e dúas de poñedoras, e non lle queda ninguén; con todo iso, non queda ninguén. A nivel produtivo duplicamos ou cuaduplicamos a produción e o número de cabezas de hai quince anos, pero todos son camións de forraxe e concentrados que veñen de fóra, xa non se pastorea, sáennos os eucaliptos polas orellas, pero non lle queda ninguén, non hai vida. A desagrarización brutal e a concentración e intensificación mataron a alegría, mataron a alegría.

¿Sabe que pasou? Pois que vostedes sempre procuraron ollar para fóra, nunca foron conscientes das virtudes desta terra e deste pobo, que, coas nosas particularidades climáticas, de cultivos, de repartición da propiedade, estabamos reclamando medidas especiais, adaptadas ao noso ser, ás nosas —digamos— singularidades —¿válelles así para non liala con identidade territorial e nacional?—. ¿Cando van facer valer en Europa as características do noso país, que sempre sae prexudicado? A realidade galega non é cerealista nin latifundista. Os nosos elementos diferenciais deberían primar. Vostedes tiñan que facer Galicia presente en Madrid e en Europa: os traballadores por explotación, o valor ambiental e territorial que teñen as nosas explotacións lácteas, a carga gandeira, a xeración de emprego. ¿É que isto non conta? Claro que si. Se se atende a nosa realidade, se se melloran as primeiras trinta hectáreas, os grandes *lobbys* españois cerealistas montarían en cólera. ¡Ese é o problema! É un problema de peso.

Realmente vostede debería vir aquí falarnos do posicionamento galego diante dos retos e as incertezas do *Brexit*, da reestatalización progresiva da PAC, que vai establecer en Europa agricultores de primeira e de segunda —e ata de terceira rexional—, afondando nas diferenzas que xa existen hoxe. Porque cada Estado, co que máis pode ou co que menos pode, vai poñer máis ou menos diñeiro sobre da mesa.

Este posicionamento de país galego, por suposto, debería ser o resultado de mesas de diálogo cos sectores que aínda conforman o maltratado mundo rural, que non exclúe a ninguén, consensuando e apuntalando unha posición de país, en Madrid e en Europa.

Porque ¿pode vostede adiantarnos que van facer e negociar, cando se encerran co maior secretismo en Madrid para falar? —¿de que?, ¿de quen?—, un Parlamento Europeo no seu último ano de mandato, sen sabermos cal vai ser a súa composición, sen saber o orzamento.

Díganos algo do futuro da PAC, se é que se pode dicir algo nestes momentos, pero, sobre todo, díganos algo, apuntale, afortale o sector agrario galego. Fágano dunha vez e entón poderemos enfrontar calquera PAC con visión de futuro e con posibilidades de termos presenza, non só de boquilla, senón presenza real, económica, cun país forte, cun país asentado na súa terra e valorando e propiciando os valores que ten este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Boas tardes, deputadas, deputados.

Estamos de acordo no substancial da importancia da PAC para a realidade do sector primario —e non só do sector primario— deste país, pero trataremos de darlles a nosa visión.

Desde que se puxo en marcha a PAC, hai cincuenta e seis anos, son moitas as revisións e adaptacións que se levan efectuando. A que hoxe nos trae aquí esperta moitos temores diante da perspectiva de perder fondos e, posiblemente, máis cousas.

Fálase dun 5 %, dun 10 %, dun 15 % de rebaixa, pero, independentemente da porcentaxe final, a realidade é que ninguén cuestiona a redución, e con ela a baixada de ingresos para os nosos gandeiros e agricultores, o que supón a degradación da rede de seguridade sobre a actividade agropecuaria e unha ameaza sobre a dinámica socioeconómica do mundo rural en Galicia. Os fondos van baixar e a repercusión vaise notar. Nestes momentos estase a debater sobre o calado cuantitativo da perda de fondos polo impacto do *Brexit*, que vai depender de se é brando ou duro.

Pero a ameaza, como vostede ben dixo, non só se cingue ao *Brexit*, senón tamén á introdución de novas variables no presuposto europeo, como incremento de gasto en fronteiras, defensa, interior, inmigración etc., etc.

Por estas razóns, o momento é clave para defender na Comisión, con argumentos e posición de forza, para non perder máis fondos. Pero non só os fondos, senón tamén que se pode e debe abrir un debate sobre como se reparten eses fondos, que non é unha cuestión menor; máis ben é clave para comprobar como van repercutir sobre o territorio e a actividade.

O descenso de fondos vaise concretizar nas medidas ou instrumentos do primeiro pilar, pero tamén van afectar, como ben dixo, o segundo pilar da PAC, polo que non só estamos a falar das futuras axudas para a actividade agropecuaria, senón que o seu impacto vai afectar a

incorporación de xoves, investimentos agroforestais, axudas á forestación, ás zonas desfavorecidas, agroambientais, coidado do medio ambiente, infraestruturas e, en definitiva, o desenvolvemento do eido rural, que para Galicia é determinante.

Neste momento o debate estase centrando sobre as cantidades do orzamento para a nova PAC, o que lle chaman a ficha presupostaria, un asunto que deciden os Estados membros sobre, curiosamente, a única política común europea, que é a PAC.

Temos a impresión de que por parte do Goberno español non se está a facer unha defensa clara e contundente do sector agropecuario e mundo rural. A impresión que se está trasladando é que o déficit provocado polo *Brexit* e os novos gastos de inmigración, fronteiras e defensa se pensa trasladar directamente á PAC, provocando que as políticas agrogandeiras se sitúen na corda frouxa, e non só estas.

Se non se pon remedio, imos atoparnos cunha situación onde se pretende que a protección do medio ambiente e de zonas desfavorecidas se faga con menos orzamento, trasladándolles máis deberes aos nosos agrogandeiros, pero con menos cartos, co cal lles estaremos trasladando a agricultores, con renda á baixa, a responsabilidade de coidar o medio ambiental, co cal o pago pola función medioambiental cotiza á baixa na realidade, unha pretensión que nos parece totalmente irreal e inmoral.

Esta situación de debate orzamentario estase dando nun contexto onde os países do norte son cada vez máis reticentes a aportar orzamento para a axuda ao desenvolvemento agropecuario, entre outras cousas porque non sabemos ou non queremos explicalo ben, ou ben polas características da propia materialización da PAC, que provoca situacións moi criticables. Non é de recibo que un 7 % das sociedades limitadas deste país cobren un 40 % das axudas comunitarias.

Tampouco resulta crible que un 80 % das axudas acaben en mans aproximadamente dun 20 % de propietarios ou que case un 38 % dos perceptores das axudas sexan xubilados/pensionistas, que, desde logo, non é a mellor maneira de fomentar a actividade agropecuaria e que a ollos deses países son claramente rexeitables.

Se collemos os datos globais, atopamos que en España se reparten anualmente ao redor duns 5.000 millóns de euros entre preto de 800.000 perceptores. E, se nos comparamos con Francia, cunha política de forte defensa do sector primario, atopamos que reparten máis de 8.000 millóns en case 300.000 perceptores. As diferenzas son notables.

É unha cuestión de modelo, señora conselleira. Namentres en Francia se paga aos produtores, en España págaselles aos propietarios, querendo complementar cos cartos da PAC outras situacións de precariedade, como baixas pensións no sector primario.

Polo tanto, neste decisivo momento para o mundo rural, o Goberno ten que defender un modelo que, para seguir impulsando o rural, debe pensar en aportar máis do que se fai na actualidade e rexeitar o modelo de negociación baseado en investir no que queda despois de facerlle fronte ao déficit do *Brexit* e aos novos gastos de defensa, fronteiras, etc.

Unha vez resolto o tema presupostario, hai que afrontar o seguinte debate, que non é outro máis que ¿como se fai a repartición no Estado español? ¿Con que criterio se vai facer? Esta é unha cuestión —volvo repetir— que é clave. Non é só, por tanto, unha cuestión de fondos e criterios, que tamén, senón que é de xestión.

Por exemplo, contrariamente ao que se ten afirmado desde a Consellería, nos últimos anos os funcionarios non fan tramitación de PAC nin dos plans de mellora, por exemplo. Estas fanse nas oficinas bancarias e nos sindicatos. Desde a Consellería deuse a orde de que os funcionarios fiscalizasen o pasto arbustivo ou arbóreo. Namentres, por exemplo, en Andalucía e Estremadura consolidaron este tipo de espazo e uso, aquí puxéronse todas as trabas posibles, e, como consecuencia directa, no período 2015-2016 perdéronse 50.000 hectáreas de superficie computable para a PAC. Isto, sinxelamente, denomínase mala xestión. Polo tanto, tamén haberá que melloralala.

Pero, deixando de lado o aspecto orzamentario, está o aspecto cualitativo da PAC, ou, o que é o mesmo, como dicíamos antes, como e a quen se lle vai repartir. ¿É sostible para os agricultores e gandeiros galegos a repartición con criterios actuais? Nós pensamos que non. No modelo actual estase primando a base territorial e non a actividade, co cal saen claramente beneficiados os grandes propietarios do sur, os terratenentes ou os seus latifundios —os absentistas—, e claramente prexudicados os territorios con minifundio —o noso—, onde a superficie territorial é un problema. Isto está a provocar unha situación de claro agravio comparativo para o caso galego, onde a Xunta non pode inhibirse diante desta nova PAC. É unha oportunidade para darlle a volta a algún tipo destes plantexamentos, como o da base territorial.

Nun contexto onde os Estados membros poden determinar o xeito de repartir a PAC dentro das súas fronteiras, ¿vai a Consellería intermediar co Goberno amigo do PP para cambiar o modo e criterio de repartición? Debería, se quere facer bo o slogan da «lexislatura do rural».

Tamén hai outro criterio fundamental que está en xogo e que incide negativamente nos perceptores da PAC. Estamos a referirnos a que, co modelo actual, é o propietario —e non o produtor— o receptor das axudas, de tal xeito que se está dando a circunstancia de que propietarios xubilados seguen a percibir as axudas, namentres un produtor que teña alugadas esas terras non ten dereito a percibir axudas, quebrándose así o principio de axudar a quen produce, xusto o contrario do que ocorre, por exemplo, en Francia.

Un terceiro aspecto que entendemos que debe cambiar coa nova PAC refírese á contía máxima a percibir, que nestes momentos está situada ao redor dos 300.000 euros, o que beneficia claramente os grandes propietarios de terreo e que non propicia unha maior repartición das axudas, provocando esa gran concentración das mesmas no 20 % dos propietarios da terra e prexudicando claramente os agricultores e gandeiros galegos.

O resultado final é que as percepcións para os agrogandeiros galegos, que no ano 2016 foron 28.642, baixando ano tras ano, ao igual que o número das explotacións gandeiras, que xa baixaron dese listón das 8.000, se sitúan entre os 8.000 e 30.000 euros para o sector profesional.

Polo tanto, defendemos que é fundamental cambiar o modelo actual das axudas europeas, para facerlle fronte a esa redución do orzamento comunitario. Non só quedemos no estritamente cuantitativo, senón que tamén buceemos o suficiente, mergullémonos noutros aspectos que logo teñen unha gran repercusión na actividade, no territorio e nas nosas xentes.

Á parte destes aspectos produtivos, tamén están en cuestión os fondos estruturais, como ben dicía vostede, tan importantes para Galicia.

En definitiva, son aínda moitas as incógnitas a resolver para que a futura PAC non acabe sendo unha arma de derrubamento da xa cuestionada actividade socioeconómica no rural galego. Hai aínda moito que traballar, estamos a tempo, estamos na encrucillada, e son moitas as variables a poñer enriba da mesa para endereitar esta nova política agraria que realmente redunde en beneficio dos nosos paisanos, dos nosos veciños, da nosa terra.

Por todo isto, reclamamos unha posición activa por parte da Consellería, por parte da Xunta, para a defensa do sector primario galego e do mundo rural.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Grazas, presidente.

Señora conselleira, moi boa tarde. Agradécese —e moito— hoxe aquí a súa comparecencia nesta Cámara, posto que, en plena lexislatura do rural, é vostede a conselleira que menos ten comparecido aquí por petición propia, e cremos que non aportar novidades pois semella un feito bastante grave.

Deunos vostede, acaba de darnos vostede unha *master class* do que é a PAC. Tamén se agradece, pero, como dixo tamén o señor Rivas, é algo que podemos descargar da páxina da Consellería do Medio Rural, e xa sabemos o que é a PAC.

Non falou vostede moito —espero que o faga na segunda intervención— do que van ser esas reformas e en que nos van afectar a nós, as nosas gandeiras e os nosos gandeiros.

Sendo certo que estamos ao comezo da reforma, hai dúas posturas a tomar: a de «non por moito madrugar amence antes» ou a de «a quen á raposa ha de enganar cómprelle madrugar», para non ter que sufrir así o de «tarde piaches, paxariño».

Evidentemente, calquera país responsable, e encabezado polos seus gobernos, ten que abordar a reforma desde os seus comezos, precisamente no momento no que as discusións están máis abertas.

O pasado 29 de novembro, como ben dixo vostede, a Comisión Europea presentou esa comunicación titulada «O futuro dos alimentos e da agricultura.» Trátase dun documento de orientacións do que vai ser a futura política agraria común, no que non aparecen aínda propostas lexislativas nin concrecións sobre como se vai aplicar, pero que si establece unha serie de elementos sobre os que vai xirar o debate. E é que agora se abre a todos os niveis na Galiza, nos estados e nas institucións europeas ata finais de maio, principios de xuño, que será cando a Comisión presente esas propostas lexislativas que din que se van debater pero que non vai haber acordo entre as mesmas —ou supoñemos—, xa que estamos falando de que vai haber un proceso electoral ao Parlamento Europeo polo medio e que, en principio, ata pode ser que se prorrogue a PAC actual polo menos durante un tempo.

En resumo, a proposta da Comisión presentada o 29 de novembro non presenta un cambio de paradigma radical no que é a concepción da PAC —algo que xa cremos un erro—. Introduce elementos —isto si que pode ser positivo— que dan marxe aos estados e ás rexións para definir moito máis a aplicación da mesma no seu territorio. E nesta fase inicial o máis importante semella reflexionar sobre o chamado novo modelo de aplicación que pivota sobre as ideas dos plans estratéxicos da PAC, que parece ser que tamén van afectar ao piar número un.

Con estes elementos, a Comisión propón unha maior subsidiariedade no marco duns obxectivos claros e acordados a nivel da Unión Europea e dos estados rexións. É dicir, propón que se definan os obxectivos a acadar pola PAC a nivel da Unión Europea e tamén en cada territorio. E despois, un marco xeral de intervención cunha tipoloxía de instrumentos a acadar que xa vai ser común para a Unión Europea. Despois serán os estados ou as rexións os que, en función das súas características agrícolas e climáticas, adaptarán os mecanismos de intervención á súa realidade. Isto inclúe tamén maior presenza no deseño do marco de control e cumprimento. Por exemplo, hoxe Galiza poderá decidir como configura os seus pagos básicos, adaptándoos, por exemplo, ás características estruturais particulares do país ou ao perfil de especialización.

Este novo enfoque ofrece unha grande oportunidade para facer un traxe á medida das necesidades galegas, algo que vén sendo demandado en numerosas ocasións, comezando dende o propio momento da entrada na Unión Europea. É dicir, a Comisión plantexa que ese Plan estratéxico da PAC poida facer a nivel rexional, o cal nunha rexión como Galiza é claramente importante pola súa diferenciación climática, estrutural e de especialización con respecto á maioría do resto do Estado.

O Ministerio xa manifestou claramente que a súa posición é defender un plan a nivel nacional, e todo apunta a que vai intentar ou ben escorrer o vulto ou ben buscar calquera argumentación para evitar perder poder no control do piar un; algo que dende de En Marea cremos que se debe facer totalmente o contrario. Este novo modelo de aplicación presenta, ademais desa grande oportunidade, dous grandes retos. Primeiro, implica que teñamos as rexións a visión e capacidades para elaborar, argumentar e aplicar o Plan estratéxico —é dicir, facelo nós mesmos—, e o que isto conleva é prepararnos tamén para poder facelo. E non só iso, senón que no caso do Estado pois tamén terán que atesourar a fortaleza política e os argumentos técnicos para contrarrestar a posición de control centralizadora do minis-

terio. Cabe preguntarse, por exemplo, se ao sector lácteo galego lle interesa que quen deseñe os pagos directos do futuro estea pensando máis nos grandes terratenentes do sur.

Precisa tamén a discusión, a nivel de Galiza, de que modelo de apoio se quere para a nosa agricultura e gandería, o cal forzosamente terá que pasar por xestionar intereses encontrados e visións diversas do modelo agrario a desenvolver. Polo tanto, isto vai exixir que o Goberno teña que definir a súa propia visión para o sector agrario, algo que na actualidade non está a acontecer. Hai motivos evidentes para ter dúbidas en relación con este punto vendo o comportamento da consellería nestes últimos anos. En concreto, nas intervencións que se teñen feito ata o de agora; por exemplo, a aprobación do actual PDR fíxose tras unha forte reprimenda da Comisión Europea pola escasa e limitada participación que se dera durante a súa elaboración. Limitacións que continúan a día de hoxe no propio Comité de seguimento, como numerosos membros do mesmo o teñen posto de manifesto. A nivel deste Parlamento vemos como o Partido Popular votou en contra dalgunha iniciativa de En Marea que intentaba adiantar os pagos da PAC a outubro, como fan noutras comunidades, para aliviar así as economías das nosas explotacións.

Pero máis preocupante nos teñen parecido as operacións desta consellería en relación coa reforma que está en marcha. Cando vostede hai un ano participaba na Conferencia de comunidades autónomas organizada polo Ministerio, supostamente para definir unha posición española, o conxunto do sector agrario galego e a sociedade no seu conxunto enterámonos pola prensa de cal era supostamente esa posición; aí estaban os sindicatos agrarios e outras organizacións. Cando hai uns días, ese 10 de abril, vostede organizou esas xornadas —ás que fomos convidados, como vostede dixo, e non puidemos ir porque coincidiu cun Pleno—, logo de anunciarse con poucos días de antelación, vostedes véñennos con que houbo participación e transparencia, un acto puramente informativo, que só foi nunha dirección e que en boa medida vimos como de propaganda, polo menos o que puidemos ver nos medios. A única posibilidade de participación deuse a través dunha rolda de preguntas limitadas —non todo o mundo puido participar— e só dirixidas aos poñentes de fóra. É dicir, non houbo preguntas nin ao presidente da Xunta nin a vostede, os únicos que supostamente falaram da postura galega.

Entón, claro, dende En Marea nós temos que preguntar como se pode pensar en definir un Plan estratéxico da PAC para Galiza se o sector agrario non ten nin voz nin voto e asiste a través do plasma a como se negocia un elemento de tal importancia para o futuro da súa actividade.

Nós queríámoslle facer unhas preguntas —se vostede ten a ben responder na seguinte intervención—, que é: ante a redución de fondos que posiblemente veñan dados pola saída do Reino Unido da Unión Europea e a súa consecuencia na renda das agricultoras e agricultores, ¿que alternativas ou solucións ten previstas a consellería? ¿Quen vai asumir ese descenso? —como pasou no presente PDR—, se vai ser Galiza, se vai ser Madrid. Segundo noticias da prensa —que é como nos estamos a enterar de todo isto—, tivo vostede unha reunión en Bruxelas co director xeral adxunto de Agricultura, ¿que propostas lle trasladou no referente á nova PAC? Nin as organizacións políticas, nin os sindicatos, nin as organizacións agrarias foron informados nin consultados desa reunión. A raíz das xornadas da PAC das que vimos de falar, que organizou a súa consellería, ¿que pensa vostede deses cambios profundos e

transcendentais que van afectar a Galiza? E se son suficientes os contactos, reunións e comisións de traballo que o seu departamento está a facer cos sectores afectados.

Nestas xornadas tamén fixo vostede varias alusións á súa homóloga de Castela-León —presente no acto— como posible aliada na defensa deses intereses comúns. ¿A vostede non lle parece evidente que, se cadra, a nosa comunidade autónoma ten moito que ver con outras comunidades como pode ser Asturias ou Cantabria? Non sei se vostedes tiveron tamén xuntanzas con outras comunidades autónomas para abordar estes cambios na PAC.

Non sei se vostede lle vai exixir a Madrid que os novos plans da PAC non se fagan dende alí e que se asuman dende Galiza, como o actual PDR. ¿Vostede cre que a consellería ten capacidade para realizar estes plans cando son incapaces de nomear un subdirector do FOGGA con continuidade —isto é moi grave—, con cargo durante o último ano e medio? ¿Como interpreta a renuncia dos anteriores subdirectores do seu equipo? ¿Van seguir o mesmo camiño coa PAC 2020 que co PDR no que se refire á transparencia e á execución?

Con respecto ás incorporacións e formacións, sabe vostede que unha das liñas básicas para desenvolver a incorporación de mozos e mozas vai ser a formación. ¿Como afrontará este reto vital despois do desmantelamento das escolas de capacitación retirándolles recursos humanos e materiais, incluso privatizando moitas das súas competencias propias que posúen; e, entre elas, estes cursos de capacitación de mozos e mozas?

Imos ter unha redución de fondos de entre un 5 e un 8 %, prevese unha baixada duns 10.000 millóns de euros. Imos ter máis exixencias medioambientais e imos ter que respectar unhas metas e obxectivos acadados pola Unión a nivel internacional en materia medioambiental. Isto é bo, si, pero non deixa de ser máis que un lavado de cara fronte á opinión pública, posto que o modelo polo que se aposta segue sendo a agroindustria para a exportación, modelo —o da agroindustria— non compatible para nada coa sustentabilidade do noso territorio. Imos ter máis poder de decisión para os estados membros e as rexións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...sobre as axudas do primeiro piar, pero fagan os deberes, como no novo modelo de xestión de axudas aos pagos directos. Débense incrementar as axudas para a incorporación de mozos, e vemos de forma negativa que se siga apostando pola distribución das axudas directas baseadas só na superficie.

De momento nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Grazas, señor presidente.

Eu quero comezar a miña intervención agradecendo —pero neste caso de verdade— a comparecencia da conselleira, por petición propia, para informar dun tema que ten, na miña

opinión, moitísima importancia para o futuro do rural galego, da economía galega, e da parte claramente agrícola. Estamos a falar da política agraria comunitaria.

Eu penso que, como primeira reflexión, deberíamos de entender todos que Galicia forma parte dun estado, que é España, que ten que negociar na Comunidade Europea, e viríanos a todos moi ben tamén ter unha postura común e unha postura forte, unha postura de unidade. Neste debate sería importante falar do que se trae hoxe aquí, que é precisamente a PAC.

A min gustárame, señor Rivas, que na segunda intervención polo menos nos dixera cal é a proposta que ten o Bloque respecto da PAC. Porque vostede aquí sacou todo o repertorio pero non falou nada da PAC. Faltáronlle as uxfor, (*Murmurios.*) pero do resto, sacou todo o repertorio, menos falar da PAC.

Miren, o sector agrícola no conxunto da Unión Europea —e, polo tanto, está afectado pola política agraria comunitaria— ten unha importancia fundamental en moitos e diferentes aspectos. Falamos de que os agricultores, ademais de alimentadores —alimentan máis de 500 millóns de cidadáns europeos—, son tamén os administradores do medio ambiente, coidan dos recursos naturais —do chan, da auga, do aire, da biodiversidade— no 48 % da terra da Unión Europea. Temos na Unión Europea 11 millóns de explotacións agrícolas. Temos na Unión Europea, directamente vinculadas coa agricultura, 22 millóns de persoas traballando. E, de forma indirecta, dentro do sector alimentario que está relacionado coa agricultura, 44 millóns de empregos. As áreas rurais da Unión Europea, no seu conxunto, albergan o 55 % dos seus cidadáns, polo tanto, a política agraria comunitaria é algo moi importante dentro do conxunto da Unión Europea.

A PAC, que aparece no ano 1962, no seu primeiro momento tiña como obxectivo fundamental mellorar a produtividade agrícola; é dicir, conseguir que os consumidores dispuxeran dunha subministración estable de alimentos a prezos adecuados, e garantir tamén aos agricultores un nivel de vida razoable.

A PAC, que é unha decisión europea —non é unha decisión española ou unha decisión galega—, supón case que o 40 % do orzamento da Unión Europea. Se atendemos ao total do gasto dentro da Unión Europea é menor o tema, porque estaríamos a falar dun 1 %. Pero o que sucede é que a PAC é unha política directamente financiada pola Unión Europea, non polos estados membros. Polo tanto, interésanos a todos que isto se manteña; este é un dos obxectivos que se está a facer en Madrid, apoiado, sen ningunha dúbida, pola Xunta.

No ano 2016 supuxo a PAC 61.000 millóns de euros. Pasouse dun primeiro momento, en que era o 75 % do presuposto total da Unión Europea, ao 40 % agora, máis ou menos, estaríamos nun 38 %. Pero, ¿que pasa?, que tamén neste tempo se incorporaron outros estados, hai máis agricultores e baixan os cartos; e agora estamos nunha situación na que pode haber dificultades nese ámbito tamén.

Falaban antes vostedes dos grandes propietarios do sur, pero eu queredría tamén remarcar aquí que nos últimos dez anos —xa o dixo antes a conselleira— houbo 2.600 millóns da PAC en Galicia, o que supón que chegan cartos a unha media de 33.000 beneficiarios cada ano.

Basicamente —tamén o recollemos antes, e non se trata de dar aquí unha *master class*, senón de falar do que vimos falar hoxe, que é da PAC— traballamos a través de tres mecanismos fundamentais, que son ás axudas á renda, son mecanismos de mercado —que aí estaría, como se dixeramos, o primeiro piar—, e as medidas de desenvolvemento rural.

As axudas á renda proceden exclusivamente do orzamento da Unión Europea. Para min isto é moi importante remarcalo porque estamos a falar dunha solidariedade por parte dos países que son contribuíntes netos dentro da Unión Europea de cara á agricultura de toda esa Unión Europea; tamén, por suposto, da galega. E no segundo piar teríamos as medidas de desenvolvemento rural, que en Galicia son moi importantes. Estas medidas de desenvolvemento rural fanse a través de programas plurianuais cofinanciados polos estados membros. Eu quería lle remarcar aquí un dos perigos do que, por exemplo, dicía o señor Rodríguez. O que está pasando agora en Europa e o que se está debatendo é que toda a PAC se ten que levar aos estados. Si, ímoslle deixar capacidade para organizala, pero que os cartos os poñan os estados. E nós temos que defender que a PAC permaneza no orzamento da Comunidade Europea.

A PAC cambiou, durante estes anos, de orientación. Xa dicía que no seu principio tratábase de garantir a alimentación aos cidadáns e de conseguir un nivel de vida digno para os agricultores. Sen embargo, a partir do ano 2013, na última reforma da PAC, búscase reforzar a competitividade do sector agrícola, promover a agricultura sostible e a innovación, apoiar o emprego e o crecemento nas zonas rurais. Grazas, entre outras cousas, a esta orientación conseguimos que pasase a agricultura ecolóxica no conxunto da Unión Europea do 2 % da superficie agraria útil ao 6 %; no 2000 o 2 %, o 6 % no ano 2015.

En definitiva, temos unha política agraria comunitaria que procede de fondos exclusivamente europeos e que neste momento está axudando os agricultores a cultivar de forma que se reduzan as emisións de gases de efecto invernadoiro; a utilizar técnicas agrícolas ecolóxicas, onde Galicia está acadando uns magníficos resultados; a producir e comercializar as especialidades alimentarias das súas rexións; a facer un uso máis produtivo dos bosques e do espazo forestal; a desenvolver novos usos para os produtos agrícolas en sectores tales como pode ser a cosmética, a medicina ou a artesanía. E ademais, e estes son os retos que veñen agora, temos que garantir unha produción viable de alimentos que contribúa a alimentar a poboación mundial, pensando que no futuro vaise incrementar considerablemente. Temos que facer fronte ao cambio climático, á xestión sostible dos recursos naturais, e temos que atender ao coidado do campo en toda a Unión Europea; e ao mesmo tempo tamén, ao mantemento dunha economía rural viva.

Dentro deste plantexamento a nivel xeral, a nivel de Unión Europea, como tamén sinalaba a conselleira, temos que considerar cales son as especificidades de Galicia e temos que ver se somos capaces de defender esas especificidades.

Primeiro. Somos a primeira potencia española e a novena europea en lácteo. Máis do 50 % das explotacións do Estado están en Galicia. Somos unha comunidade, e este é un tema importante respecto da PAC, na que, aínda que non temos demasiada superficie agraria, medio millón de hectáreas, temos un número altísimo de parcelas. Esta é unha dificultade tremenda

para a súa xestión. Temos que ser moi incisivos na reforma da PAC en que, sen ningunha dúbida, se ten que simplificar a súa tramitación. Ademais, en Galicia a maioría dos solicitantes de axudas son mulleres, polo tanto, tamén a PAC pode botar unha man nesa promoción da igualdade de xénero no medio rural.

Outra cousa importantísima no ámbito galego. Tamén a PAC promoveu que Galicia sexa hoxe unha destacada rexión europea como produtora de alimentos de calidade. Somos a terceira comunidade máis importante de España e territorialmente a primeira. Esas son todas, señorías, orientacións que proveñen da política agraria comunitaria.

Todos nós nos referimos a un documento co que a Comisión Europea iniciou a reforma da PAC de cara ao ano 2020 en adiante, que é o chamado Futuro dos alimentos e agricultura, e eu, que lin o documento, seguro que vostedes o leron tamén, encontro que ten unha importancia fundamental porque supón un cambio cualitativo importante desta política.

Os obxectivos fundamentais de cara a 2020 en adiante serán: promover un sector agrícola resiliente e intelixente; intensificar o coidado do medio ambiente e acción polo clima e fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Miren, para acadar estes obxectivos, o sector agrícola e as zonas rurais terán que estar mellor conectados, con desenrolo do capital humano e a investigación. Polo tanto, a nova PAC vai supoñer un apoio á innovación. Pero tamén terá que responder ás expectativas sociais no que se refire á produción sostible de alimentos; é dicir, todo aquilo que está relacionado coa seguridade alimentaria, a calidade dos alimentos e as normas en materia de benestar dos animais e do medio ambiente. ¡Home!, son novidades que van configurando a evolución desta política.

Tamén temos un contexto preocupante e temos que aludir a el; tamén faláronvos del. Primeiro, o quebranto que vai supor perder no ano 2019 un contribuínte neto como é Reino Unido. E eu engadiría dous máis. A escalada nas ameazas internacionais dunha guerra comercial no eixo Asia-Pacífico, que, efectivamente, pode afectar á exportación dos nosos produtos agrícolas. E ademais tamén o cumprimento dos compromisos da Unión Europea sobre os subsidios ás exportacións, as barreiras non arancelarias e o actual trato de favor ao sector agropecuario a través da PAC.

Miren, o Reino Unido —este é un problema importante— aportou no ano 2016, 5.708 millóns de euros. Hai unha baixada de ingresos. ¿Como se vai combater isto? E hai diferentes posicións: recortar partidas, acudir á colaboración público-privada ou ben, señor Rodríguez —e isto é dificultade—, irnos ao cofinanciamento cos estados membros. Se se consegue polos países contribuíntes netos que a política agraria comunitaria saia do presuposto da Comunidade Europea, nós temos un problema tremendo. ¿E por que? Porque esta posibilidade suporía a rotura do mercado común, de tal forma que os países con maior capacidade de financiamento poderían subvencionar máis e mellor os seus agricultores. Outros poderían decidir non subvencionar, ou non terían cartos para subvencionar a agricultura, o que podería producir un efecto dramático no proceso de despoboación do rural. Polo tanto, afecta-nos terriblemente a nós, que temos unha gran dispersión da nosa poboación.

Aquí nós temos que ser intelixentes, temos que defender xunto con Madrid —e cando falo de Madrid falo do conxunto de España— unha posición única na Comunidade Económica Europea, e temos que defender as seguintes propostas. Esta é a proposta do grupo parlamentario e tamén, por suposto, da Consellería. Temos que defender unha PAC forte que manteña a súa actual dotación orzamentaria, sen que, en ningún caso, se defenda a súa renacionalización. Temos que defender unha PAC como temos agora, de dous piares, con axudas directas e con desenvolvemento rural. Temos que defender unha PAC que permita manter o número de agricultores e gandeiros cuns niveis de renda dignos, que garanta a remuda xeracional. Unha PAC centrada nos pagos aos agricultores activos. Alégrome, señor Quiroga, de que vostede defenda iso tamén. Unha PAC que contemple as peculiaridades da nosa comunidade, tales como son a dispersión da poboación, o tamaño das explotacións, o peso das zonas de montaña e con limitacións naturais. Está todo iso na PAC e aféctanos a nós tamén. Unha PAC que procure unha alimentación saudable; unha PAC que apoie a aposta de Galicia pola produción de alimentos sans e seguros e pola calidade, polas nosas 33 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Unha PAC máis simplificada e con menor carga normativa e administrativa.

Eu penso —e finalizo xa— que nesta negociación Galicia xógase unha parte importante do seu futuro, polo que se fai necesario que todos apoiemos a postura do Goberno español na negociación, entendendo que a súa postura está coordinada coa galega, por suposto, dada a importancia que a nosa agricultura ten no conxunto do país. Polo que, señorías, o apoio neste ámbito non é unha cuestión política, senón que é claramente unha cuestión de apoio a Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Réplica, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Vou intentar contestar algunhas preguntas que aquí se me fixeron, e comezo polo señor Rivas. Preguntaba que traía hoxe aquí. Pois traio información e transparencia. Se cren que veño dicir que isto é unha marabilla e que non vai haber ningún problema, iso é enganar o agricultor e o gandeiro, e para iso non contén comigo. Eu véñolles dicir os pros e os contras. Véñolles dicir como se desenvolveu a PAC, a importancia da PAC, que incluso en moitos concellos é superior o que reciben os gandeiros e os agricultores ao propio orzamento do concello. E a partir de aquí, que se están facendo unha serie de negociacións. Negociacións nas cales se comezou a traballar dende o pasado ano e nas que Galicia ten un posicionamento que vén ser de unanimidade co resto das comunidades autónomas excepto con dúas, que é o caso de Aragón e o caso de Navarra. Digo isto porque non se trata de política, hai distintas sintonías, pero ao final lóitase —e así fomos quen de demostralo no mes de abril do ano pasado— por un ben común, e ese ben común son os agricultores e os gandeiros, e dá o mesmo que fora Asturias, Castela-León, que fora Murcia, que se tratara de Madrid, que se tratara de Andalucía ou de Galicia. É dicir, queremos cumprir uns mínimos, e dentro deses mínimos

dicindo claro e alto que deberíamos de seguir co mesmo orzamento, e iso é polo que imos loitar. Pero se cren que vou vir aquí para dicirlle ao gandeiro e ao agricultor que a partir do ano 2020 imos ter o mesmo orzamento porque eu o digo, pois non é así. Son as negociacións.

É certo que o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, si que tivo a súa posición clara no sentido de que, se hai que aportar máis, por parte do Goberno español aportárase máis para dispoñer do mesmo orzamento de cara a un futuro. Co cal, información e transparencia é o que aquí se trae.

Como é certo que nomeou vostede distintas causas ou conceptos que ten na súa mente, eu quero dicir que ás veces a nosa memoria faise feble co paso do tempo e hai algo fundamental, xa que falamos de lácteo, que é quen negociou a entrada da Unión Europea. Deixémolo aí, porque iso si que o recordan moi ben os gandeiros galegos, e cales foron as consecuencias a posteriori.

Por outro lado, hai que falar de fondos, hai que falar de que dispoñemos de 190 millóns de euros, de que eses 190 millóns de euros son anuais e que están garantidos ata o ano 2020. E a partir de aí, estamos coas negociacións. E que para Galicia son transcendentais os dous piares, fundamentais. Por un lado, os pagos directos e, por outro lado, o desenvolvemento rural. E nesa liña é na que vai traballar Galicia, orzamento e dous piares fundamentais.

E como aquí falabamos de que descende todo, que morre todo e que as negociacións do Goberno da Xunta de Galicia foron frustrantes sempre, falamos de pagos directos, ano 2008, 154 millóns de euros; ano 2015, 167 millóns de euros. É dicir, un incremento dun 8,4 % máis dende o ano 2008 desa negociación ata o ano 2015. Dígoo por aquilo de que sempre é bo recordar.

E como tamén é bo recordar que non todo morre, pois xa temos os datos dos xoves que optan pola incorporación de novo en Galicia e que solicitaron neste ano 2018, e son 474 xoves. Onte mesmo estaba nunha explotación e aí incorporouse un xove, e quería coñecer eu de primeira man, procuro coñecer a todos eses xoves porque están moi doídos cada vez que se di que se incorporan os xoves pero non son xoves reais. Dean unha volta polo rural galego e vexan a formación que teñen e a ilusión coa que van facer os seus investimentos para quedar no rural galego. *(Aplausos.)*

A todo isto lembrar, porque aquí tamén se quere lembrar, que hai de novo solicitude de 900 plans de mellora e un financiamento de 65 millóns de euros para este ano por parte da Consellería do Medio Rural.

E, por outro lado, ás veces falamos de eucaliptos si, eucaliptos non. Sexamos serios, anden vostedes pola rúa e que se canse a xente de todo isto. Deixemos de teledirixir os gandeiros e os agricultores. Señor Rivas, teledirixindo dificilmente se poden gañar unhas eleccións en concellos como o caso de Boimorto. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, eu escóitoos, e a partir de aí, despois de escoitar, é cando se toman as medidas precisas para legislar.

Dito isto, tamén lle quería responder ao señor Quiroga no sentido de que xa non son as oficinas agrarias quen fan as solicitudes, quen supervisen... Mire, Europa é clara neste sentido

e existen as entidades de asesoramento e existe a figura do asesor. E Galicia está sendo pioneira e estase facendo a través da Universidade a formación para que haxa asesores especializados nas distintas zonas.

Falábase de revisións, de revisións en campos como pode ser o caso dos pastos. ¿E que é o que fixo Galicia? Pois Galicia fixo cumprir coa norma, e así non tivo o desgusto de millóns e millóns de euros que mandan devolver no caso de Castela-A Mancha. Pero o que si fixemos tamén foi o traballo cando o agricultor así nolo pediu, que son os períodos de verificación para que non foran prexudicados. Conseguímolos, pero non o levamos a cabo ata que tivemos os informes favorables, porque despois vendemos fume, pero ao final, cando se fai unha auditoría son os propios agricultores e os gandeiros os que teñen que facer as devolucións, e por esa liña si que non nos gusta ir.

Ao mesmo tempo que loitamos, e fixémolos a través da Comisión Europea para equiparar UGM e hectáreas e así favorecer as razas autóctonas e a gandería de montaña. Esa foi unha liña máis que importante para seguir mantendo as razas autóctonas na montaña lucense e na montaña de Ourense.

Falábase de oito mil explotacións. ¡Ollo!, son moi importantes as explotacións no lácteo. Somos a novena rexión en importancia a nivel europeo. Pero non lles quitamos importancia ás outras 22.000 explotacións de gando que son vacas de carne, porque son moitas as persoas que viven arredor das mesmas, e é moito beneficio o que nos están dando a nivel ambiental e a través da gandería extensiva.

Por outro lado —e fun apuntando—, o señor Rodríguez Estévez falaba das propostas lexislativas. Estas desenvolveranse a partir dun marco financeiro, anteriormente era imposible. É que a PAC está en vigor; a PAC actual témola en vigor ata o ano 2020. É certo que empezan con cambios, con moito tempo, e dicíao anteriormente, vendéusenos nun principio que esta era unha evolución e agora está sendo unha revolución, e dentro desa revolución, Galicia teno claro e o Ministerio tamén o ten claro. Pero despois, o que é o marco lexislativo, será a posteriori.

E, ¿que vai acontecer? Díciános vostede que fixeramos como unha charla informativa. Mire, tivemos representantes da Comisión Europea, tivemos representantes do Consello e tivemos representantes do Ministerio, tres pezas claves. Por suposto que a min e ao presidente da Xunta de Galicia o sector tenme no día a día, tanto en San Caetano como no territorio, para todo tipo de información, e así o están a levar a cabo. Pero o importante é que os representantes dos gandeiros e agricultores, eles mesmos, e todos os que viven arredor do que é este sector, puideran formular as súas preguntas e trasladar as súas inquedanzas aos representantes da Comisión e do Consello, que ¡ollo!, non coincidían nas propostas, porque é que o da PAC non é dous e dous son catro. Do que se trata é de que coñezan de primeira man, por un lado, o marco político, por outro lado o marco lexislativo e o posicionamento do Estado, e eles tres estiveron para formular as preguntas.

Por certo, independentemente de que se nos agotaran os tempos porque era máis importante o que desde alí lles trasladaban —e non venderon ningunha panacea, senón realidade—,

despois tivemos tempo sobrado para poder dialogar entre as partes degustando os bos viños galegos, como non pode ser doutra maneira. Co cal, non foi ningún acto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Unha sonrisa, pero é que despois de seis horas dunha charla informativa, ben merecido ten o persoal tomar un viño e poder falar cos distintos representantes, e así clarificar certas matizacións.

¿As singularidades? Por suposto que se poñen enriba da mesa, pero son singularidades que trasladamos a nivel Europa e que despois hai que xestionar dende que teñamos os fondos a nivel nacional.

En canto ao convite, que creo que lles preocupaba, a conselleira de Castela-León estaba convidada, estaba convidada a conselleira de Asturias e non puido vir, pero créanme que cando se trata de buscar fondos e loitar por un ben común non hai diferenza en se é Asturias, en se é Cantabria, en se é Castela-León ou se é Galicia. Onde si hai diferenzas, por exemplo con Cantabria, é na sanidade animal. E aí non estou de acordo nin nunca estarei de acordo en como o levan en Cantabria, pero si en como se fai en Galicia.

Con Asturias temos diálogo fluído continuamente. Témolos, por exemplo, nas medidas correctoras que estamos levando a cabo coa couza guatemalteca, con certas diferenzas, porque igual nós somos máis restritivos, polo temor habido á expansión, do que poden ser eles, pero o diálogo é continuado.

Dito isto, dicir que calquera reforma da PAC supón un esforzo adicional por parte dos xestores, non hai lugar a dúbida. Xestores que están no FOGGA, por exemplo, e que teñen que ter dobre sensibilidade. Por un lado, cumprir as directrices europeas porque despois veñen as auditorías, pero tamén entendemento continuo e profundo co agricultor e co gandeiro. E teñen que saber falar o seu mesmo idioma, e iso exíxeo a conselleira, co cal son esforzos adicionais e non todo o mundo está polo labor. Co cal hai que facer cambios, igual que se fan cambios nas direccións xerais en calquera outro momento. E tamén hai que poder facilitar á xente que nun momento determinado quere cambiar, sendo funcionario, o seu posto de traballo. Xa só faltaría que nós tiveramos collida a xente para que estea toda a vida nun mesmo posto, que non creo sequera que sexa produtivo. Co cal, esforzo adicional que lles estamos pedindo aos xestores porque hai que volver adaptarse de novo. E jollo!, a reforma do ano 2015 tivo moitísimos problemas de adopción en todos os países afectados. E a propia comisión determinou medidas transitorias para poder efectuar os pagos, así como múltiples aclaracións, ano a ano, e consultas sobre a aplicación destas medidas. E o que non quere permitir España e o que non quere permitir Galicia é que isto volva acontecer de novo.

Cremos nun marco estable, cremos nun marco prolongado no tempo, e non queremos, por suposto, que os agricultores e os gandeiros a partir do ano 2020, por distintas reformas, poidan estar un período prolongado sen poder ter eses cobros que tanto precisan.

Ante estas circunstancias, e baseándonos na experiencia, o que recomendamos dende Galicia é que esta reforma permita a resolución dos problemas aínda existentes, porque non todos foron solventados. A modo de exemplo, na actual reforma definíronse conceptos como agri-

cultor activo, e se a pregunta é por que opta Galicia, por suposto polo agricultor activo, que non teña a menor dúbida ningún.

Hai outro concepto, e o concepto é a actividade agraria. Estes resultaron complexos, e segue resultando complexa a súa definición a día de hoxe, e concretáronse ademais nunha carga administrativa enorme, que agardemos se solvente de cara a un futuro. No caso específico de Galicia, o exceso de parcelación das explotacións, ese gran número de parcelas, ¡claro que repercute directamente na execución dos pagos aos solicitantes da axudas!, pero créanme que somos un exemplo en toda Europa, cun custo excesivo que sufraga ademais a comunidade autónoma, que foi poñer en práctica os controis telemáticos. Dende este punto de vista, é interesante que os sistemas de declaración e, por suposto, de control das superficies, como dicía anteriormente, sexan estables no tempo. Non pode ser que cada cinco anos teñamos que facer cambios.

A nivel técnico seguimos solicitando que a PAC implemente procedementos que simplifiquen as axudas, e, ¡ollo!, o agricultor e o gandeiro, cando lles dicimos simplificación, botan as mans a cabeza, porque a Administración, lonxe de simplificar, o que fai é enredar, e Galicia solicita simplificación verdadeira. Solicitoulla a Europa trasladándolle as singularidades de Galicia, e, por suposto, trasladoulla tamén ao Ministerio.

A xestión das axudas da PAC, como dicía antes, é complexa, e é complexa porque non existe un só regulamento comunitario, e ademais temos a normativa nacional que os traspón. Pero á parte existen recomendacións, existen documentos de traballo, é dicir, dobre sensibilidade para os xestores da PAC. E existe un consenso, e é un consenso recoñecido pola propia comisión, en que a aplicación do pago para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente está sendo moi complexa, demasiado complexa, polo que se poderían ver comprometidos os obxectivos de dita medida que pretenden a adopción de sistemas respectuosos co medio ambiente. E nesa liña é na que tamén estamos a traballar.

É preciso, polo tanto, que esta medida se simplifique e que teña en conta as particularidades de Galicia. Galicia tamén apoia o establecemento de medidas que permitan responder de forma rápida ás oscilacións de prezos, porque estamos sometidos a moita volatilidade, co cal ten que haber un instrumento, e ese instrumento só pode ser a través da Comisión Europea.

Temos que facer fronte ás continxencias. Falamos do lácteo, pero podemos falar da carne, podemos falar da horta; é dicir, son produtos que continuamente están sometidos a vaivéns e hai que implementar fórmulas, e a PAC é unha delas.

E despois, por suposto, seguimos apoiando a incorporación de xoves á actividade agraria. Son fundamentais para ter remuda xeracional e para ter un rural totalmente vivo. E, por outro lado, ¡ollo!, e creo que isto é moi importante, Galicia apoia a creación de sociedades nas que se incorporen estes agricultores xoves, estes agricultores novos, dunha forma menos restritiva que a actual, porque é certo que a norma actual está sendo complicada á hora de facer sociedades entre pais e fillos, entre xoves que se incorporan.

Por outro lado, igual xa o saben vostedes, estamos coa primeira revisión a nivel forestal. Somos primeira potencia a nivel nacional, somos novena tamén a nivel europeo. Independentemente de que se diga que se perderon postos de traballo, de que se perdeu economía, todo o contrario, e se non podemos facilitar os datos. Polo tanto, o ámbito forestal tamén ha de terse en conta a través da PAC. Por un lado, porque fixa 93 millóns de toneladas de carbono e iso é fundamental, e, por outro lado, porque na revisión se contemplan 225.000 hectáreas de pasto, porque apostamos pola ordenación e o aproveitamento dos pastos nos montes galegos.

Outro obxectivo, nesta mesma liña de actuación, pasa por mellorar a competitividade da gandería extensiva nos montes, onde as razas autóctonas de Galicia controlan o crecemento exuberante das matogueiras, porque o clima de Galicia aínda segue sendo húmido, os contrastes son os que son, e non hai máis que saír ao campo, non hai máis que saír ao monte, para ver como crecen e crecen as matogueiras. Trátase de garantir unha integración da actividade gandeira na xestión forestal sustentable pola súa especial importancia en grandes áreas do rural galego, nun marco que é o da ordenación e o desenvolvemento silvopastoril, pero non só para falar de boquilla, hai textos. Polo tanto, eu convídoos a vostedes a que fagan as súas aportacións, que serán moi benvidas de cara a un futuro, e porque seguramente contemplan sensibilidades que poida que nun momento determinado non estean recollidas. Neste contexto, os principais obxectivos pasan por contribuír ao equilibrio ecolóxico da flora e da fauna, por levar o control da vexetación arbustiva, por revalorizar tamén a paisaxe e promover sistemas de produción compatibles co medio; en definitiva, loitar contra o cambio climático.

E algo fundamental dentro desta PAC, que dende Galicia entendemos que ha de ter un papel primordial porque é ámbito sustentador do sector agrario e do medio rural, son as cadeas de valor; que se reforcen as cadeas de valor dentro dun marco, e ese marco é que o máis débil sempre, o agricultor e o gandeiro, estean protexidos na cadea de valor. Por iso celebramos que o pasado 16 de abril o Consello de ministros comezara a traballar a nivel europeo no regulamento da cadea de valor, porque ata agora tíñao España pero non o resto dos países, co cal estabamos nunha situación de gran desvantaxe.

Señorías, o mantemento das rendas agrarias é o pilar fundamental da actividade agraria, polo que as axudas directas son indispensables. Así, a nova reforma debe manter o impulso definitivo que comezou no ano 2015, pero tendo en conta toda a experiencia acumulada para adoptar reformas que non compliquen a vida, senón que a fagan máis fácil no rural galego.

Polo tanto, esperamos da reforma post 2020 un compromiso entre a experiencia do período actual e a consecución dos novos obxectivos que se marca a Unión Europea. Se a pregunta é se se vai pechar antes ou despois das próximas eleccións municipais, que coinciden coas europeas, créanme que neste marco descoñeceo Galicia, pero tamén o descoñecen todos os países que conforman a Unión Europea.

Polo tanto, é imprescindible seguir conservando o orzamento actual cunha PAC estruturada en dous piares. É algo ao que Galicia non pode renunciar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

De verdade, señora conselleira, todos estes conceptos dos que se faloron aquí chocan frontalmente coa media de idade da poboación rural, co peche de explotacións sen continuidade, ata co peche das tabernas; as barallas están ociosas, non hai quen as manexe.

Mire vostede, ¿verdade que é surrealista toda esta reflexión sobre a PAC? ¿Verdade que co-renta segundos e xa temos a cabeza como un bombo?

A PAC naceu para solucionar o problema da fame en Europa, despois da guerra provocada polos nazifascistas, para desenvolver a agricultura e saír desa barbarie. Nós chegamos tarde, e entramos pola porta do curral, e os que administraron as axudas de posta a punto dilapidáronas nun caciquismo atroz, que viña de atrás. E esta é a puñeteira realidade, de verdade. Queimáronse máis toneladas de cemento en pozos de purín que non servían para nada, e en cortes modernas que non serviron para nada, e en axudas dilapidadas para contentar a este e ao outro, e para amolar a este e a estoutro..., que non serviron para nada. A época do bloque e do cemento, e da uralita, que puido ser unha época esplendorosa, quedou en nada, e esa nave é a que vemos agora.

Mire vostede, vostede di que tanto lle teñen os agricultores galegos como os estremeños e cántabros. Pois a nós non, e esa é a diferenza, aí radica a diferenza. Xa sei que somos provincialistas, somos un desastre. A nós interésanos Galicia, xa o notaron, ¿verdade? Procuramos, preocúpanos que a PAC sexa un 155 constante para o noso país. ¿E sabe por que é un 155 constante? Porque nos está amolando, porque nos está triturando, porque non reconece a realidade deste país; (*Aplausos.*) a realidade da xente que o habita, a realidade do territorio que temos, a agricultura, a gandería. ¿Que comemos neste país, nas cidades deste país? ¿O que lle proporciona o noso campo? Mentira, comemos fabas de Polonia, comemos espárragos de China e do Perú, comemos repolos da Bretaña francesa. ¿E os nosos repolos, onde están? ¿Onde están os nosos repolos? ¿Quen os cultiva?

Señora conselleira, eu non consigo en ningunha área produtos de aquí, e ás veces esas patacas que pasan por ser da Limia, galegas, se lle quita, teñen aínda o precinto de pataca francesa. ¡Esta é unha realidade, caramba! (*Aplausos.*)

Si, si, vostedes é que non coñecen ben o produto do país, ¡que carai! ¡Mire, mire!, espere, que teño máis, teño máis, teño máis, non se me alboroten.

Vostede fala de produción de alimentos seguros. Nun tempo de busca de novidades que impacten no mercado, que valoren o singular e o xenuíno, a investigación e a innovación son básicas. In-

vestigación e innovación. E por iso temos os nosos centros de investigación agraria baixo mínimos. ¡Temos os nosos centros de investigación agraria baixo mínimos! Temos valores en investigación que vostedes, na súa cicatería, impediron que creasen escola. Non hai herdeiros a esa sabia investigación que empezou coa Misión Biolóxica e continuou con moitos outros centros.

Eses técnicos, que lles aconsellaron naquel tema do 5 % de barbeito —¿recorda, señora conselleira?— de nove meses, e os tres cultivos para favorecer o verde, todo dependía de cando era o período de control. En abril era o bo para os gandeiros galegos, para vostedes tiña que ser en xuño. Pasaron dous anos, e mudaron e chegaron —¡noraboa!— dous anos perdidos.

Aquí, de verdade, é que xente é territorio deste país, non son unha maldición bíblica. O minifundismo non é unha maldición bíblica, hai que poñerlle solución, e vostedes non o fixeron, nin o van facer, porque non saben. Vostedes non saben, ¡non, non, non!

¿Cantas sofor hai? Na Comisión dos lumes dixéronos que había unha pero en precario. ¿E como van facer? ¿Como van articular este territorio para que as pequenas guicholas de monte se poidan explotar e poidan sacar catro pinos que pode ter cada unha? ¿Como van facer? ¿Cando van ordenar este territorio? ¿Cando este territorio vai ter usos? ¿Cando se vai tomar en serio o medio rural?

Porque tomalo en serio consiste en darlle unha volta completa, darlle unha volta completa, e, en principio, sacar do abandono ese medio rural. E iso téñeno que facer, téñeno que facer porque a sociedade estállelo demandando; aínda que os voten, aínda que os voten, estánllelo demandando. ¿Saben por que os votan, verdade? Vostede e mais eu sabemos como funciona iso, e os demais tamén. (*Murmurios.*) ¡Si, si, si!

¿Vostede sabe por que lle digo isto? Porque nós si, soamente miramos en principio, en medio e en final polos agricultores galegos. ¿Sabe por que? Porque nós non lle somos dos que quitamos a pucha, si señor. Non, non, o que vostedes manden, ¿non? Nós cremos nas posibilidades deste país, e a iso andamos, e a iso seguiremos andando, e intentaremos sacarllelas cores cantas veces poidamos para que anden, porque é a nosa obriga, esa é a nosa obriga. O noso mandato para estar aquí na oposición é facer que vostedes anden, e vostedes non andan. ¿Sabe por que? Porque a PAC segue sendo unha pac, o paqueo —que dicía meu pai—, o paqueo da guerra: pac, pac, pac, pac. Para nós é iso.

Mire, ¿quen negociou a entrada? ¿E quen preparou este país? Eu recordo unha sociedade no ano 1985, 1986 e 1988 que non foi preparada para facer praderías artificiais. Eu recordo unha sociedade que non sabía o que era un test de California —na miña escola explicóuselles iso aos labradores—, para detectar unha mastite subclínica, ou unha mamite, ou uns lixos subclínicos. Todo iso puideron vostedes facelo co diñeiro que viña de Europa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Vostedes puideron preparar este país e poñelo de bandeira, e facer un país riquísimo. Non tiveron narices, non souberon, non quixeron, non querían este país, e ségueno querendo falsamente, de verdade —con toda cordialidade—. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Señora conselleira, o que sacamos en limpo desta intervención, á parte das boas intencións do futuro glorioso que nos pode esperar a todos, é que, en realidade, isto aínda está verde; quero dicir: estase nos primeiros pasos. Vostede mesma afirmaba da negociación que teñen unha posición común ou que tratan de buscar unha posición común coas outras autonomías, para facer máis forza. Non nos parece mal, pero teña en conta que entre as dezasete autonomías hai moitísimas diferenzas, moitísimos intereses en xogo, e os intereses chocan, chocan, e non son os mesmos os que vostede como conselleira vai ter que defender que os que vai ter que defender a conselleira correspondente, por exemplo, de Estremadura ou de Andalucía.

Polo tanto, que fagan piña para conseguir máis vantaxes en principio non está mal, pero teña presente ese norte, porque é fundamental, e é fundamental porque, sendo todas autonomías, as circunstancias son moi distintas. A estrutura da propiedade non ten nada que ver no norte, nomeadamente no noroeste, que no centro ou no sur da Península, e á vocación produtiva ocórrelle o mesmo. Polo tanto, aí van chocar os intereses, que é un elemento que hai que ter moi presente.

Con respecto aos cambios que se aveciñan, parécenos ben velo como unha oportunidade para mellorar, pero esa mellora só pode vir, dende o noso punto de vista, se se introducen novos criterios, se se modifica ou mellora o modelo actual, porque entendemos —tal como lle expuxemos ao principio— que o modelo actual nos está prexudicando gravemente polas circunstancias que logo lle volverei repetir, pero que penso que son claras para todos.

Polo tanto, requírense distintas medidas para solucións tamén distintas, como distinto é este país.

Falando de conceptos, que vostede puxo varios ao longo da súa intervención enriba da mesa, hai un que é moi importante e que é o medioambiental, o pago por servizos medioambientais. E o que non é —e xa llo dixen na primeira intervención— de recibo é que cada vez os nosos agricultores e gandeiros vaian recibir menos cartos, pero o aspecto restritivo que teñan que soportar cada vez sexa maior. Iso é unha entelequia, así non se pode enfrontar a calidade medioambiental da que vostede falaba.

Hai que ir a un concepto, hai que asentar o concepto de pago por servizos medioambientais, igual que cando se está nunha zona desfavorecida. Non se poden desenvolver ata o máximo os aspectos restritivos no territorio e para os cidadáns e logo non dar ningunha compensación. Iso non é de recibo, e ese é un dos elementos fundamentais que hai que cambiar.

Gustárame —vaise esgotar o tempo— antes de rematar deixar varias preguntas, como, por exemplo: ¿baixo que presuposto se está negociando? Antes fíxose alusión ao que aportan os Estados, pero ¿está o Estado español disposto a poñer máis para que os perceptores non en-

caixen directamente a redución deses fondos europeos? ¿Contémplanse elementos que afectan o modelo?

E gustaríanos saber cales son eses elementos novos que afectan o modelo. Para nós parte da clave desta nova PAC vai ser se se cambia ou modifica o modelo actual ou non, que dende o noso punto de vista —e non só o noso— prexudica os agricultores e os gandeiros do noroeste, en detrimento doutros que saen beneficiados, nomeadamente os do sur.

¿Que pasos se levan dado para evitar unha posible repartición lineal unha vez que esteamos xa dentro deste país? Porque aí volvemos ao xogo de intereses, e o que beneficia unhas zonas da Península vai prexudicar outras moitas zonas da Península.

Quédanme varias cousas no tinteiro, pero aquí foron saíndo, e esperemos que esta non sexa a última comparecencia para ir aclarando os distintos pasos, como se vai configurando, como se vai materializando esta nova PAC, que é tan importante e tanta repercusión vai ter para os nosos veciños do eido rural.

En definitiva, nós volvemos facer fincapé en que, á parte da negociación presupostaria —onde ao mellor hai que contemplar poñer máis para que non reciban menos os nosos agricultores e gandeiros—, hai tres aspectos que entendemos que son claves e que se deberan modificar: un, que é a base territorial, que nos castiga notablemente. Outro, que hai que modificar o concepto de quen recibe as axudas; as axudas teñen que ser para quen traballa, non para os propietarios ou para os xubilados, con todo o respecto para ambos os dous colectivos. E logo, o tope das axudas, a repartición das axudas. Consideramos que ese tope que hai na actualidade de 300.000 euros propicia unha menor repartición e unha maior concentración deses fondos que veñen de Europa.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, di vostede que isto non é política, que temos que chegar a un acordo. Isto trátase de política, o propio nome da PAC xa así o di: a política agraria común.

Europa —estamos dicindo unha realidade— vai ter menos orzamento, non vai manter eses dous piares, teoricamente vai haber máis exixencias medioambientais, si, aínda que, como dicíamos antes, non deixa de ser máis que un lavado de cara fronte á opinión pública, porque o modelo polo que apostamos, ou polo que se aposta, segue sendo a agroindustria para a exportación, e isto é totalmente incompatible co noso territorio.

Para o primeiro piar, os pagos directos, a Comisión Europea só vai fixar unhas liñas e uns obxectivos en cada Estado, e cada un destes poderá dicir como os consegue. Neste caso, en

principio, podería ter cabida un plan galego para o primeiro piar da PAC, pero o Estado español vailles dicir a vostedes —xa lles está a dicir— que non.

Chámanlle o enfoque baseado en resultados, pero descoñecemos como se van aplicar. A Unión Europea di que esta é unha mellor subsidiariedade, a escala dos Estados membros, co fin de acercar a PAC aos encargados da súa aplicación sobre o terreo. Hoxe coñecemos a postura do Ministerio e da Consellería neste momento, e o Ministerio de Agricultura é o que marca as pautas e a Consellería do Medio Rural non ten criterio. Puidémolo ver co regulamento ómnibus, onde foi imposible que aparecera a opinión súa.

¿Que dixo o Ministerio nesa xornada? Pois que queren que se manteña o orzamento. Na práctica, vostedes xa admiten que vai diminuír, non no cofinanciamento no primeiro piar, máis medidas medioambientais —oxalá sexa verdade—, e manter os pagos acoplados, sobre todo no sector lácteo. E, ¡ollo!, este plan estratéxico para o punto un pois parécenos a verdade que pouco.

Tanto o presidente Feijóo como vostedes non deixan de soltar vaguidades. Na xornada sobre a PAC, Feijóo, o presidente, apostaba por unha PAC 100 % comunitaria que garanta un rural vivo, activo e sustentable. ¡Home!, eu penso que iso o queremos todos e vostedes aquí din que xa o conseguimos hai moito tempo. E outra cousa: cando falan dun sector primario competitivo e moderno, explíqueno ben, porque —segundo vostedes— competitivos e modernos levamos sendo xa hai moito tempo.

En calquera caso, ninguén fala de prezos, ninguén fala dunha repartición máis xusta destes pagos directos; ninguén fala das explotacións galegas que nunca entraron no cobro das axudas do piar un; ninguén fala do que se pode facer para que estean en igualdade de condicións ao resto; ninguén fala da revisión do dereito europeo da competencia, de que o segundo piar —o desenvolvemento rural— non vale de nada se non hai unha aposta decidida da Comunidade Autónoma galega por uns servizos públicos locais. E estamos vendo na lexislatura pasada como pecharon escolas e como pecharon servizos médicos. Non se fala de preservar a superficie agraria útil nin das dificultades para conseguir terras.

Falaba o señor González de que tiñamos que chegar a un consenso para ir cunha proposta forte sobre a política agraria común. Vostede aquí dixo unha serie de propostas, a nós non nos vale case ningunha. Nós tamén traemos as propostas, tamén llelas imos dicir, se podemos chegar a un acordo, oxalá puideramos chegar a un consenso, estamos a anos luz.

Para facer da agricultura e da gandería unha profesión activa, ademais de facilitar a incorporación de mozos e de mozas, necesitamos uns mercados regulados que permitan remunerar mellor as agricultoras e agricultores por medio de medidas e instrumentos de xestión públicos que estabilicen os prezos agrícolas.

A repartición da PAC —dicíao o señor Quiroga— segue sendo moi desigual entre as explotacións e os Estados membros. A asignación dos pagos directos en base á superficie concentrou estes pagos en rexións e en persoas. Segundo a propia Comisión, o 20 % dos agricultores recibiron o 80 % dos pagos directos; isto é, o 80 % dos agricultores só recibiron

o 20 %. É imprescindible poñer topes a nivel europeo e falar de a quen van destinadas estas axudas.

Non queremos seguros de renda para combater a volatilidade destes prezos que vostede dicía, señora conselleira, posto que benefician máis as compañías de seguros que a nós, aos gandeiros e ás gandeiras. Tampouco queremos converter a maioría das subvencións en instrumentos financeiros, que tanto lle gusta a esta consellería, e tamén ao sector financeiro, cos préstamos, as garantías e os fondos de capital.

Do primeiro piar da PAC só está no debate a parte de pagos directos, pero o primeiro piar ten outra parte que é máis importante, que son as medidas de mercado e que son medidas das que nunca se fala. En cada reforma da PAC falamos a todos os niveis de simplificación. As gandeiras e gandeiros, cada vez que se fala de simplificación, póñense a temblar. Poden aproveitar agora este proceso e preguntarlles, un por un, a ver que tramitación farían para facer unha verdadeira simplificación.

Temos que volver situar no centro da política agraria común os prezos en orixe que cubran custos de produción e remuneren traballo, falar de que sistema de cálculo queremos para os pagos do primeiro piar. Sen actividade agraria gandeira, non hai vida rural. Este país leva anos intentando que a actividade agraria sexa secundaria nas zonas rurais, pero a experiencia dinos que todo o interior da Galiza pecha se non hai actividade agraria e gandeira.

Temos que desenvolver medidas que desincentiven os crecementos da produción por encima das medidas, pedir que se fale tamén dos acordos comerciais que destrúen a agricultura na Unión Europea e en terceiros países.

Falaba vostede ao principio destas reunións que tiveron onde as organizacións agrarias estiveron representadas. Elas non están de acordo co proceso que se está levando desde a Consellería. Ven que hai inacción por parte de vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...e que hai opacidade. E dicía vostede ao principio de todo que a PAC era a unión entre a agricultura e a sociedade. E a PAC no que se volveu é nunha unión entre os gobernos e entre o capital.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Grazas, señor presidente.

Despois da súa segunda intervención, señor Rivas, ¿cal é a proposta do Bloque en relación coa posición na reforma da PAC?

Mire, eu queríalle dicir —que non sei se lle vale, porque é dunha horta dun do PP, pero, se quere repolos, eu teño repolos, iso que dicía vostede que non hai (*Murmurios.*)— que o que teño agora son conservas de tomate negro de Santiago; teño tamén, asados, pementos de Oímbra; consigo, se fai falta, carne de vaca de cachena, de rubia, de vianesa e de caldelá e chourizos de porco celta. É que ¿de que estamos a falar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E bebemos, señor Rivas —e vostede tamén—, viños de treixadura, de godello e de albariño. No que temos que ter coidado é na defensa dos nosos produtos acollidos á denominación de orixe. E do que non podemos falar aquí, en sede parlamentaria, é de que patacas que están acollidas á indicación xeográfica protexida galega, se se lles rasca, parecen francesas, señor Rivas. Temos que ter un pouco de respecto polo noso, un pouquiño. (*Aplausos.*)

Falo da indicación xeográfica protexida, señor Rivas, penso eu. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: O grave, señor Rivas, é que esteamos a falar así dos nosos produtos e que non teñamos máis responsabilidade. (*Murmurios.*) En fin...

Ben, falabamos tamén —dicía o señor Rodríguez— de que non se fixo un traballo, de que non hai unha postura unívoca. Eu queríalle mostrar a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural (*O señor González Vázquez mostra un documento.*). Hai unha posición común en relación coa iniciativa da Comisión Europea sobre modernización e simplificación da política agrícola común, que ten vinte e oito puntos. Está firmada o 26 de abril de 2017 —logo faréillelo chegar a cada un dos grupos parlamentarios, se non a teñen—. Pero é que neses vinte e oito puntos, señor Rodríguez, fala de moitas cousas que di En Marea da PAC.

Vostede dixo antes que tiñamos que controlar que os acordos internacionais non afectaran a agricultura —dixeramos— galega e europea no seu conxunto. Pois xa está aquí. Mire, no punto 7 desta posición común dise —en castelán—: «*Los acuerdos comerciales deben tener en cuenta los estándares exigidos a los productores comunitarios*». É que está aquí. Recóllese tamén a necesidade de que se teñan en conta como principais protagonistas e destinatarios da PAC os agricultores e gandeiros. Dise tamén que a PAC ten que contribuír á posibilitar a equiparación do nivel de renda agraria e do resto de sectores produtivos. Hai que producir máis alimentos con menos recursos, precisamente polo mantemento do medio ambiente e, polo tanto, tamén do medio rural.

Fala en canto ao financiamento da PAC —porque isto é unha cuestión importante; vostedes non lle deron moita importancia, pero eu repítole que ten importancia fundamental— de que, como consecuencia do *Brexit*, a resposta ten que ser máis Europa. Polo tanto, a PAC ten que formar parte do financiamento da Unión Europea. Temos que facer un esforzo entre todos para que isto sexa así.

Fala tamén no punto 11 de que os pagos directos da PAC deben seguir xogando un papel moi importante no futuro, a partir de 2020. E recolle, señor Quiroga, no punto 13, que a nova

PAC debe permitir que os pagos directos se focalicen nos agricultores e gandeiros que realicen unha verdadeira actividade agraria.

Fíxese vostede no da profesionalización dos agricultores, que o temos debatido aquí moitas veces, porque vostedes sempre están coa historia da agricultura a tempo parcial. E, non obstante, tamén teño aquí (*O señor González Vázquez mostra un documento.*) —que non sei se vostedes o teñen en común ou non— un documento do PSOE —do PSOE nacional, non do PSdeG—, que pon: «*Por una PAC más social, justa y sostenible*», que precisamente aí recolle unha aposta pola agricultura profesional. ¿De que estamos a falar? Este documento do PSOE —que tamén seguro que vostede o coñece, pero, se non, fágollo chegar eu— coincide na súa práctica totalidade co da Conferencia Sectorial do Ministerio.

Pois entón, se temos unha postura común, non veñamos aquí contar historias ou simular enfrontamentos cando non os temos. O que temos que facer é defendernos todos xuntos fronte a Europa.

Eu remato xa. Señor Rodríguez, ¡home!, é que intentar chegar a unha negociación, intentar chegar a un acordo dicindo que estamos a anos luz..., ¡home!, eu pediríalle que a anos luz mire que é un montón de distancia, eu pediríalle que aproximemos un pouco máis a cousa. Porque, no final de todo, señorías, o que está aquí e os que están neste lado da bancada somos xente que defendemos e apoiamos o noso rural, cremos nel e estamos totalmente a favor del. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Turno de peche da comparecencia, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Ben, é certo que ás veces non pensamos o que dicimos e soltamos calquera cousa e iso pode ser prexudicial.

Señor Rivas, cando se nomee a pataca ou calquera outro produto galego, eu agradeceríalle que, cando teña datos contrastados, nolos faga chegar, porque existe un control férreo para que esas cousas non existan. E non me vaia dicir vostede que non, cando por parte do Ministerio se pon de referencia a Galicia á hora de facer os controis dos seus produtos. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, non hai outra.

Por outro lado, se falamos da pataca da Limia, como podemos falar de calquera outro produto, jollo!, é que estamos poñendo en entredito eses 120 millóns de quilos de pataca certificada, amparada baixo IXP, baixo Pataca da Limia. Ben é certo que a distribución ás veces nos traslada que remata unha produción e, se rematou esa produción e non hai máis, óptase por calquera outro produto, pero nunca poñendo Pataca da Limia, señor Rivas. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) E, se non, o que ten que facer vostede: ¡denuncie! Dígame cal é a distribución. Créame que non imos dubidar en facer as inspeccións que se fan continuamente. (*Murmurios.*)

Dito isto, tampouco podemos dicir..., é que aquí ás veces é que é de broma, jeh!, cada vez que alguén di que non atopa produto galego. ¿Como que non atopa produto galego? Pero ¡vamos ver, é que estamos de risa! Hai que comprar produto galego, o que pasa é que de calidade hai que pagalo un pouco máis e ás veces ata nos doe o bolsillo e non o facemos. Pasa coa pataca, pasa co viño, pasa co leite. E esa é a realidade, señor Rivas. Se nos poñen unha cámara de vez en cando, poñémonos colorados todos. E debemos de coidar que iso non nos aconteza, sobre todo se somos deputados e se representamos. Esa é a realidade que aí temos.

Pero é que temos as denominacións de orixe, que, por suposto, é o camiño. Temos as indicacións xeográficas protexidas. Temos as marcas de garantía, que tamén controlamos. E agora está o Decreto de artesanía alimentaria, para acabar con aquilo de que, como é da casa, é bo pero pagámolo pouco. Non. Como é da casa, é bo e témolo que pagar máis. E esa é a pedagogía que temos que facer entre todos os galegos para apoiarnos mutuamente. Esa é a realidade.

Xa non é a primeira vez que eu lle escoito que os distintos fondos que veñen a Galicia ao final acaban en cemento e non sei cantas cousas máis. Mire, de vez en cando o cemento fai falta. Dícialle que eu onte estaba nunha explotación; esa explotación leva máis de corenta anos; é un matrimonio que supera os 50 anos, non máis, que se lle incorpora un fillo, pero que ten outro fillo de 16 anos que a súa liña é esa, pero que a sala de ordeño é terrible, ¿por que?, porque non fixeron investimentos en corenta anos, e agora van facer un investimento de 300.000 euros. ¿Sabe por que? Porque necesitan benestar tamén para eles. Porque, en vez de estar ordeñando de dez en dez vacas, queren ordeñar de vinte en vinte; e porque queren ampliar e, en vez de ter cen vacas, queren meter cento cincuenta, para poder vivir catro persoas. Iso é a realidade.

Entón, non defenestremos as axudas que van para o cemento, ou para modernización ou para as novas tecnoloxías, porque ¡sexan benvidas! Bastante complicado é levantarse ás 5 da mañá para ordeñar para que, por encima, en vez de ordeñar de dez en dez, o fagamos de cinco en cinco, ou nos veña o vento dun lado ou doutro. É dicir, o cemento, señor Rivas, é preciso. *(Aplausos.)*

Dito isto, e porque se fala continuamente de sofror, non hai dúas nin tres nin catro, hai once, e que tiña que haber moitas máis, por suposto. E eu diríalle ao presidente do Parlamento que, de vez en cando e en horas extraescolares, en horas extras, se organicen algunhas excursións para que se vaian ver sofror que funcionan, como é o caso de Silleda. Convídoos a que vaian alí e falaremos un pouquiño ben de Galicia e do esforzo que fixeron cento trinta propietarios e que xa están na primeira corta de pinos, e oxalá aínda llelo pagaran moitísimo mellor. Iso é a realidade. Ese é o convite, ¿non? Os cativos teñen actividades extraescolares, os deputados poden ter actividades extraparlamentarias e de vez en cando é bo *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* percorrer Galicia.

Agradecer, por suposto, ao señor Quiroga a súa intervención. Efectivamente, os intereses chocan entre as distintas comunidades autónomas. Agora, o principal é que España teña aliados. Nun primeiro momento, dicirlles que quedou soa a ministra; agora mesmo xa non está soa e, polo tanto, ten do seu lado a Portugal, ten do seu lado a Francia, ten do seu lado a Alemaña; é dicir,

agora hai un papel moi complicado para facer valer certas sinerxías, que traslada ao Ministerio, e para buscar aliados, porque cada país por suposto que é un voto, e as necesidades que teñen os países do norte difiren moito das que teñen os do sur. Entón, agora trátase de facer unión, de facer piña e de que, polo tanto, conquiramos aquilo que todos perseguimos, que é financiamento e unha liña estratéxica que sexa unha evolución e non unha gran revolución.

Base territorial; estou de acordo. ¿Quen a recibe?; por suposto. Por iso vou pola liña de que é primordial que a reciba o agricultor activo, aquel que vive da agricultura. Aquel que poida compatibilizar media xornada dun ámbito co doutro tamén a precisa, pero temos que seguir definindo estes ámbitos. ¿E que haxa tope de axudas? Por suposto. E que haxa unha mellor repartición.

E xa no caso do señor Rodríguez Estévez, é que di: non temos criterio. Señor Rodríguez, de verdade que os que están perdidos son os gandeiros e os agricultores co criterio do seu grupo; aí si que teñen un lío terrible.

Entón, ao final preguntábase o señor Rivas por que nos votaban e dicíame que o sabía el mais eu. Pois terannos que pagar moito ao resto, porque se tan só vostede e mais eu sabemos por que se lle vota ao Partido Popular e por que está gobernando, señor Rivas, temos un privilexio tremendo que eu descoñecía. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, ben, ao final os galegos e as galegas son intelixentes e (*Murmurios.*) fíanse de certos grupos e nas últimas eleccións determinaron fiarse dalgúns.

Dito isto, ao final as conclusións son as seguintes.

Traballamos dende a Xunta de Galicia a prol dunha futura PAC forte, que conserve o mesmo orzamento que temos actualmente, 190 millóns de euros. Rexeitamos calquera posibilidade de renacionalización. Dous piares son fundamentais sobre todo para Galicia, que temos o maior número de explotacións, tanto en lácteo como no ámbito cárnico. Avogamos por unha PAC que permita manter o número de agricultores e gandeiros cun nivel de renda digno. Os agricultores e os gandeiros non son ONG. E, efectivamente, non están única e exclusivamente para o coidado medioambiental, é unha faceta máis pola cal lles temos que pagar.

Cómpre tamén redeseñar mecanismos de xestión de mercados con accións a nivel europeo. E aquí alguén comentou que non falabamos de mercado. Por suposto que falamos de mercado, e para iso está regulada a cadea de valor a nivel nacional, pero de pouco nos servía se non o faciamos a nivel comunitario. E dende aquí louvar a decisión do Consello de Ministros, que o día 16 de abril comezou cun texto para regular esa cadea de valor.

A remuda xeracional é fundamental. A figura do agricultor activo é imprescindible.

Por suposto, contemplar as peculiaridades da nosa comunidade, tal como a dispersión da poboación, o tamaño das explotacións.

Eu quedo asombrada cada vez que alguén di que nós optamos polas grandes industrias e polas macroindustrias. Pero ¿é que non coñecemos Galicia? Pero ¿é que estamos de broma?

Distinto é que, para que sexan competitivas, por suposto teñen que gañar dimensión, e aí non podemos paralas. E se, en vez de vivir dúas persoas, están vivindo catro, por suposto que non o dan feito con cen cabezas de gando. Pero, falando diso, tamén daquelas que son aínda máis pequenas, que son as de montaña e con limitacións naturais, e por elas apostamos.

E apostamos pola produción de alimentos sans e seguros, alimentos de calidade, e aí Galicia si que se pode diferenciar organolepticamente en todos os ámbitos.

E, por suposto, un máximo respecto ao benestar animal e á xenética, no cal xa estamos sendo líderes.

Tamén por unha PAC que procure unha alimentación saudable, con programas para fomentar o consumo de lácteos, de froitas, de verdura.

Somos a terceira comunidade máis importante en denominacións de orixe, somos a primeira territorialmente falando, e temos que seguir avanzando.

E simplificación, por suposto. Necesitamos simplificación administrativa.

En definitiva, é imprescindible que se siga conservando o orzamento actual. Temos uns mínimos comúns que preserven un mercado único e un mercado forte, e ben é certo que o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, plantexou en Bruxelas aceptar que se achegue máis dende España aos orzamentos europeos para cubrir o burato que deixará o *Brexit* e, desta maneira, salvar a PAC e os fondos de cohesión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pasamos ao seguinte punto, ao punto das moción.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación de atención sanitaria no Sergas na área de xestión sanitaria da Coruña

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo dos Socialistas de Galicia, e para formular a moción ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

Hoxe hai que lembrar, polo menos ao inicio, que hoxe mesmo comezaban os traballadores e as traballadoras do Hospital de Monforte unha folga indefinida, ante os oídos xordos da Administración, da Consellería de Sanidade, das demandas continuas de persoal sanitario polas necesidades xa extremas que teñen nas diferentes unidades de hospitalización. Para que o persoal se poña en folga —e, por certo, unha folga cuns servizos mínimos que insultan

os profesionais, de máis do 100 % e que hoxe foron modificados de maneira unilateral—, creo que para chegar a esa situación teñen que estar xa nunha situación desesperada, e, polo tanto, vaia por diante o apoio que dende o noso grupo se lles brinda, e hoxe queríamos tamén lembralos nesta intervención. (*Aplausos.*)

Traemos hoxe esta moción que plasma as propostas relacionadas coa anterior interpelación debatida no último pleno, no pasado pleno, no que interpelamos o conselleiro de Sanidade sobre ese asunto tan grave que En Marea denunciou no momento en que o coñeceu, que é a privatización de servizos sanitarios na Coruña, directamente servizos sanitarios. O conselleiro compareceu no pasado pleno non dando ningún tipo de explicación e na interpelación tampouco respondeu á maioría das cuestións que se lle plantexaron dende o noso grupo.

Hoxe estamos aquí cunha proposta concreta, unha proposta que solicita que se dea marcha atrás nesa privatización de servizos sanitarios. E, claro, no anterior pleno demonizábase o noso grupo parlamentario, intentábase trasladar que o que se estaba facendo era normal, que era un contrato de concerto sanitario que se facía de maneira habitual, que, dende logo, escandalizabamos a poboación etc., etc., etc.; a matraca continua que escoitamos en materia de sanidade e en moitos outros aspectos cando denunciemos as privatizacións do sistema público.

A realidade non é esa. Dixeron que tocarían todo, que meterían a tesoira en todo —díxoo o señor Mariano Rajoy—, agás nas pensións, en educación e en sanidade. E estamos vendo como, efectivamente, son probablemente os aspectos máis recortados do sistema. Non vou dicir nada máis do debate que xa demos esta mañá sobre as pensións públicas.

Dixeron que poderían privatizalo absolutamente todo na sanidade pública, agás a bata branca, o servizo sanitario. E é falso, porque este contrato é unha privatización directa de servizos sanitarios. O mesmo sucedeu cando denunciemos a privatización, o que sucedía coa electromedicina. Dixeron que non pasaba nada e logo ¿que temos? Informe do Consello de Contas, que dende logo di que non se tiña que ter dado esa privatización, unha privatización que, ademais, foi falida, cun contrato que se incumpriu dende o inicio por parte da empresa e que se mantén a pesar do erro de ter privatizado o servizo.

Non ía pasar nada tampouco coa privatización das áreas de xestión clínica e tiveron que ser os profesionais os que saísen á rúa para darlle a volta e para facer que a Consellería de Sanidade detivese esa privatización.

Non pasaba nada tampouco pola privatización da limpeza dos hospitais e outra vez máis informe negativo do Consello de Contas, que di que a Xunta de Galicia non tiña ningún tipo de informe previo que recomendase ou que autorizase ou que permitise trasladar que era mellor privatizar ese servizo. Realmente o Consello de Contas o que di é que non hai ningún tipo de aforro coa privatización dos servizos de limpeza nos hospitais e, non obstante, hai menos profesionais e hai continuamente problemas coa limpeza nos diferentes centros.

Non pasaba nada con ningunha desas, non tiñamos razón, pero resulta que foron outros os que logo viñeron darnos a razón.

Tamén din que non gastan máis en privada, pero é falso. Están os datos do Consello de Contas do último exercicio, do anterior exercicio, e están todos os exercicios orzamentarios para darlle as costas ao seu argumento. Non é certo: un 0,6 % máis no último exercicio fiscalizado, un 1,4 % máis no anterior exercicio fiscalizado.

Tampouco pasaba nada coa privatización da esterilización do Servizo Galego de Saúde, e, despois de publicala no *Diario Oficial da Unión Europea*, tiveron que dar marcha atrás, polas protestas dos profesionais.

Non ían privatizar servizos sanitarios. Aquí estamos, señorías, tratando nunha moción a privatización directa por primeira vez, nun lote amplo de servizos, de servizos sanitarios.

E non, os concertos non son igual a unha privatización sanitaria. A min non me gustan os concertos sanitarios, pero dende logo o que se está facendo aquí non é exactamente o mesmo —dixémolo no anterior pleno—, nin administrativamente nin tampouco a nivel político, que é o relevante e o que nos trae aquí. E si, é indecente contratar coa sanidade privada tendo plantas pechadas na sanidade pública, plantas enteiras pechadas na EOXI da Coruña: o Materno, Abente y Lago e outras unidades que están pechadas, noutras ocasións camas soltas tamén.

E ao conselleiro de Sanidade parecíanlle poucos os millóns que se ían empregar nesta privatización —díxoo o outro día—. A min paréceme unha auténtica indecencia. ¿Poucos 97 millóns de euros? ¿Sabe cantos profesionais se poderían contratar con ese importe? CHUAC, orzamento do 2018 sobre o orzamento da Xunta de Galicia aprobado. O CHUAC ten un orzamento de persoal estatutario de 136,6 millóns de euros; 97 millóns son o 71,5 % do orzamento que se gasta en persoal público no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Un contrato de catro anos. ¿Non queren facelo en catro anos? Vaíamos dividir, entre catro. Entre catro dá o 18 %. O que vostedes van gastar nesa privatización é o 18 % do que se gasta en persoal público. ¿Cantos contratos de profesionais públicos se poderían facer con ese importe, abrindo as plantas pechadas, para non ter que contratar coa privada? ¿Cantos? ¿Cantos profesionais? Agora dirán que non hai profesionais dispoñibles, ¡oh! Levamos anos denunciando os problemas de profesionais.

E hoxe tiña que estar aquí o conselleiro de Sanidade, que non está porque está no Consello Interterritorial de Saúde, para falar da súa mala planificación e de por que non hai profesionais sanitarios agora para substituír as carencias de pediatras, de anestesistas, de médicos e de médicas, de enfermería, etc., etc. Porque non planificaron, porque son malos xestores. E agora quérennos vender que é necesaria esta privatización cando realmente con estes custos se poderían contratar profesionais públicos para cubrir de maneira pública o servizo público ao que teñen dereito os cidadáns e as cidadás.

¿É un negocio redondo? Dixémolo xa no anterior pleno. Só hai que ver o prego de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, para a contratación do servizo. Páxina 8 —dixémollos o outro día—: procesos descartados. Por poñer un exemplo: «Procederáse á facturación deste concepto cando, unha vez consultado o doente, non se opere polo motivo que sexa. Aboarase a tarifa do proceso descartado se se fixese algunha proba ou interconsulta a outra especialidade».

É un negocio redondo, a privada asegura ter doentes para intervir, para atender. E, ademais, se logo, por calquera motivo, non se poden atender, vaise facturar. É un negocio redondo, certamente. E só hai que continuar lendo as condicións —tamén na páxina 8—: «No caso de que un doente intervido, operado, por médicos do Servizo Galego de Saúde chegase a ocupar un quirófano pero, por algunha circunstancia non se puidese operar, aboarase o 50 % da tarifa do proceso cirúrxico do que se trate».

Sempre gaña a privada. A privada escolle. Aínda que o paciente non se opere, van cobrar igual. E, sen embargo, non se contrata nin un só profesional público máis para cubrir este contrato. ¡Son os pregos, eh! Están publicados na plataforma de contratos. Como son públicos e se poden ler, non poden negar o que vostedes mesmos escriben.

Ou temos o escándalo, que xa o dixemos o outro día, e está na propia páxina 8, tamén relativo á cirurxía vascular —que eu sigo querendo saber se van ter a mesma atención deficiente que reciben os doentes do complexo de Pontevedra desgrazadamente intervidos no Quirón cunha técnica moito máis antiga e sen seren advertidos: «A tarifa non inclúe os procedementos especiais de diagnóstico que expresamente se sinalan como conceptos facturables no anexo I». É dicir, que se cobran á parte. ¡Todo é un negocio, todo é un negocio! Ao conselleiro de Sanidade parécelle que 97 millóns de euros é unha tarifa pequena. ¡Cantos contratos se poderían facer!

Vou rematando, que me queda xa soamente un minuto.

A mobilidade forzosa, outro negocio. ¿Non teño profesionais? Pois xa mos deixa o Servizo Galego de Saúde. Ai!, pero é que, ao longo da intervención do conselleiro na interpelación, ao principio era para calquera intervención e logo era para cando se fixeran obras no CHUAC. ¿Cantas obras van facer no CHUAC nestes catro anos? ¿Cantas obras van facer no CHUAC nos catro anos? ¡Pois a ver se fan obras nas plantas pechadas e abren dunha vez as plantas do Materno e do Abente y Lago.

E, dende logo, só hai que continuar a ler no resto dos pregos e ver como esas condicións facilitan o negocio. E o peor de todo, o peor de todo —que tamén é un elemento que ao conselleiro tampouco lle parecía relevante— é que se premien as altas máis prematuras. Xa dixemos no anterior pleno que hai doentes que efectivamente non necesitan estar nun hospital e deben ir ao seu domicilio, e hai outros que non. O que é indecente é que se puntúe máis precisamente aquelas empresas que van ofertar as altas máis prematuras. Pero o peor de todo, seguramente, é o precedente que isto senta, porque o Partido Popular aprendeu que as privatizacións hai que facelas en anacos, paso a paso, pouco e pouco. Porque aquilo da PCI de Vigo non saíu excesivamente ben —podería ter saído peor, a verdade—, pero agora van sacando pouco e pouco. E a realidade é que, se o fan na Coruña, ¿que impide que non vaian realizar o mesmo procedemento no resto das EOXI?

Nós, entre outras cousas —téñeno por escrito, e remato xa—, o que solicitamos, fundamentalmente, é que, xa que aínda non está adxudicada a proposta, se retire esta proposta e, dende logo, se contraten profesionais públicos para cubrir o servizo público.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Dende o Grupo Socialista queremos sumarnos claramente ao apoio aos profesionais do Hospital de Monforte, que demostran unha vez máis que este sistema funciona grazas aos profesionais e a pesar dos dirixentes, que sistematicamente negan as realidades a pesar de que todos os profesionais —incluso algúns que nunca esperarían dende o Partido Popular—, lles están soltando a información á cara. E é que os profesionais deste sistema coñecen o sistema e son os primeiros que están demandando que temos necesidades estruturais fortes, potentes, moi, moi necesarias, que ninguén parece estar tendo en conta.

E, ao fío disto, imos apoiar esta moción. Cremos que entra dentro do que serían solucións moi, moi interesantes para o sistema. Evidentemente, non solucionarían ao completo os problemas pero si contribuirían a mellorar parte do noso sistema sanitario. Apoiámola, iso si, con certa dúbida de que poida ser aprobada. Vaime desculpar a voceira de En Marea que manifeste esas dúbidas e un certo escepticismo sobre o futuro que lle podemos prever a esta moción. Onte foi o día do libro, e dicía Carlos Casares —espero non citar mal— aquilo de que «o escepticismo é unha medalla que non se debe levar moi preto do corazón». En vías diso, imos manter a ilusión de que se poida aprobar, porque, a verdade, ten unha cuestión que sería moi interesante para aprobar, e para votar e debater sobre iso en termos de política sanitaria —política, parece que hoxe se falou aquí da política agraria común e se dixo que non había que facer política; en fin, as piruetas funambulistas xa son demasiado—. En termos de política sanitaria ten unha cousa que é moi interesante, e é que é unha moción moi razoable. Xa sei que iso está ás veces fóra dos argumentos do debate.

É razoable porque nós tamén compartimos que hai un escurantismo preocupante sobre a xestión e a eficiencia da xestión sanitaria, especialmente no que ten que ver co manexo dos recursos públicos, do orzamento público e da súa utilización. Non o vemos unicamente nós. Fixemos durante moitas iniciativas deste Parlamento, e especialmente tamén sobre a interpelación que precedeu esta moción, algunha advertencia sobre o que o Consello de Contas di sobre a xestión económica do Sergas. Por citalo outra vez, porque dá a sensación de que ás veces hai cousas que é importante citalas varias veces—, di o Consello de Contas —que non é un órgano da China comunista nin da Cuba revolucionaria—: «Séguese recorrendo ao sistema de autorizacións de uso para a contratación de determinadas prestacións, desvirtuando a natureza desta figura cuxa utilización debería ter carácter excepcional». Debería ter carácter excepcional, cuestión que os socialistas reafirmamos e coa que concordamos, debería ter carácter excepcional. E di, a maiores: «Con carácter xeral, nos concertos subscritos non se establecen requisitos específicos para a xestión da prestación. En particular, non se regulan as condicións dos recursos ou a calidade asistencial nin se concretan indicadores de control», ou, o que é o mesmo, o concerto coa sanidade privada, que debería ser unha cuestión conxuntural, convértese en estrutural por vontade política. E, ademais, ese concerto non garante asistencialmente a mesma calidade. Polo tanto, o que temos é un sistema que está facilitando que a calidade asistencial dos galegos e galegas non sexa a mesma nunhas situacións que noutras. E estao facendo de maneira continua, estrutural.

A verdade, dá a sensación de que a mala planificación e o desvío de partidas... Lembramos que cerca de 300 millóns de euros foron cambiados de partidas no último trimestre do ano pasado. Pasan de persoal para produtos farmacéuticos, despois pasan de produtos farmacéuticos para outras derivacións; despois, de persoal para o fondo de continxencia, que se utiliza outra vez para persoal... Pasan dun lado para outro. Fan unha de trileiros, e, ao final, ¿onde está bolita?, ¿onde está a bolita? A bolita sempre acaba en mans privadas. Vostedes son tremendamente eficientes para que, en canto aparece algo turbio, saia diñeiro do orzamento público e apareza en beneficios privados. É curioso, unha coincidencia casual, pero ocorre sempre. Son moi dilixentes para desviar e pouco eficientes para atraer, pero moi dilixentes para desviar o orzamento público.

Nunca hai opacidade que termine ben; polo menos, ben para os que defendemos o sistema público. Probablemente algúns consideren que terminar ben son cousas coma esta que ocorreu na Coruña. Algo pasa na EOXI da Coruña, aquela que gastou 400.000 euros en pagar carteis que puxeran «público». E esta é a mesma consellería que pagou, por exemplo —por citar—, 121 millóns de euros para un concurso no que as ambulancias estaban rotuladas antes de que saíra o prego. Iso si, cumprindo co criterio que defenderon antes, queda na casa, era para un amigo, queda na casa. Porque hai que defender o produto da casa.

En fin, dende a nosa posición, imos apoiar esta iniciativa. Cremos que ten pouco futuro, porque cremos que a mala planificación orzamentaria, que ao final dá beneficios sempre aos mesmos, é bastante intencional. É intencional facer as cousas mal para que na turbidez acabe todo nas mesmas mans. Dende o noso grupo, recomendámoslles dar marcha a atrás nesta política; se non, están preto de ter un «conselleirus interruptus». Pero é posible que algúns de vostedes iso sexa o que queiran.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Boa tarde.

No anterior pleno o conselleiro deixou en evidencia que ten a folla de ruta moi clara. E eu tamén lle explicitiei que quitaron a careta tamén con claridade, que teñen o discurso retórico da defensa do sistema público, do sistema sanitario público, mais que a auténtica folla de ruta e poñerlle en bandexa a sanidade pública á patronal da privada para aumentarlle o seu negocio. E pouco a pouco van facendo pois xa sen ocultación, e para iso van dando os pasos decididamente. Para iso foron dando os pasos lexislativos, para iso aprobaron a Lei de garantías, para iso fixeron a modificación da Lei de sanidade e para iso traballan denodadamente desde dentro da Administración pública como uns bos cabalos de Troia, desde dentro do propio sistema.

Con este acordo marco na EOXI da Coruña cáelles a careta e poñen en evidencia o que xa denunciámos no seu momento, desde o 2013, cando aprobaron esa Lei de garantías que era

para darlle marco legal a esa derivación de recursos públicos cara á sanidade privada. E o que antes se facía así, un pouquiño de tapadillo, en contratos menores, aos que non era moi doado facerlles seguimento, pois agora xa o fan ao grande. O 10 de xaneiro entra en vigor o regulamento desa Lei de garantías, e desde ese momento pois a verdade é que puxeron o acelerador e están a velocidade de cruceiro. E este primeiro acordo marco é unha boa proba diso. A EOXI da Coruña é esa punta de lanza do que infelizmente van ser as outras EOXI, que van seguir polo camiño desta EOXI.

Nós imos apoiar esta moción que hoxe presenta aquí En Marea porque é evidente que nada bo reporta para a sanidade pública este tipo de contrato xa a cara descuberta. É unha privatización xa con palabras maiores e, ademais, un fomento da baixa calidade asistencial sen ningún tipo de complexo. É unha especie de privatización dunha sanidade ao peso. Nesta licitación, por un lado, valórase o orzamento —é dicir, a baixa no orzamento— e, por outro lado, o número de prestacións. Eu xa lle preguntei o outro día ao conselleiro, e non contestou, onde está a calidade asistencial. Porque non se contempla ningún tipo de avaliación, de fiscalización, de garantía na prestación, e, dende logo, o único que se barama alí, por un lado, é o 50 % a baixa no orzamento e, por outro lado, o número de prestacións.

Claro, a pregunta pola que habería que empezar é se a sanidade pública —neste caso a EOXI da Coruña— non está en condicións de facer todo este tipo de prestacións que se lle está licitando á sanidade privada, esa sería a primeira pregunta. Ou os pasos que ten dado o Sergas para que a sanidade pública da EOXI da Coruña estea en condicións de dar estas prestacións que se licitan coa sanidade privada. E a contestación é que non ten dado ningún paso para que as poida prestar, senón que, moi ao contrario, ten dado todos os pasos para que non estea en condicións de poder prestalas, ten dado todos os pasos para que tanto instalacións como persoal non estean en condicións para poder prestalas, para poder xustificar, teoricamente, que é precisa esta licitación.

Porque, efectivamente, ¿hai algunha xustificación para que no Abente y Lago estean pechadas 25 camas? Non hai absolutamente ningunha xustificación. Non hai ningunha xustificación para que se peche toda unha planta no Materno, teoricamente para arranxar, para poñer baños, para adecuala ás necesidades e que logo nin se fagan esas obras nin se volva abrir. É dicir, non hai ningunha xustificación para que as infraestruturas públicas estean esmorecendo mentres se fai contratación coa sanidade privada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...salvo a xustificación de que esa é a folla de ruta do Partido Popular e que todos os pasos dados van no camiño de deteriorar a sanidade pública para darlle negocio á sanidade privada. Única e exclusivamente esa é a folla de ruta, co cal imos apoiar esta iniciativa. Dende logo, non imos cansar de traer a este Parlamento as veces que faga falta a denuncia da súa folla de ruta, si, señor deputado, todas e cada unha das veces que faga falta. Porque vostedes virán aquí e farán o que vostedes consideren, pero, dende logo, non vai ser nin co silencio nin co consentimento do Bloque Nacionalista Galego. Non teñan vostedes a máis mínima dúbida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Solla, que vostede fale de «matraca», co que levamos escoitado aquí nos cinco ou seis últimos anos, ¡ten valor! Despois, co tema da demagogia e do cálculo numérico que fixo dos cartos do contrato de persoal, dá a sensación de que co persoal se solventa. Unha parte dese gasto debería ser en persoal, pero hai outros gastos que vostede obvia. Pero, bueno, é igual.

Eu creo, desde logo, que non escolleu a mellor época para tentar desgastar o Goberno con este tema. Desde logo, o prego da contratación do acordo marco mediante procedemento aberto con varios adxudicatarios da prestación de servizos sanitarios na área de xestión sanitaria da Coruña non é distinto de calquera outro doutras comunidades autónomas.

E respecto do de vir falar de suposta privatización, eu voulle explicar por que non é o mellor momento para falar diso. O conselleiro compareceu no pasado pleno e creo que deu explicacións e aclarou de xeito incuestionable e incontestable este prego. Pero aclarouno na comparecencia e vostede despois interpelou. Faloulle de normativa europea, faloulle da modificación do novo texto refundido da Lei de contratos, pero iso a vostede dálle igual.

Durante a miña intervención na comparecencia, recordei a cifra de concertada que deu o director xeral na Comisión 5ª, o 2,2 %, que parece que a olvidan sempre. No propio contrato da Coruña, no propio acordo marco da Coruña, 18 millóns sobre 662, son o 2,7 % —no caso de que se chegara a gastar o cen por cento do contrato—. E se vostede suma o que hai que poñer como valor estimado do contrato, que son os 23 millóns para posibles prórrogas e modificacións, iría, como máximo, ao 3,5 %. Eu creo que con isto xa non deberíamos falar máis de privatización, pero vostedes están empeñados na entrega da sanidade que fai o Partido Popular ás empresas privadas.

Pero temos máis datos. A conselleira de Sanidade da Xunta de Andalucía —xa llelo dixen aquí— jáctase de que eles soamente é o 3,5 % o que dedican á concertada, o 60 % máis que Galicia, por exemplo, e aí non goberna o Partido Popular. Tamén recordamos no pasado pleno o contrato e a licitación por parte do Goberno de Castela-A Mancha —onde tampouco goberna o Partido Popular— do programa de cribado de cancro de colon, por 14 millóns de euros. Eu supoño que os conselleiros de Unidos-Podemos que alí gobernan —en Castela-A Mancha gobernan vostedes, señora Solla, e teñen conselleiros—, eses conselleiros dimitirían ou pedirían a dimisión, marcharían..., non sei, sacarían camisetas nos plenos, eu entendo que o farían, ¿non?

Desde logo, Galicia, xunto con Aragón, A Rioxa e Navarra, son as catro únicas comunidades autónomas que teñen este servizo, propiedade exclusiva do propio programa de cribado, e, ademais, para uso exclusivo do mesmo.

Tamén fixen ver que Galicia e o País Vasco foron as dúas únicas comunidades autónomas onde baixou o número de traballadores da sanidade privada entre os anos 2015 e 2016, que son os últimos dos que hai datos. E vostedes seguen con que aquí se incrementa a privada.

O conselleiro amosou o último informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública —tampouco sospeitosa de ter nada que ver co Partido Popular, nin moito menos—, que dicía que Galicia estaba no grupo medio no grao de privatización, e que, por certo, baixara, desde o ano 2014 ao 2018, do cuarto ao oitavo posto. Pero vostedes seguen en que estamos a privatizar.

Pero temos máis exemplos aínda: na Comunidade Valenciana, o goberno de socialistas con Compromís, apoiado por Podemos, vén de licitar o servizo de estudos diagnósticos mediante resonancia magnética. Si, señorías, licitouse a realización das resonancias desa comunidade autónoma por dous anos, e prorrogable a un terceiro. No punto 3.2 do prego de cláusulas administrativas di: *«En el cálculo del importe total estimado deberá tenerse en cuenta cualquier forma de opción eventual y las eventuales prórrogas del contrato, conforme a lo previsto en el artículo 88 del texto refundido»*.

Este presuposto para resonancias magnéticas é de máis de 15 millóns, case 16 millóns, pero o prezo estimado total é de 27 millóns de euros. É dicir, non difire moito do que é o contrato da Coruña, e, por certo, está paralizado polo Tribunal Central de Recursos porque está mal feito. A señora Oltra, vicepresidenta, dicía na páxina web de Compromís: *«Volveremos al sistema público de resonancias magnéticas ante la falta de control de la concesión»*. Está claro que non dixo a verdade, porque volveron licitalo.

Estremadura acaba de licitar o contrato de teleasistencia domiciliaria —pero, claro, aí non se privatiza, aí externalízase—. E di o conselleiro: *«O obxectivo que persegue é a permanencia no ámbito habitual da vida do destinatario, evitando o desarraigamento, asegurando a intervención inmediata en crise e mellorando a autonomía e a calidade de vida»*. Iso é externalización, iso non é privatización.

E, desde logo, non quero falar aquí do documento de listas de espera de Extremadura, no que di que a xente en lista de espera está moi ben porque os que teñen cartos van á privada, e é unha forma de que algún ao mellor se arrepinta e non se vaia operar. Iso figura nun documento da Xunta de Extremadura. (Aplausos.)

Nós estamos en contra e non imos apoiar a súa moción, porque pensamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...—remato, presidente— que a licitación de servizos concertados na área é necesaria para unha correcta asistencia sanitaria, axústase totalmente á normativa

en vigor, e temos explicado que se utiliza en todas as administracións autonómicas para temas incluso peores, como pode ser o cancro de mama.

Do resto da moción xa non falou vostede e a min tampouco me dá tempo. Creo que falaremos na próxima moción, xa que se parecen bastante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Agradezo o apoio dos grupos da oposición. Imos aceptar a emenda do PSdeG, que ademais amplía a solicitude de información, efectivamente, nunca satisfeita por parte do Grupo Parlamentario Popular.

A min de pequena gustábame un programa de José Antonio Labordeta, que era *Un país en la mochila*. E o voceiro do Partido Popular acaba de dar todo un percorrido por España á busca de contratos cos que poder comparar a privatización dos servizos sanitarios na Coruña, pero non tivo nin un segundo para falar dos pregos de cláusulas administrativas. ¡Unha mágoa! Non se preocupe, voltaremos satisfacer a súa necesidade de poder ter tempo para discutir este aspecto, e voltaremos traer esta e outras iniciativas ao Pleno.

A realidade é que vostede non fixo referencia absolutamente a nada. E a min paréceme unha situación moi grave, a verdade, moi grave. A realidade é que, sobre o papel, o que temos é un negocio redondo para a privada, un negocio redondo. E non é ningún tipo de demagogia. Vostede pode dividir eses 97,5 millóns incluso en catro —xa llo dixen, por se vostedes cren que non é xusto comparalo cunha soa anualidade—, e aínda así dá o 18 % do que se gasta en persoal sanitario. ¿Que demagogia é esa? Son números. Creo que aí —e tendo os pregos publicados— non contradirá vostede o que din os pregos, os importes que di a súa Consellería de Sanidade. Pero, claro, non hai ningún tipo de xustificación.

Entón, eu pensaba, a verdade, que, coa súa intervención e o mal que lle parecían esas privatizacións noutras comunidades autónomas, vostedes ían apoiar esta moción. Porque é unha moción que, ademais, efectivamente, solicita outros puntos que non son baladís, como é, evidentemente, que se dote especificamente a atención especializada pero tamén a primaria do Servizo Galego de Saúde, en concreto na área da Coruña, de profesionais públicos. Non podemos entender —e repito que nos parece indecente— que se poida asinar un contrato coa privada tendo plantas enteiras —insisto— pechadas na pública. Non é normal, non é aceptable. Temos unha enteira no Abente y Lago, temos outra enteira no Materno. E temos, de maneira habitual, máis camas pechadas. ¡Como se pode contratar! Non son poucos os servizos. Está no anexo. Son un montón de intervencións, de cirurxía xeral, traumatoloxía, consultas de todo tipo. Non son poucos os servizos. A vostedes parécelle escaso ese importe. Seguramente están acostumados a manexar cantidades máis grandes de cartos. A

nós non, a nós non nos parece pouco, e a privatización, dende logo, parécenos unha vergoña.

Dende logo, que se pida aquí que se cumpra co Regulamento do Parlamento e se conteste ás peticións ao abeiro do artigo 9 das listas de espera non estruturais e que vostedes voten en contra é, pois, xa o habitual. Pero, dende logo, a nós parécenos unha indecencia. E vostede permitíase agora a licenza de falar das listas de agarda de Estremadura. ¡Pero é que vostedes nin sequera as publican! ¡Vostedes nin sequera as publican! E hoxe van votar en contra da iniciativa.

Eu pregaríalles que, polo menos, tivesen un pouco de vergoña. Porque, polo menos, os demais si que temos vergoña allea cando escoitamos facer *Un país en la mochila* e non temos nin capacidade de analizar os contratos de privatización do noso Servizo Galego de Saúde.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o punto 3 polo seguinte:

«3º Que se adopten aquelas medidas necesarias co obxecto de acadar un gran Pacto de Estado en defensa das pensións públicas, contando cos axentes sociais, movementos sociais en defensa das pensións e sindicatos representativos, un acordo social e político sobre un índice de revalorización das pensións que garanta o poder adquisitivo para o futuro e que se introduzan novos mecanismos que permitan o mantemento do sistema público de pensións.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 29398

Emenda de substitución.

Substituír o texto do punto 3º polo seguinte:

«3º) Que proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real decreto lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro

de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real decreto lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real decreto lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real decreto lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.»

Emenda de adición

Engadir un novo punto 4º co seguinte texto:

«4º) Que proceda á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación de emprego de calidade como mellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados. Boas tardes tamén aos nosos convidados hoxe aquí.

As pensións públicas para os homes e as mulleres neste país, para todos os homes e todas as mulleres deste país, son unha das grandes obras do Partido Socialista, unha das grandes obras da que eu me sinto orgullosa (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), da que eu me sinto orgullosa, señor Puy. Saia vostede aquí e demostre que non é así.

Hoxe os socialistas traemos unha moción que vai ser debatida neste Parlamento. E, polo tanto, cada un dos grupos parlamentarios vai ter a oportunidade de retratarse. E vostedes tamén, os do Partido Popular, e de demostrar aquí nesta tribuna cal é a súa ideoloxía sobre un dos piares básicos do Estado do benestar, sobre as pensións públicas.

As pensións públicas en Galicia percíbenas 761.100 persoas —datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, datos de marzo de 2018—. A pensión media galega non chega a 790 euros. É dicir, a media da pensión galega é 144 euros menor que a media da pensión de España. E Galicia ocupa o número 18 de 19 —entre as que se inclúen todas as comunidades autónomas e Ceuta e Melilla— no importe da pensión media. Só está por detrás Extremadura.

Con estes datos, é dicir, con 790 euros de media, os pensionistas e as pensionistas galegas axudaron ás súas familias nos momentos en que a crise azoutaba máis duramente; con 790 euros que serviron para fillos, para pais, para netos e para evitar a exclusión social de moitas familias.

O propio Defensor do Pobo, na memoria do 2017, destaca o papel transcendental do sistema de pensións durante os anos da crise. Así, señores e señoras do Partido Popular, mentres o Goberno do Estado, do Partido Popular, e o Goberno da Xunta de Galicia, do Partido Popular, só se preocupaban de cadrar contas, non se preocupaban de atender as persoas que peor o estaban pasando, non se preocupaban de evitar que en Galicia, de 2009 a 2017, en oito anos, perderamos máis de 85.000 persoas, non se preocuparon en evitar que os fogares con todos os seus membros no paro se incrementaran en 16.300. E non se preocuparon tampouco de evitar que os fogares galegos sen ingresos se incrementaran en 15.200, sendo en moitos casos os pensionistas do noso país, con eses 790 euros de media, os que evitaron que esas persoas que vivían neses fogares sen ingresos quedasen na rúa e non fosen excluídas nin económica nin socialmente.

O PP, durante a crise, en lugar de apuntalar o sistema de benestar, acometeu unha serie de reformas regresivas que atentaron directamente contra a dignidade das persoas. Aprobaron o Real decreto lei 16/2012, de copago farmacéutico. Polo tanto, rebaixaron, no mellor dos casos, 8 euros ese poder adquisitivo dos e das pensionistas de Galicia. Aprobaron continuos decretos lei polos que eliminaron medicamentos do Catálogo farmacéutico da Seguridade Social, pasando a pagar o custo íntegro dese medicamento. Polo tanto, estas mermas nalgún caso supuxeron que houbera persoas que tiveran que plantexarse a escolla entre comer ou mercar medicamentos. ¿Iso tamén é mentira?

Aprobaron o Real decreto lei 5/2013, endurecendo as condicións de acceso á xubilación, e, xa para remate, unha aprobación unilateral da Lei 23/2013, reforma reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema público de pensións da Seguridade Social; unha lei que aproban sen consenso, sen respectar os acordos acadados no ano 1995 polo Pacto de Toledo, que foi aprobado pola unanimidade de practicamente todos os grupos políticos e co voto favorable do Partido Popular. Aprobán, coma sempre, para despois non cumprir. *(Aplausos.)*

O Pacto de Toledo xa no seu prólogo establece que o sistema de Seguridade Social ten que acordarse dentro dun contexto de diálogo e de busca do máis amplo posible consenso; un acordo de excluír a loita partidista co fin de garantir a súa eficacia e a súa perdurabilidade. É unha adecuación permanente do sistema de protección á realidade sobre a que actúa.

No seo da Comisión do Pacto de Toledo establecéronse 21 recomendacións, e simplemente vou destacar as máis importantes: separación e clarificación das fontes de financiamento, mantemento do poder adquisitivo e mellora das pensións, creación do fondo de reserva da Seguridade Social e reforzo do principio de contributividade como elemento básico para a preservación do equilibrio financeiro do sistema.

Este sistema permitiu que o Fondo de Reserva da Seguridade Social durante os sete anos do presidente José Luis Rodríguez Zapatero —presidente socialista— se incrementara en sete anos ata acadar 66.815 millóns de euros. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa unha gráfica.)* Pero nos cinco anos do Goberno do señor Mariano Rajoy redúcese en case 59.000 millóns de euros, deixándonos na actualidade en 8.095 millóns de euros. *(Murmurios.)* Eses son os seus datos, ese é o seu saldo.

O Partido Popular concibe as pensións como un gasto, non as concibe como un dereito; non ve un dereito nas pensións públicas. Vostedes saben que o equilibrio financeiro das pensións, ingresos e gastos vén, por unha banda, polos ingresos, as cotizacións, e, por outro lado, están os gastos, que son as pensións. Polo tanto, o reequilibrio pode vir pola redución dos gastos ou polo incremento dos ingresos. O Partido Popular sempre axusta polo recorte, polo lado dos gastos; é dicir, polo recorte das pensións. A vostedes non lles preocupa o empobrecemento dos pensionistas e non lles importa a perda progresiva do poder adquisitivo dos pensionistas. Xa que logo, o déficit da Seguridade Social 2011-2017 increméntase en case 18.000 millóns de euros, (*A señora Rodríguez Rumbo amosa outra gráfica.*) e vén provocado fundamentalmente pola precarización das condicións do emprego aprobadas polo Partido Popular, aprobadas polo PP, unha diminución acusada nos ingresos da Seguridade Social polo lado das cotizacións, a conxelación do salario mínimo —co cal, trasládase ás bases mínimas de cotización—, pola redución dos salarios provocados pola reforma do mercado laboral do ano 2012 —polo tanto, unha incidencia directa tamén nas bases de cotización—, polo establecemento de tarifas planas ou pola redución nas cotizacións sociais e outras medidas de minoración de ingresos que foron asumidas exclusivamente pola Seguridade Social. E foron estas e non outras as políticas que xeraron a inestabilidade do sistema. Tamén por un insuficiente incremento —que xa dicía antes—, posto que o Fondo de Reserva practicamente *se lo cargaron* ata rebaixalo en case 59.000 millóns de euros. A tradución destas políticas é que a día de hoxe aínda que se incremente o número de cotizantes nun 1 %, os ingresos por cotización están por debaixo; é dicir, aínda nun 1,6 % menos. Algo terá que ver a tipoloxía do traballo que se está creando grazas ás políticas do Partido Popular.

Miren, o incremento no número da contía das reducións da cotización foi asumido directamente polo orzamento da Seguridade Social e non polos presupostos do Estado. Vostedes saben que esta lei conleva a que a contía das pensións que se xeren a partir de 2019 vaia diminuír, vaia afectar o sistema de revalorización, establecendo unha modalidade de actualización das contías que impón unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento. Saben perfectamente que no artigo 7, onde se modifica a revalorización das pensións, se desvincula dos prezos, o que supón que en escenarios de inflación positiva a perda dese poder adquisitivo vai estar asegurado. Aproban un factor de sostibilidade dun 0,25, que vai supoñer que cunha inflación do 2 % —un obxectivo fixado non polos socialistas senón polo Banco Central Europeo— os pensionistas en dez anos perderán un 17,5 % e en vinte anos perderán un 30 %.

A realidade é que cando vostedes falan de conxelación das pensións por parte dos socialistas —voulles dar datos, datos que están publicados no Ministerio de Traballo e Seguridade Social—, dígolles: pensión mínima de xubilación sen cónxuxe a cargo, pensión de viuvez para maiores de 65 anos ou menores con discapacidade, pensións de seguro obrigatorio de vellez e invalidez...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e pensións non contributivas —remato xa, señor presidente— esas pensións non se viron conxeladas durante a época en que gobernamos os socialistas, co Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, (*Murmurios.*) mentres que a pensión

mínima de xubilación con cónxuxe a cargo durante os sete anos de Rodríguez Zapatero se incrementou en 257,11 euros máis ao mes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Sete anos! En sete anos con Mariano Rajoy incrementáronse en 46,90 euros; é dicir, menos da quinta parte. Esta é a realidade e estes son os datos. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa unha gráfica.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Eu voulle deixar o mérito da existencia das pensións á clase obreira en exclusiva, *(Aplausos.)* sen quitarlles mérito a todos os homes e mulleres tamén do Partido Socialista que loitaron por elas.

Ben, brincadeiras á parte, durante os últimos meses, vimos como as e os nosos maiores están unha vez máis a pé de rúa dándonos unha lección de dignidade, de mobilización e da súa capacidade de resposta, e, sen dúbida, as xeracións máis novas temos moito que aprender delas, como no seu día das e dos emigrantes retornados.

Como dicía, teñen enchido as rúas do noso país en defensa dunhas pensións dignas, e seguramente nese desexo, nesa rabia que se canalizou a través destas mobilizacións, unha das gotas que colmou o vaso foi que coa chegada do presente 2018 viran como, pese á suba global do nivel de vida, pese a que, por exemplo, o nivel dos orzamentos e a recadación teñen aumentado, vían como as súas pensións se incrementaban nunha mísera porcentaxe.

Recolle neste sentido o Partido Socialista nos seus puntos 1 e 2 a derogación do factor de sostibilidade e a necesidade de reivindicar o incremento das pensións públicas acorde coas previsións de IPC de introducir factores correctores. Nós concordamos nestas dúas cuestións. E, de forma máis concreta, queremos aproveitar tamén esta intervención para alertar de algo no que xa levamos tempo insistindo, que é que a aplicación cara ao 2019 dese factor de sostibilidade suporá un novo recortazo ás pensións e, polo tanto, un incremento da emerxencia social, non só neste sector da poboación, senón que tamén, cando estamos a falar das e dos nosos pensionistas —desafortunadamente, vendo o tecido económico laboral que hai no noso país—, estamos falando de moito máis, de familias enteiras que, desafortunadamente, dependen das pensións dos nosos maiores, que sosteñen moitos fogares por culpa das políticas lesivas do Partido Popular, que aproveitou a crise económica para consolidar recortes e para consolidar perdas de dereitos e pasos a atrás.

É obvio que o poder adquisitivo das pensións ten diminuído nos últimos anos, e este é o camiño que teñen predestinado para elas. Neste sentido, expertos economistas calculan que, habendo unha depreciación progresiva das pensións, no 2050 situaríanse entre un 30 % e un 40 % de perda do seu valor, algo que non só é inxusto, senón que é absolutamente insostíbel para calquera sociedade.

Porén, desde o BNG queremos insistir hoxe tamén nunha cuestión que nos parece relevante, sen quitarlle importancia a ese factor de sostibilidade, sen quitarlle, por suposto, a preocupación sobre a non asociación ao IPC e esas referencias; sen restarlle importancia —como digo— a estas cuestións. Nós entendemos que hai que facer unha reflexión máis profunda, que nesta batalla estamos xogándonos moitísimo máis e que, de feito, o propio Partido Popular está aproveitando esta cuestión para situar a discusión única e exclusivamente na suba do IPC e na cuestión dos orzamentos do Estado, e de forma absolutamente interesada. Eu recordo que esta mesma fin de semana un voceiro estatal do Partido Popular saía nun telexornal comentando que o que deberían estar facendo as e os pensionistas é manifestarse para agradecer ao Goberno o que aparece recollido no proxecto de orzamentos de 2018, o cal xa é unha absoluta perversión e a falta da máis mínima vergonza.

Nós queremos alertar de que temos que poñer tamén o foco na cuestión de fondo, na cuestión de que tipo de traballo temos no noso país e que tipo de empregos. E, efectivamente, a mellor defensa do sistema público de pensións pasa pola recuperación dos dereitos que foron roubados á clase traballadora coa coartada da crise. E para iso nós presentamos unha emenda de substitución ao apartado terceiro que propón derrogar, para comezar, as reformas laborais, as do Partido Popular e sentimos dicir que tamén as do Partido Socialista, que para nós é tamén un paso adiante na devaluación das condicións da clase traballadora, e que despois acabou de rematar o Goberno do Partido Popular.

Neste sentido, recollemos nese punto terceiro unha serie de reformas e contrarreformas laborais que para o noso punto de vista deberan ser derogadas como o primeiro paso para mudar esta situación. E tamén nun segundo punto insistimos en que se debe aprobar unha nova lexislación laboral e social que restituía non só os dereitos perdidos, senón que dea cobertura ás novas necesidades que deixou esta crise económica diante das consecuencias salvaxes que nos regalou. Este aspecto para nós é fundamental e sen el todos os complementarios que temos que introducir a respecto das cuestións das pensións —que xa non me dá tempo de relatar— pois serán insuficientes e serán un simple parche.

Polo tanto, independentemente de que o Grupo Socialista acepte esta emenda ou non, daremos o noso favorable a esta iniciativa porque entendemos que é o momento de ir máis alá e de situar tamén o primeiro plano do discurso en que non nos vale só derrogar o factor de sostibilidade, en que non nos vale só acometer a cuestión...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...da revalorización das pensións, senón que queremos moito máis e que o queremos xa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Vázquez Veroa.

A señora VÁZQUEZ VERA: Case perdemos a conta das veces que falamos neste Parlamento sobre pensións, e isto non quere dicir nada pexorativo. Nós máis que seguiremos falando, e farémolo porque a batalla das pensións é unha loita entre a xente do común e os grandes poderes financeiros internacionais. E o Partido Popular xa se retractou —pedíalle a señora Rumbo que se retractaran— cando en 2013 decidiu reformar o sistema de pensións condenando as pensionistas a un presente xa, pero sobre todo a un futuro de miseria.

Dicía o señor Tellado no debate da mañá sobre o noso proxecto de lei —que tamén pedía derrogar as contrarreformas das pensións— que miramos ao futuro, e, efectivamente, iso facemos. E por iso para nós é necesario e urxente derrogar esta contrarreforma das pensións. Polo tanto, estamos totalmente de acordo coa moción que presenta hoxe o Partido Socialista. E, de feito, nós mesmas presentamos unha moción no mesmo sentido no pasado pleno, e hoxe mesmo tamén un proxecto de lei que, lamentablemente, bateu contra o muro do Partido Popular, xordo ás reivindicacións sociais de pensións dignas, que son reivindicacións, por certo, respaldadas por un marco legal que non fan máis que conculcar a distintos niveis. Xa llelo dixemos no pasado pleno, son constitucionalistas a tempo parcial, porque avogaron pola vía da práctica múltiples artigos da Constitución e, entre eles, o famoso artigo 50, relativo a pensións dignas. Polo tanto, nós por iso lles dicimos que se reivindican como patriotas do 155, pero, en realidade, o que son é vende patrias do 135.

E fronte a ese modelo da chamada austeridade, do recorte social, hai contestación social. É evidente, é insoslayable, é imposible que non haxa contestación social co nivel de precariedade ao que nos conduciu a crise. Hai milleiros de pensionistas na rúa, milleiros de pensionistas que loitan contra esta imposición da mal chamada austeridade e loitas, por certo, que comparten con persoas como o persoal do Hospital de Monforte, que hoxe está en folga contra esa mesma lóxica; lóxica que pon por diante cumprir con ese famoso obxectivo do déficit, antes que a lóxica de poñer por diante o ben común. E contra iso nós apoiamos, por suposto, a derogación do factor de sostibilidade e o factor de actualización, porque, como lle dicimos, ademais de antisociais, son anticonstitucionais, como xa lle ten sinalado o señor Lago no debate desta mañá.

En primeiro lugar, o novo factor de revalorización que supón desligar a actualización das pensións da evolución da inflación vai en contra, xa llelo dixemos no pasado pleno, do artigo 50 da Constitución española, porque non actualizar as pensións segundo se encarece o custo da vida impide a famosa suficiencia económica.

Ten efectos retroactivos, porque as pensións causadas con anterioridade á reforma se verán afectadas, xerando unha total indefensión e vulnerando tamén o principio constitucional de irretroactividade das leis. Van en contra do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que considera que o factor, o elemento de revalorización, forma parte do cálculo da contía da pen-

sión. Se o cambian, están xerando indefensión. É opaco e —isto dixémosllo numerosas veces— é contrario tamén á normativa social internacional. É dicir, son antisociais e son tamén anticonstitucionais e van en contra de numerosas normativas sociais.

En canto ao factor de sostibilidade, o feito de adiantalo ao 1 de xaneiro de 2019 curiosamente está tendo —curiosamente non, é lóxico que o faga— un factor de chamada cara á xubilación anticipada; co cal, o seu argumento de que se reducirá o gasto en pensións, non é tal porque este efecto chamada está aumentando o gasto en pensións. E este factor de sostibilidade vai provocar unha redución importantísima da pensión inicial en comparación co último salario. Teñen fixado cálculos sindicais que chegaría á caída dun 15 % en vinte anos.

Así pois, nós consideramos que o Goberno galego do Partido Popular por extensión asiste impasible a un recorte para máis das 760.000 persoas pensionistas galegas, que, como en numerosas ocasións temos comentado, son das máis desfavorecidas do Estado, un 62 % das pensións no limiar da pobreza, e cumprindo, ademais, unha función de renda contra a pobreza, ese terzo de fogares galegos que teñen como sostén unha pensión neste tempo de crise; estívose aínda axudando a todas esas persoas que perderon o emprego. Quedaralles no seu haber se permiten que en vinte e cinco anos un millón de persoas pensionistas sufran un 40 % do poder adquisitivo.

Polo tanto, apoiamos totalmente esta moción. Presentamos unha emenda no sentido de remarcar que a defensa do sistema público de pensións debe facerse en xenérico e que non debemos caer na tentación de pensar que é inviable o sistema público de pensións. Por iso, a nosa emenda trata de remarcar isto: as pensións son un dereito, deben estar cubertas polo Estado do benestar, ese estado que cada vez se empeñan máis en recortar. Que as pensións son viables demostrouno un propio estudo do Ministerio de Emprego que esta mañá lles sinalou o señor Lago, e que di que, aínda incrementando as pensións o mesmo que o IPC, o gasto en pensións só aumentaría un punto do PIB en trece anos ¡un punto do PIB! O gasto en pensións no Estado español está en 10,8 % do PIB, cando na eurozona é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERA: ...é do 16,6 %.

Así que, polo tanto, defensa do sistema público de pensións e derogación das reformas antisociais e ademais ilegais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que me olvidei pola mañá. Quixera felicitar o señor Leiceaga, novo líder da oposición, cos seus 14 deputados, vendo a deriva das Mareas...; *(Aplausos.)* 13 e baixando.

Señora Vázquez Verao, xa falamos esta mañá do asunto. Nós queremos subir as pensións cando se aproben os orzamentos xerais do Estado para este ano, dentro dun mes, e vostedes o que propoñen neste pleno é que subamos as pensións dentro de dous anos, cando esa proposición de lei que traían se debata no Congreso dos Deputados. Nós queremos subir as pensións neste mesmo mes, canto antes se poidan aprobar.

Señora Rodríguez Rumbo, xa ninguén defende a Zapatero, e a verdade é que teño que recoñecerlle o seu mérito, e teño que recoñecer a graza que ten. Non falou da iniciativa que propón. Supoño que non é casual que non falara de cada un dos puntos que propón, pero eu si que quixera falar deles.

Eu sinto augarlle a festa porque o sistema nacional de pensións do noso país arranca no ano 1963, (*Murmurios.*) *Ley de bases de la Seguridad Social*. No ano 1966 apróbase a continuación a *Ley general de la Seguridad Social*, que establece un sistema único, general y de reparto. Non sei se xa gobernaban os seus compañeiros, pero daquela foi cando se creou este modelo; (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) un modelo, por certo, estendido polos gobernos democráticos do noso país nos últimos corenta anos, por todos os gobernos —por todos os gobernos—, e grazas ao esforzo de todos. Porque, señora Rodríguez Rumbo, as pensións non as pagan os gobernos. Vostede cre que as pensións son un regalo socialista. Non, non, as pensións non as pagan os gobernos, as pensións páganas os cotizantes, os traballadores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Mire, señora Rodríguez Rumbo, a súa postura é completamente inconsistente. O PSOE foi, é e seguirá sendo o inimigo público número 1 do emprego do noso país. Mire, na última lexislatura, na que gobernaron vostedes, duplicaron o paro en España, pasamos de dous millóns e medio de parados a cinco millóns de parados. (*Murmurios.*) Esa é a realidade, ese é o seu legado, do que vostede se sente tan orgullosa. Quebraron a economía do noso país, ¡quebraron a economía do noso país! O PSOE foi quen retrasou a idade de xubilación aos 67 anos, señora Rodríguez Rumbo; o PSOE foi o que conxelou as pensións por primeira vez na historia do noso país; o PSOE, o seu partido. (*Murmurios.*)

Mire, pide na súa iniciativa que eliminemos o factor de sostibilidade, do que xa falamos esta mañá. Entendo que vostede non está preocupada pola viabilidade do noso sistema de pensións, non está preocupada pola sostibilidade do sistema de pensións; é que non falou diso para nada. Non, non, aos socialistas non lles preocupa esta cuestión, non lles preocupa para nada, dálles igual que o sistema quebre. ¿E saben por que? Porque é que case o conseguen unha vez e, polo tanto, impórtalles moi pouco o que poida pasar co sistema.

Vostedes están no curtopracismo de dicirlle á xente o que a xente quere escoitar, e o que precisa este país é gobernantes serios responsables, pero entendo que iso é completamente contradictorio con pertencer ao Partido Socialista Obreiro e cada vez menos español. (*Aplausos.*)

Mire, nós imos seguir defendendo o índice de revalorización que garante que as pensións suban sempre, que suban sempre entre un 0,25 % de mínimo e o IPC máis 1,5 % de máximo. Ese é o índice de revalorización. Vostede queda co mínimo; non, non, é que hai un mínimo e un máximo. Ben, a vostede dálle igual.

Mire, nós é o que estamos a defender. Vostedes quéreno derrogar. ¿E sabe que nos diferenza? Miren, vostedes conxelaron as pensións e nós subimos sempre as pensións. E agora máis, se aprobamos os orzamentos xerais do Estado; agora máis. Dentro dun mes teñen a oportunidade de contribuír co seu voto para que suban as pensións.

Mire, logo sorprende o segundo punto da súa iniciativa. Propoñen unha subida do 1,6 % das pensións para este ano 2018, acorde co IPC. ¿Pero non se dá conta de que a proposta que presentou o Goberno de Mariano Rajoy propón subir as pensións entre un 1 % e un 3 %? ¿Señora Rodríguez Rumbo, non é verdade que o 3 % é máis que o 1,6 %? É que, mire, vostedes chegan tarde; chegan tarde e aínda encima rácanos. Esa é a realidade do Partido Socialista. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Tarde, e por riba rácanos; rácanos, señora Rodríguez Rumbo.

Mire, fálanos do Fondo de Reserva —por certo, creado por un goberno do Partido Popular; ano 2000, Partido Popular—. Claro que usamos o Fondo de Reserva, pero, ¿sabe para que? Para garantir as pensións, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para pagar as pensións. ¿E sabe por que? Porque vostedes desequilibraron o sistema, porque os ingresos e os gastos se desequilibraron porque vostedes mandaron ao paro a 3.800.000 traballadores, 3.800.000 cotizantes do sistema da Seguridade Social.

Señora Rodríguez Rumbo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...non xogue coa intelixencia dos galegos e das galegas. ¿Queren subir as pensións dos galegos e das galegas? Apoien os orzamentos xerais do Estado. O demais, bombas de palenque, que é ao que se adica o Partido Socialista, ese partido acomplezado, coas Mareas de Podemos, coas súas confluencias, coas súas diverxencias, con todo o que acontece nesa bancada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, nós imos seguir traballando para blindar o sistema nacional de pensións, fixémoslo sempre e imos seguir facéndoo, imos subir as pensións entre un 1 % e un 3 %; imos subir máis as máis baixas. ¿E vostedes que van facer? Votar en contra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, leccións, señora Rodríguez Rumbo, creo que este non é lugar e este, dende logo, non é o partido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, en previsión da súa intervención, que tamén é bastante previsible sempre, tráíolle unha copia do BOE do 22 de decembro de 1990: Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establece *La Seguridad Social, prestaciones no contributivas*. Felipe González Márquez. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Puede reírse, puede reírse. Tome, señor presidente, para que llo pase ao seu grupo.

Mire, ben, vou seguir coa miña intervención. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Está a señora Rodríguez Rumbo intervindo. Prégolles a todos os deputados, aos do seu grupo e aos outros... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Por favor! ¡Por favor, señor Losada! ¡Silencio! (*Murmurios.*) Silencio, que está intervindo unha deputada; a todos. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitas grazas.

Señor Tellado, nótaselle moi nervioso, parece que as enquisas non lles dan moi bos...

En primeiro lugar, señora Noa Presas, nós estamos de acordo totalmente en que en realidade é o pobo sempre o que reivindica as súas melloras, as melloras sociais, e en que, grazas a iso, se acadan. Pero teño que recordarlle —e vostede sábeo perfectamente— que para poder aprobalas e para aplicalas hai que gobernar, e cando gobernan os socialistas apróbanse (*Aplausos.*) e aplícanse, e cando goberna o Partido Popular, rin e aproban leis degradantes. En fin...

Grazas, señora Vázquez. O retrato, tal como vostede dicía e como eu dicía ao principio, xa está feito. Ben sabemos quen defende as pensións públicas e quen non as defende. E aquí hoxe os nosos invitados, os sindicatos de clase, UGT, Comisións Obreiras e os da Asociación de pensionistas de Modépén, tamén poden comprobar *in situ* como se retrata cada un dos grupos políticos nesta Cámara.

E mire, señor Tellado, vostede falaba dos regalos das pensións. ¿Como se lle ocorre falar diso? Non, non, non, en ningún momento falei de regalo. Falo de dereitos, ¡de dereitos! (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista, que mentres vostedes falan de darlles dádivas, regalos, beneficencia —beneficencia, que iso é o que vostedes defenden—, nós defendemos dereitos, ¡dereitos! (*Murmurios.*)

E mire, dime vostede que estamos acompleados. ¿Acompleados de que? Reivindico aquí todas as melloras acadadas polo Partido Socialista; reivindícoas aquí e en calquera parte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Orgullosísima, señor Tellado! ¡Or-gu-llo-sí-si-ma!

Miren, vostedes pretenden que o PSOE vote a favor no Congreso dos Deputados dos orzamentos 2018 coa excusa de que van favorecer os pensionistas deste país. Ben, é que realmente ver simplemente o señor Rafael Hernando, o voceiro no Congreso dos Deputados, sen

ruborizarse, cunha soberbia e..., ben, sen cualificativos, dicir que os pensionistas teñen que saír á rúa aplaudir o Goberno por subirlles máis do que estaban pedindo... ¿Pero vostedes cren de verdade que os pensionistas e as pensionistas deste país son parvos? (*Murmurios.*) ¿Que cren vostedes? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Pretenden vostedes que apoiemos un parche para seis meses, un parche que non garante a estabilidade nin a continuidade do sistema e que non garante o poder adquisitivo dos pensionistas? Miren, como o tempo que teño é pouco, simplemente lle vou facer unha simulación. Inicio da xubilación, 67 anos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...cunha pensión media de 1.000 euros, diferencial dun 0,25 % e un IPC do 2 % —recordo que é o que di o Banco Central Europeo— e catorce pagas anuais. Co que vostedes defenden coa aprobación da súa lei, en 75 anos, ou sexa, aos 75 anos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...un pensionista cunha pensión de 1.000 euros mensuais ten perdidos 10.000 euros, 10.000, e aos 85 anos ten perdidos máis de 37.000 euros. E xa non poñemos o impacto que sería a compra mensual e o custo dos medicamentos, que con 85 anos lle quedarían... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate xa, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Esa é a realidade do que vostede aproba. Aquí o ten (*A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento*), e pódollo entregar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte moción. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor, que, se non, non sabemos onde estamos debatendo.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado don Aurelio Núñez Centeno, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar ás urxencias dos centros hospitalarios do Sergas dos medios materiais e humanos necesarios para a correcta atención das persoas usuarias e dos reforzos precisos de persoal en circunstancias de incremento da demanda de acordo cos respectivos plans de continxencia.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todas e a todos.

Durante a interpelación que lle fixemos ao conselleiro de Sanidade no anterior pleno quedou perfectamente clara a falta de vontade de dar solucións aos problemas dos servizos de urxencias, quedou clara a falta de interese total por abordar os problemas estruturais dos servizos de urxencias, quedou clara ningunha vontade por escoitar nin por dialogar co persoal. Evidencia que volveu deixar de manifesto onte nunha reunión, teoricamente pública, no salón de actos do Hospital Meixoeiro, convocada ao persoal de atención primaria, onde dicía: «Prezados amigos/amigas, o conselleiro e o seu equipo teñen iniciada unha xira polas distintas áreas sanitarias orientada a ter contacto directo cos profesionais da atención primaria e poder, por tanto, escoitar de primeira man as vosas opinións, visións e necesidades.» Ben, faltoulle poñer: «sempre que sexan favorables», claro. E dicía que no caso de Vigo a data sinalada para esta reunión será o vindeiro 23 de abril e será no salón de actos do Meixoeiro.

Ben, pois profesionais da atención primaria personáronse alí, porque estas cartas (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) en moitos casos estaban colgadas nos taboleiros de anuncios, porque poñía «profesionais de atención primaria». E desprazáronse ata alí e foron convidados a abandonar o salón de actos, porque parece ser que distorsionaban a reunión, e abandonaban o salón de actos ou suspendíase a reunión.

Este é o talante, a disposición do conselleiro, do seu equipo, do xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo (*Aplausos.*), do señor Félix Rubial, de atender as reclamacións do persoal do Servizo Galego de Saúde. Mostrouno aquí. Non contesta as preguntas que lle formulamos aquí en sede parlamentaria a respecto das necesidades do persoal, non se reúne co persoal, e cando o persoal acode ás convocatorias públicas teoricamente para escoitar de primeira man as opinións, visións e necesidades —repito: sempre que sexan favorables; se non son favorables, se son para trasladarlle a realidade do persoal, a realidade neste caso que querían trasladarlle os profesionais dos puntos de atención continuada—, nese caso, non son benvidos e non se lles quere escoitar a súa realidade, e entón teñen que abandonar as reunións, porque só parece ser que se quere escoitar as cuestións favorables.

Ben, pois un persoal que está a dar a cara, a facer o seu traballo o mellor posible, nunha situación límite, con moitas dificultades para desempeñar axeitadamente o seu traballo, dificultades que non garanten nin a calidade asistencial nin a súa seguridade xurídica, profesionais que están xogando o seu prestixio profesional na máis absoluta das inseguri-

dades xurídicas, profesionais que están prestando os seus servizos nunha precariedade que vai en aumento, e ese aumento é proporcional ao descenso da calidade asistencial.

Unha situación que veñen denunciando xa non desde hai semanas nin desde hai meses, senón desde hai anos: falta de material, falta de recursos, falta de persoal, moitos dos servizos de urxencias están nunha situación extrema, e veñen denunciando esa situación, no HULA, que hai uns días denunciaban as dificultades que pasa o persoal de urxencias para o desempeño adecuado do seu traballo, xa que en moitas ocasións a situación é límite.

No CHUS —que denunciámos no pleno pasado— a situación está a ser insostible, tanto desde o punto de vista laboral como asistencial.

No CHUOU din que a situación caótica de Urxencias se repite un día si e outro tamén, porque, lonxe de ser días puntuais, este colapso prodúcese puntualmente todos os días e por riba racionando a dotación efectiva de persoal para atender os doentes, que ao parecer só importan os días —importan todos os días aos traballadores— aos dirixentes en épocas electorais.

No CHUAC levaron a situación ao xulgado de garda —que tamén xa denunciarei nesta tribuna—, onde din que os pacientes que acoden ao Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña están a permanecer durante horas amoreados nos pasillos de Urxencias. Os pacientes están sendo atendidos por uns profesionais ao límite da súa capacidade física e mental.

Podíamos seguir facendo referencia ao CHOP, podíamos facer referencia ao Hospital do Salnés, podíamos facer referencia ás Urxencias de Monforte, que están hoxe en folga. Podíamos seguir por todos os servizos hospitalarios do Sergas, que a situación sería similar. Uns servizos de urxencias que atenden unhas medias de doentes diarias moi altas, con doentes cada vez de maior idade, de maior pluripatoloxía, e todo mentres se ten por consigna o non ingreso ou, cando menos, mínimo.

As cirurxías son cada vez máis ambulatorias, pechan camas, aumentan as listas de espera, aumentan o número de doentes oncolóxicos, precarízase a atención primaria, danse situacións como a que denuncia unha persoa na rede, que di: «A situación da sanidade en Galiza, a situación desta mesma mañá, un día de abril, deste mes de abril, nun centro de saúde de Compostela, na que a pediatra solicita un parte de interconsulta no Servizo de Otorrinolaringoloxía para o meu fillo pequeno, coa indicación de que o vexan canto antes. Tras dirixirme á administrativa para pedir a primeira cita dispoñible, a data que me ofrecen é o 14 de xaneiro do ano 2019». Está aquí a cita: *(A señora Prado Cores mostra un documento)* 14 de xaneiro do ano 2019, para un neno pequeno. ¿Que pasa con este neno para o que lle pide o seu pediatra unha cita o antes posible? Cando se sente mal, ¿que vai facer? Ir a urxencias hospitalarias, evidentemente.

Ou igual que denuncian os doentes de Oncoloxía tamén do CHUS, de Santiago, que denuncian que esperan ata moi entrada a tarde cun bocadillo e un iogur a que lles poñan o tratamento de quimioterapia por falta de persoal, por falta de medios. ¿Que pasa cando estes doentes se desestabilizan? ¿Onde acaban? Nos servizos de urxencias.

¿Que quero dicir con toda esta relación de situacións? Que estamos diante dun problema estrutural. Non nos imos cansar de denunciar no Bloque Nacionalista Galego que estamos diante dun problema estrutural, que non se soluciona con parches.

E por iso a moción que hoxe presentamos ten dous puntos referidos a solucións puntuais, que é presentar na maior brevidade posible un informe coas medidas de planificación e reforzos para atender eses picos, que cada vez son menos, que cada vez os picos son menos, porque a situación en urxencias é permanente. Falemos cos profesionais que falemos, nos servizos que urxencias que falemos, todos nos din que agora xa non se trata de picos, senón que a situación é permanente, porque os recortes en profesionais e en medios ten como consecuencia que xa non valen reforzos puntuais.

Señores deputados do Partido Popular, señoras e señores deputados, non chega cun reforzo puntual, porque a situación é permanente, co cal é necesario. Nalgún momento a situación agrávase e xa é dramática, pero a situación é permanente, co cal medidas para esas situacións puntuais, protocolos para situacións puntuais, pero do que se trata no groso da moción que presentamos hoxe é de medidas estruturais permanentes, porque os problemas das urxencias xa son permanentes, xa non é un tema puntual.

Por iso o que propoñemos é proceder de inmediato a subsanar os déficits de persoal e a corrección das deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas, denunciados sistematicamente polo persoal que presta os seus servizos; que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que se dispoña, non cando xa se estea coa auga ao pescozo, non cando se chega pola mañá e haxa unha fila de camas de persoas agardando para ser ingresadas, senón permanentemente, que estean os recursos permanentemente operativos; que de xeito inmediato se abran as plantas de camas pechadas e bloqueadas; que estean permanentemente os recursos operativos; que non deriven doentes á sanidade privada; que non se fagan licitacións globais para a sanidade privada en tanto os recursos da pública estean pechados; dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial; eliminar a taxa de reposición e repórter o persoal eliminado e presentar un plan de estabilidade no emprego; e, dado que se acaba de facer un concurso de traslados onde aflorou que hai practicamente 6.000 prazas vacantes no Servizo Galego de Saúde, que se convoquen todas esas prazas e que se convertan en prazas estruturais; que todas esas prazas que están cubertas con persoal en precario, que non son prazas estruturais, que se saquen a concurso e que se convertan en prazas estruturais estables, que deixen de ser prazas en precario; e que se poña en marcha un plan de mellora da atención primaria.

Vostedes acaban de votar en contra da proposición de lei que trouxo aquí o BNG para poñer recursos para o plan de mellora de atención primaria. Son moitísimas as voces dos profesionais que reclaman que as urxencias teñen que solucionarse con recursos e con dotación de medios a atención primaria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Por iso traemos hoxe aquí esta moción, que reclama medidas estruturais para solucionar o problema das urxencias, porque —igual que acaba de comparecer a con—

selleira do Medio Rural e o problema dos incendios se soluciona no inverno— o problema das urxencias soluciónase con medidas estruturais, con recursos, con profesionais e con medios.

Por iso, agardo o voto favorable dos grupos desta Cámara a esta moción do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Eu, a verdade, pensei que viñamos falar nesta moción de urxencias, e basicamente de Ur-xencias do CHUS, ás que vostede nin se referiu, pero ben, trouxo aquí unha serie de novas e de datos sobre queixas nos servizos de urxencias e problemas dos servizos de urxencias; non sei se son actuais ou poderían ser do ano 2005, 2006, 2007, 2008 ou 2009. Eu, se quere, teño recortes, tantos como os que vostede ensinou aquí.

Falou tamén da folga de Monforte. Efectivamente, o Hospital de Monforte está en folga, pero quero recordar aquí que, por exemplo, hai tres sindicatos, que son CSIF, SATSE e CESM-Omega, que non están en folga. Entón, iso parece que se obvia ás veces.

Sorprendeume que falara vostede do incremento das cirurxías ambulatorias. ¿Moléstalle que se incrementen as cirurxías ambulatorias? Tampouco entendín moi ben por que. Porque falou aquí dunha protesta dun pediatra de Santiago, ou de pacientes oncolóxicos, ou de moitas cousas. Eu tamén podería traer cartas que están reflectidas na prensa. Saíu unha carta estes días dunha persoa da comarca da Mariña, do Hospital da Costa, agradecendo publicamente o trato que se lle deu por parte dos profesionais e do sistema en canto a oncoloxía, ao hospital de oncoloxía de atención a domicilio.

Eu creo que falou de demoras de ingresos. Sabe vostede que as demoras de ingreso dependen doutras moitas cousas.

Bueno, aquí o que é certo é que un grupo de traballadores do CHUS nos fixo chegar unha serie de demandas, é un grupo que abarcaba as categorías de persoal de enfermería e de técnicos de coidados, auxiliares de enfermería e de celadores, en relación co funcionamento das carencias de persoal e material que eles referían.

Tamén falaba esta xente que había situacións de mala relación entre colectivos, como algún colectivo como o dos médicos, ou incluso que tamén había unha desconformidade co nomeamento dunha persoa que se puxera como supervisora de Urxencias. Tamén se queixaban do trato da Xerencia, que naquel momento aínda non os recibira, aínda que despois sabemos

que si, e facían unha serie de exixencias mínimas e innegociables, «mínimas e innegociables». Eu creo que, dende logo, a miña desconformidade, que eu lle manifestei, foi que «mínimas e innegociables» non é con intención de negociar. Pedían unha praza de celador, catro de enfermería e tres de técnico auxiliar, e unha serie de material e aparataxe, e facían unha comparación sorprendente co número do persoal que había en Santiago, en Vigo e na Coruña. Creo que as áreas de Vigo e A Coruña, tanto en extensión como en número de habitantes, son francamente dificilmente comparables coa área de Santiago.

Tampouco estaban desconformes cun novo modelo de funcionamento de traballo en Urxencias, que lle viña de propoñer a Xerencia, e afirmouse aquí nun momento determinado que as ratios de pacientes do CHUS son superiores ás indicadas polas sociedades científicas, neste caso dun servizo de urxencias, como podería ser doutro calquera de Galicia, porque este, realmente, é o que ten máis protestas.

Bueno, pois as sociedades, a SEMES e a ACEP americana, falan de que son tolerables, ou están ben en marxes normais, ata 4.445 urxencias por facultativo, por médico. En Santiago está na media de 2.992, cunha ratio media de 13,6 atencións médicas por quenda de traballo, por turno ou por xornada de traballo.

Entón, bueno, pensamos que, efectivamente, hai cousas que ao mellor se poden mellorar, e cremos e temos presentado unha emenda neste sentido.

Urxencias funciona moito mellor co sistema de triaxe, non entra antes en Urxencias o que chega antes, senón que entra antes o que é máis urxente; creo que iso foi un cambio de paradigma que os profesionais e os cidadáns agradecemos. Aquí o conselleiro na interpelación explicou un pouco o que eran as alas, as boxes, o material, os sillóns etc., etc., etc. E comprometía o reforzo segundo as necesidades por parte da Xerencia, e tamén da reposición do material, naquel caso, en función das necesidades.

Entón, ¿a nosa emenda de que vai? A nosa emenda di: «Solicitar da consellería a dotación de profesionais e medios materiais para garantir a correcta asistencia das persoas que acoden aos distintos servizos de urxencias dos hospitais galegos, reforzando, ademais, o persoal en circunstancias de incremento da demanda, de acordo cos respectivos plans de continxencia.».

Nós instamos os grupos a aceptar esta emenda e a amosar que, realmente, están preocupados polos cidadáns e polos problemas das urxencias, e isto non é para seguir a campaña de desgaste ou para deostar, constantemente, o Sistema sanitario público galego.

Con respecto aos seguintes puntos, pois bueno, as medidas de planificación e reforzo xa foron explicadas polo conselleiro neste hemicycle, os protocolos de actuación para picos existenciais son elaborados cada ano polas distintas xerencias, as unidades de hospitalización están sempre abertas, habílanse ou deshabílanse camas en calquera momento en función das necesidades.

O seguinte punto de dimensionamento das plantillas pensamos que vai contemplado na nosa emenda, e o plan de estabilidade foi asinado no ano 2017, comprometéndose a consellería a reducir ata o 5 % a eventualidade. É certo que a CIG non asinou ese plan de estabilidade,

asinárono CEMS, Omega, Satse e CSIF; a CIG non o asinou, e por iso ao mellor hai que elaborar un novo plan de estabilidade.

Pola miña parte nada máis, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bueno, imos falar de sanidade. A ver se se calma un pouco o ánimo, antes falamos de pensións e parece que se acendeu un pouco. Sanidade, sanidade pública implantada a través da Lei xeral do ano 1986, dun goberno socialista, espero non ter que traer a lei aquí e deixarlle ao presidente tamén. (*Aplausos.*) Por certo, que cando falamos das pensións polo menos non ocorreu o que coa sanidade pública, que o Partido Popular votou en contra. Dígoo porque despois se escoitan aquí algúns discursos sobre o complexo e a historia dos partidos. Eu creo que hai algún partido na Cámara que está algo acomplexado coa súa orixe e a súa historia, dende logo non somos os socialistas, jeh! (*Aplausos.*) ¡Dende logo que non! Cada un saberá de onde vén e se se sente orgulloso diso ou non.

Nós imos apoiar esta moción, cremos que o BNG plantexa unha moción moi completa, moi ampla, pero cremos que todos os puntos teñen un sentido bastante lóxico, e antes dicía a vooceira de En Marea, na moción anterior sobre sanidade, que lle fixeron un *tour* estilo Labordeta en «*Un país en la mochila*». A nós, na última iniciativa que trouxemos sobre unha cuestión de urxencias, acabáronnos falándonos do Instituto Karolinska de Suecia. A nós tocounos un pouco Willy Fog e *La vuelta al mundo en ochenta días*. (*Aplausos.*) Foi máis ou menos algo parecido, ao final a historia é non falar do que está pasando aquí, que antes existía aquel mantra de que «falen os profesionais». O que pasa é que o PP, agora, cando lle falan os profesionais prefire falar do Instituto Karolinska, porque, claro, cando lle falan os profesionais sácanlle as cores.

Pero bueno, ese debate xa o PP o terá consigo mesmo, sobre cando lle valen os profesionais e que profesionais lle valen e cales non, porque ao final debe de ser que os profesionais son bos en función de a quen votan, segundo para cada partido.

Nós cremos que, esencialmente, este problema está ben apuntado nesta moción, e para nós, esencialmente, ten un problema que é estrutural do sistema sanitario, que é un problema de persoal. Esta sanidade que temos en Galicia —que se sostén grazas aos profesionais, por iso esas cartas dos usuarios, por iso os constantes agradecementos que teñen os profesionais no sistema— sostense grazas aos profesionais e a pesar dos dirixentes, que ultimamente, ademais, non fan máis que encontrarse con que os profesionais lles están lavando a cara, porque non saben exactamente moi ben para onde lles están indo os tiros.

Pero este problema de persoal afecta todos os sistemas, tamén o das urxencias, porque hai un problema que explota en Urxencias, pero que non é esencialmente de Urxencias. Hai algúns casos onde é máis grave, por exemplo, si, en Santiago, que é un dos servizos de ur-

xencias. Dígoo porque vou falar en xeral, porque algún voceiro parece que viña preparado a dar a réplica de Santiago; eu prometo que busquei, busquei e busquei e na moción non hai nada sobre o CHUS. Dígoo porque é importante, cando se traen as réplicas escritas, polo menos replicar ao que lle están proponendo a un.

Pero, en fin, eu entendo que o PP ultimamente na sanidade está tendo un problema de axuste, e igual o PP non quere falar moito do que pasa no CHUS ou do que din algúns profesionais do CHUS, debe de ser que non lle está convencendo de todo.

Pero nós si defendemos que hai un problema en Urxencias que non é especificamente de Urxencias, que explota alí, aínda que algunhas, como o caso do CHUS, si que teñen un grave problema de recursos, porque ademais de todos os problemas engadidos ten un problema propio no propio servizo, de falta de recursos materiais e humanos, esencialmente humanos. Esta é a sanidade galega, a que os usuarios cualifican coma unha das tres peores de España, en función, basicamente, non de atención primaria, senón, fundamentalmente, de atención hospitalaria, e ademais, fundamentalmente, polas listas de espera, que os usuarios —que si son bastante intelixentes— achacan a que falta persoal.

Basicamente hai un problema con esta sanidade, porque temos un 25 % de temporalidade nos profesionais sanitarios do sistema. Un de cada catro cun contrato temporal, e iso é difícilmente sostible, porque gastamos 400 millóns de euros ao ano en pagar eventualidades, porque cando van os profesionais dos PAC a reunirse ou a escoitar, ou a intentar falar cos dirixentes da consellería, os botan das salas. Porque cando hai unha folga, como pasa en Monforte, os servizos mínimos son superiores aos que hai un día que non hai folga, e os profesionais do sistema sanitario cando se poñen de folga teñen que traballar máis por servizos mínimos que cando non o están. ¡Paradoxal!

¿Como vai funcionar o sistema así? Pois é moi difícil. E logo ocorre que se traen plantexamentos aquí sobre melloras en termos de persoal, e o PP rise das propostas, como pasou coa OPE do 2017, que logo se aprobou, como pasou coa proposta basicamente referida en todo canto debate houbo da Lei de saúde, de que era posible modificar e traballar para que os profesionais si puideran ir aos hospitais comarcais, bonificando, tendo un traballo sobre o pago extraordinario, ou a bonificación en termos de puntos para as promocións internas. Vostede ríase, e agora vaino adaptar.

Como pasou, basicamente, coas prazas de universidade, onde se dixo de todo, pero nunca se dixo se se aceptaría ou non, e fíxose o que dixemos os socialistas, retomáronse as 360 prazas en universidade.

Ao final o PP, ultimamente, está facendo moito isto de dar marcha atrás, dá unha opinión e despois dá marcha atrás. (*Aplausos.*) Polo tanto, nós temos un problema, porque a ver se vai ser que é necesario que atendan bastante ás cousas de entrada e non perdemos o tempo que tardan en rectificar. Sería moito máis interesante.

En todo caso, nós seguimos defendendo que hai un problema de persoal na sanidade pública grave, que necesitamos máis persoal, necesitamos máis estabilidade, e iso contribuirá a mellorar os servizos. Se en xeral melloran os servizos, sobre todo mellorará tamén o Servizo de

Urxencias, porque o caso que se puxo aquí é paradigmático. Se hai problemas en todo o servizo, particularmente tamén en atención primaria, os cidadáns non son quen de estar exixindo ou revisando os orzamentos cando teñen un neno enfermo que vai a un centro de saúde, o que queren é que se resolva o problema. E irán, por tanto, ás urxencias hospitalarias.

E nós temos unha consellería que en vez de repoñer persoal, e facer que ese servizo estea mellor atendido, o que fai é botarlles a culpa e reñerlles aos cidadáns. Poñamos máis persoal e deamos a oportunidade de que este sistema funcione todo o ben que pode funcionar; xa sabemos que vostedes votaron en contra sempre que puideron de facer isto, e que non lles gusta o sistema público, pero a todos os demais que nos gusta necesitamos que poñan máis persoal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois, efectivamente, seguimos sen que exista acordo das Urxencias do Clínico, e hoxe o grupo propoñente fala, en xeral, do global das urxencias, porque, desgraciadamente, os problemas son globais na totalidade do Servizo Galego de Saúde, a pesar de que é certo que no CHUS hai un problema específico que xa temos tratado e que discutimos na Comisión 5ª a pasada semana.

E hoxe é xusto o día no que —como dicíamos anteriormente— os profesionais no hospital público de Monforte teñen que iniciar unha folga indefinida ante os oídos xordos do Servizo Galego de Saúde, e esta é a tónica xeral no Servizo Galego de Saúde, que esa falla de persoal, esas demandas dos profesionais non se escoitan en ningún momento, e temos en Urxencias unha multicasualidade, que temos definido e tratado aquí en múltiples ocasións, e á que agora o voceiro do Partido Socialista facía referencia unha vez máis, que motiva ese proceso de saturación continua, cronificada —porque, evidentemente, cada vez é máis a miúdo—, e que ten esa multicasualidade unha orixe diversa.

Unha xa se apuntou por parte da propoñente tamén aquí, no que ten que ver coa atención primaria, a situación dos centros de saúde con moitos problemas derivados da non substitución e da amortización de prazas. Hai problemas en Rianxo, nas Pontes, en Cambre, en Sanxenxo, en Tui, a lista é interminable e vémolos continuamente na Comisión 5ª —de Sanidade e Política Social—, os problemas que hai en atención especializada, fundamentalmente en hospitalización, pola ausencia de persoal —tamén por esas non substitucións— e esa amortización de prazas nas unidades de hospitalización, que fai que sexa máis complexo subir os doentes e as doentes que teñen xa indicada por parte dos médicos de Urxencias unha hospitalización, pero que non soben do Servizo de Urxencias, acumulándose nos corredores.

E, en terceiro lugar, os propios servizos de urxencias, como neste e noutros casos nos que hai carencias estruturais de profesionais, de persoal, que non son cubertas, e por iso non hai acordo, e por iso na Comisión 5ª non houbo acordo, porque o que se necesita non son reforzos

puntuais. Evidentemente, pode haber un día no que se necesite un reforzo, claro que si, para iso están as xerencias e os directores e directoras de enfermería, en xeral, para cubrir eses reforzos. Pero neste caso, e en xeral, o que hai é unha carencia estrutural de profesionais nos servizos, que fan que de maneira habitual non sexan suficientes os profesionais, fundamentalmente neste caso, e fixemos referencia en enfermería, en auxiliares de enfermería, en celadores e celadoras, e parece que ao Partido Popular non lle gusta a comparación co hospital de Vigo ou co da Coruña. Bueno, teñen unha casuística que pode ser distinta, pero cun volume de traballo semellante, e por iso se fai, evidentemente, a comparativa.

E criticaba, non sei se foi na comisión ou no pasado pleno, que se fixesen —creo que foi na comisión— unha serie de reclamacións que se dicían que eran innegociables. Son innegociables porque son as mínimas, porque o que lle están pedindo xa é o minimísimo, un celador polas noites, un auxiliar de enfermería na quenda de mañá, un auxiliar de enfermería na quenda de noite; os mínimos que necesitan para cubrir a cantidade de traballo que hai e que non se dá cuberto cos profesionais que teñen existentes. Esa é a realidade, que xa están nunha situación tan desesperada no caso de Santiago de Compostela que están solicitando os mínimos.

E xa lles trasladamos que non é real, non é verdade, que os profesionais sexan suficientes e que os casos se estean atendendo en tempo e forma; dino os profesionais médicos, neste caso do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, e dan os datos, e vólvoos traer hoxe porque nolos deron, e trasladámoslos na Comisión de Sanidade.

Nos niveis 5 e 4, que son os menos graves e que en teoría teñen que atenderse entre 2 horas e 4 horas nos menos graves, realmente, o que se debería estar atendendo sería un paciente cada 20 minutos —21 nunha quenda de 7 horas—, pero a realidade é que se supera esa cifra e entramos nunha horquilla de ata 30 doentes. Son os datos dos profesionais.

No caso dos niveis 3 e 2 —os niveis máis graves, sobre todo no caso do 2—, iso tense que reducir, e como moito poderían ver 10 pacientes nunha quenda de 7 horas, segundo os propios datos da Consellería. A realidade é que se ven entre 13 e 17 e a realidade é que o tempo de espera non se restrinxe só ata que pasan polo filtro ou os ve un médico ou unha médica de Urgencias, o tempo de espera e o resto do tempo que pasa sen que se canalice, tamén. E eses doentes que teñen unha indicación dunha hospitalización e iso non se produce permanecen nos corredores. O que nos din os profesionais médicos é que —léoo literal—: «...pese á denuncia en Fiscalía, continúan acumulando doentes graves nos corredores», co que temos novos desenlaces fatais. Isto é unha realidade. Non se está atendendo. É imprescindible que se tomen medidas de carácter urxente.

E remato xa. Dínllelo os profesionais de todas as categorías, non hai división neste sentido, e teñen que tomar algún tipo de medida.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Señor Núñez Centeno, vimos falar da moción que está rexistrada por escrito, o que pasa é que vostedes seguen o seu manual de estilo, o manual de estilo do Partido Popular, que é que dá igual o que se formule ou o que se pregunte que vostedes usan a demagogia, a hipocrisía e a falsidade continua. Falan de diálogo, cando despois, *rien de rien*, non o fan aquí, non o fan cos profesionais e actúan como actuou onte o conselleiro cos profesionais dos PAC de atención primaria: botalos fóra, non permitirlles falar e non falar con eles. (*Aplausos.*) Esa é a actuación que fan vostedes. (*Aplausos.*)

¿Cales son os problemas das Urgencias? Falamos nesta moción dos problemas das Urgencias. Falamos aquí largo e tendido dos problemas do CHUS, e vostedes non quixeron escoitalos. Os problemas do CHUS son os mesmos problemas que teñen o resto dos servizos de Urgencias: falta de persoal, falta de medios e que hai un aumento das patoloxías en Urgencias... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, un aumento das patoloxías polo que antes lles expliquei. Vostedes non queren escoitar: folga do persoal de mantemento en Ourense de máis de 55 días, non os escoitan; folga no hospital de Monforte, oídos xordos; Fiscalía no CHUS, oídos xordos; Xulgado no CHUAC, oídos xordos; denuncias en prensa no HULA, oídos xordos; denuncias por activa e por pasiva... Vostedes non queren escoitar a ninguén, están subidos na prepotencia e na chulería de que só vostedes teñen a razón. (*Aplausos.*) ¡Prepotencia e chulería! O único obxectivo que teñen é impoñer o seu relato de que todo está ben, de que non hai problemas na sanidade pública do noso país. É a única preocupación que teñen, impoñer ese relato; dálles igual o sufrimento das persoas, dálles igual a frustración dos profesionais e das profesionais, dálles absolutamente igual a súa impotencia, a situación de inseguridade na que van traballar todos os días. Dálles absolutamente igual.

Hoxe trouxemos aquí unha moción para insistir en que estamos diante dun problema estrutural que non se soluciona con parches. Nalgún momento terán que parar e darse conta de que teñen que rectificar, porque vai facer *crack* o sistema —e vostedes sábeno—. Cando se produza un problema grave, botarán as mans á cabeza e buscarán algún cabeza de turco para botarlle a culpa, algún profesional a quen botarlle a culpa, e vostedes quixerán quedar exentos de ningún tipo de responsabilidade. Buscarán a algún profesional, a algún que pase por alí, a quen responsabilizar, pero os responsables teñen nomes e apelidos: a política sanitaria do Partido Popular, empezando polo presidente Núñez Feijóo, seguindo polo conselleiro e por vostedes, que levantan a man apoiando as súas políticas..., (*Murmurios.*) por vostedes, que levantan a man... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora PRADO CORES: ...apoiando as súas políticas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora PRADO CORES: ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora PRADO CORES: Non.

Se o Partido Popular nesa emenda está disposto a poñer: dotar de recursos e sentarse en mesa sectorial a negociar coas organizacións sindicais prazos... *(Murmurios.)* ¡Claro! Se que-
ren negociar prazos e números... *(Murmurios.)* ¡Claro!, home, é que foguetes e fume, como
comprenderán... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa está iso. A emenda di o que di.

Grazas.

Remataron o debate. Procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor. Imos votar as mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea,
por iniciativa de dona Eva Solla. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fer-
nández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación de
atención sanitaria no Sergas na área de xestión sanitaria da Coruña.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado ese texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de
dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non sei cal é a opinión sobre as emendas.

¿Acepta as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e de En Marea? *(A señora Rodríguez
Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non? *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia pa-
labras que non se perciben.)*

¿Acepta vostede a votación separada do terceiro punto? *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia
palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio.

Comezamos votando o terceiro punto desta moción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos.

Votación do punto 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra, 36; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 da moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos, entón, o resto dos puntos da moción.*

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 3, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 36.


O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e dous minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25